



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 37

V lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 27 de outubro de 1998

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

Punto 1.º.- Textos lexislativos:

- Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, formulada polo G.P. Mixto, sobre a regulación da interrupción voluntaria do embarazo (núm. 3.829).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 104, do 6-6-1998.

- Debate de toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma do artigo 65 da Lei 6/1993, de pesca de Galicia (núm. 4.073).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 115, do 24-6-1998.

Punto 2.º.- Mocións:

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xesús Vega Buxán, sobre as medidas que debe adoptar-lo Goberno galego respecto do desemprego existente en Galicia (núm. 5.431. Interpelación núm. 3.418).

Publicación da interpelación: BOPG núm. 91, do 20-5-1998. Debate da interpelación: 30-9-1998. DSPG núm. 34, do 30-9-1998. Publicación da moción: BOPG núm. 158, do 9-10-1998.

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa

de D. Manuel Veiga Pombo, sobre a adopción de medidas polo Goberno galego para a adaptación das entidades locais á Lei 5/1997, da Administración local de Galicia, e para o desenvolvemento desta (núm. 5.442. Interpelación núm. 2.337).

Publicación da interpelación: BOPG núm. 65, do 3-4-1998. Debate da interpelación: 30-9-1998. DSPG núm. 34, do 30-9-1998. Publicación da moción: BOPG núm. 158, do 9-10-1998.

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Javier Losada de Azpiazu, sobre a actuación que se debe levar a cabo respecto da decisión de Iberia de suprimir voos nos tres aeroportos galegos (núm. 5.471. Interpelación núm. 2.565).

Publicación da interpelación: BOPG núm. 70, do 11-4-1998. Debate da interpelación: 30-9-1998. DSPG núm. 34, do 30-9-1998. Publicación da moción: BOPG núm. 158, do 9-10-1998.

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que se deben adoptar para solucionar-la crise na que se atopa a flota do cerco (núm. 5.472. Interpelación núm. 4.436).

Publicación da interpelación: BOPG núm. 131, do 27-8-1998. Debate da interpelación: 30-9-1998. DSPG núm. 34, do 30-9-1998. Publicación da moción: BOPG núm. 158, do 9-10-1998.

Punto 3.º.- Propositions non de lei:

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Bieito Lobeira Domínguez e D. Francisco Trigo Durán, sobre as transferencias do Instituto Español de Oceanografía (número. 4.564).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 133, do 9-9-1998.

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Francisco Sineiro García, sobre a presentación e o debate no Parlamento dun estudo e do correspondente plan de medidas e propostas da Xunta de Galicia respecto do impacto das propostas de regulamentos da Comisión Europea na agricultura galega (número. 4.631).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 135, do 11-9-1998.

Punto 4.º.- Interpelacións:

- De D. Antón Louro Goyanes, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración e os datos do Goberno galego respecto da execución do Plan Galicia para o marisqueo a pé (número. 3.005).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 79, do 28-4-1998.

- De D. Xosé Díaz Díaz, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que vai desenvolver-la Xunta de Galicia respecto do chamado plan de futuro da Empresa Nacional Bazán (número. 5.273).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 154, do 5-10-1998.

- De D. Francisco Trigo Durán e D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións da Xunta de Galicia e do seu presidente en relación co acordo do Consello de Ministros referente ás obras hidráulicas de interese xeral no que non se inclúe a Galicia (número. 5.361).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 155, do 6-10-1998.

Punto 5.º.- Preguntas orais:

- De D. Xosé Manuel Pazos Varela, do G.P. Mixto, sobre a posición do Goberno galego respecto da situación creada pola detención do ex dictador de Chile Augusto Pinochet (número. 5.611).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 169, do 23-10-1998.

- De D. Emilio Pérez Touriño e tres deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posición do Goberno galego respecto da detención do ex dictador de Chile Augusto Pinochet e a posible actuación xudicial internacional (número. 5.629).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 169, do 23-10-1998.

- De D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as accións emprendidas polo Goberno galego na defensa do emprego nas sociedades mixtas do sector pesqueiro (número. 5.157).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 149, do 29-9-1998.

- De D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do Goberno galego para discrimina-lo Plan de xestión de residuos sólidos urbanos da comarca do Morrazo (número. 5.158).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 149, do 29-9-1998.

- De D.ª María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a rendibilidade social da divulgación polo organismo autónomo Augas de Galicia do saneamento integral da ría de Vigo (número. 5.262).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 154, do 5-10-1998.

- De D. Xosé Henrique Tello León, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o emisario de Bens, na cidade da Coruña (número. 5.277).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 155, do 6-10-1998.

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, formulada polo G.P. Mixto, sobre a regulación da interrupción voluntaria do embarazo. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor secretario da Mesa (Pedrosa Vicente) le o criterio da Xunta. (Páx. 2.534)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Guerreiro Carreiras (Mx.). (Páx. 2.534)*

Rolda de grupos para fixar posicións: *Sr. Méndez Romeu (S) (Páx. 2.537), Sra. Álvarez Blanco (BNG) (Páx. 2.539) e Sra. Madarro González (P). (Páx. 2.541)*

Rolda de réplica: *Sr. Guerreiro Carreiras (Mx.). (Páx. 2.543)*

Votación da toma en consideración da proposición de lei: *rexeitada por 29 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 2.545)*

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma do artigo 65 da Lei 6/1993, de pesca de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Trigo Durán (BNG). (Páx. 2.545)*

Rolda de grupos para fixar posicións: *Sr. Pazos Varela (Mx.) (Páx. 2.548), Sr. Louro Goyanes (S) (Páx. 2.549) e Sr. Fernández Rosende (P). (Páx. 2.550)*

Rolda de réplica: *Sr. Trigo Durán (BNG). (Páx. 2.552)*

Votación da toma en consideración da proposición de lei: *rexeitada por 26 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención. (Páx. 2.553)*

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xesús Vega Buxán, sobre as medidas que debe adoptar-lo Goberno galego respecto do desemprego existente en Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación: *Sr. Vega Buxán (BNG). (Páx. 2.553)*

Rolda de grupos non emendantes: *Sr. Guerreiro Carreiras (Mx.) (Páx. 2.555), Sr. Casares Mourinho (S) (Páx. 2.556) e Sr. Rodríguez Pérez (P). (Páx. 2.558)*

Posición do presentante: *Sr. Vega Buxán (BNG). (Páx. 2.559)*

Votación da moción: *rexeitada por 29 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 2.560)*

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Manuel Veiga Pombo, sobre a adopción de medidas polo Goberno galego para a adaptación das entidades locais á Lei 5/1997, da Administración local de Galicia, e para o desenvolvemento desta. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación: *Sr. Veiga Pombo (S). (Páx. 2.561)*

Rolda de grupos non emendantes: *Sr. Suárez Canal (BNG) (Páx. 2.563) e Sr. Ruíz Rivas (P). (Páx. 2.565)*

Posición do presentante: Sr. *Veiga Pombo* (S). (Páx. 2.567)

Votación dos puntos 1 e 3 da moción: *rexeitados por 28 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 2.568)

Votación do punto 2 da moción: *rexeitado por 15 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 2.568)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Javier Losada de Azpiazu, sobre a actuación que se debe levar a cabo respecto da decisión de Iberia de suprimir voos nos tres aeroportos galegos. (Punto segundo da orde do día.)

O señor secretario (Pedrosa Vicente) le a emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de adición. (Páx. 2.569)

Presentación: Sr. *Losada de Azpiazu* (S). (Páx. 2.569)

Rolda de grupos emendantes: Sr. *Trigo Durán* (BNG). (Páx. 2.570)

Rolda de grupos non emendantes: Sr. *Casares González* (P). (Páx. 2.572)

Posición do presentante: Sr. *Losada de Azpiazu* (BNG). (Páx. 2.574)

Votación da moción: *aprobada por 63 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 2.575)

Suspéndese a sesión ás doce e dez minutos do mediodía e reiníciase ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que se deben adoptar para solucionar-la crise na que se atopa a flota do cerco. (Punto segundo da orde do día.)

O señor secretario (Pedrosa Vicente) le a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación do punto 12. (Páx. 2.576)

Presentación: Sr. *Trigo Durán* (BNG). (Páx. 2.577)

Rolda de grupos emendantes: Sr. *Louro Goyanes* (S). (Páx. 2.579)

Rolda de grupos non emendantes: Sr. *Pazos Varela* (Mx.) (Páx. 2.581) e Sr. *López Outeiral* (P). (Páx. 2.582)

Posición do grupo presentante: Sr. *Trigo Durán* (BNG), *que acepta a emenda como emenda de engádega.* (Páx. 2.584)

Votación da moción (coa incorporación da emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, que pasa a ser punto núm. 13): *rexeitada por 29 votos a favor, 35 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 2.587)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Bieito Lobeira Domínguez e D. Francisco Trigo Durán, sobre as transferencias do Instituto Español de Oceanografía. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación: Sr. *Lobeira Domínguez* (BNG). (Páx. 2.588)

Rolda de grupos non emendantes: Sr. *Pazos Varela* (Mx.) (Páx. 2.590), Sr. *Méndez Romeu* (S) (Páx. 2.591) e Sr. *Sotelo Villar* (P). (Páx. 2.593)

Posición do presentante: Sr. *Lobeira Domínguez* (BNG). (Páx. 2.595)

O señor presidente anuncia que a votación vai ser a man alzada. (Páx. 2.597)

Votación do punto 1 da proposición non de lei: *rexeitado por 17 votos a favor, 47 en contra e ningunha abstención. (Páx. 2.597)*

Votación do punto 2 da proposición non de lei: *rexeitado por 29 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención. (Páx. 2.597)*

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Francisco Sineiro García, sobre a presentación e o debate no Parlamento dun estudo e do correspondente plan de medidas e propostas da Xunta de Galicia respecto do impacto das propostas de regulamentos da Comisión Europea na agricultura galega. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación: *Sr. Sineiro García (S). (Páx. 2.597)*

Rolda de grupos non emendantes: *Sr. López Pérez (BNG) (Páx. 2.600) e Sr. Castro García (P). (Páx. 2.602)*

Posición do presentante: *Sr. Sineiro García (S). (Páx. 2.605)*

O señor presidente anuncia que a votación vai ser a man alzada. (Páx. 2.605)

Votación da proposición non de lei: *rexeitada por 26 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención. (Páx.)*

Interpelación de D. Antón Louro Goyanes, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración e os datos do Goberno galego respecto da execución do Plan Galicia para o marisqueo a pé. (Punto cuarto da orde do día.)

Exposición: *Sr. Louro Goyanes (S). (Páx. 2.605)*

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. (Páx. 2.608)*

Rolda de grupos para fixar posicións: *Sr. Trigo Durán (BNG). (Páx. 2.610)*

Réplica do autor: *Sr. Louro Goyanes (S). (Páx. 2.613)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. (Páx. 2.614)*

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e cinco minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado do vicepresidente primeiro e do secretario da Mesa, que é asistida polo letrado señor Caride Puente.

Ocupa o banco do Goberno o presidente da Xunta de Galicia, acompañado do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

O señor PRESIDENTE: Bos días, señoras e señores deputados.

Abrímo-la sesión. Non facémo-la lectura da orde do día, porque está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*.

O primeiro punto da orde do día é: textos lexislativos. Permítanme recordarlles que comuniquen ós seus compañeiros que cambiou o sistema de chamada; en vez do timbre clásico cambiamos a unha campá como a que se adoita utilizar nos aeroportos para dar avisos. Entón, cando oían iso é sinal de que hai que acudir a votar. Parece que non ten moito éxito, porque tivemos que esperar un pouco a que houbese quórum para empeza-la sesión. Pero xa se irán habituando.

DEBATE E TOMA EN CONSIDERACIÓN DA PROPOSICIÓN DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS, FORMULADA POLO G.P. MIXTO, SOBRE A REGULACIÓN E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO.

O señor PRESIDENTE: Dá lectura ó criterio da Xunta o señor secretario da Mesa.

O señor SECRETARIO DA MESA (Pedrosa Vicente): Moitas grazas.

"En relación co seu escrito, de data 9 de setembro, relativo á tramitación parlamentaria da Proposición de lei sobre a regulación da interrupción voluntaria do embarazo, e analizada a información ó respecto, maniféstolle que a Xunta de Galicia non se opón á devandita tramitación."

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor secretario.

Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Guerreiro Carreiras.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor presidente, señorías, a iniciativa que hoxe trae a debate Esquerda de Galicia sobre a interrupción voluntaria do embarazo insírese na continuada campaña das forzas progresistas —máis que campaña, batalla política— para regular de xeito adecuado o dereito á interrupción voluntaria do embarazo.

Trátase de aprobar una lei que recoñeza con claridade o dereito das mulleres a decidir sobre a súa maternidade. Houbo tres intentos recentemente, nos dous últimos anos, no Congreso dos Deputados: o 18 de xuño de 1996, o 24 de febreiro de 1998 e o 22 de setembro deste mesmo ano. Os tres resultaron fallidos, desgraciadamente. Ben é verdade que por un só voto na última ocasión, e sempre coa teimosa oposición retrógrada e reaccionaria do Partido Popular e dunha santa alianza cos xerarcas da Igrexa católica, que seguen a considera-las mulleres como cidadáns de segunda. Algúns deses xerarcas misóxinos non as consideran cidadáns de ningunha categoría. Esa é a realidade.

Son actitudes incomprensibles desde o punto de vista democrático, algunhas son claramente hipócritas e inadmisibles. Escoita-los nosos bispos clamar polo dereito á vida, polo problema das mulleres, cando logo non alzan a voz cando teñen malos tratos, cando son vexadas e humilladas, é unha cuestión que raia na hipocrísia máis inaceptable. Había que dicirlles a eles: son vostedes uns hipócritas, uns sepulcros branqueados.

Pero nós imos insistir, porque máis cedo que tarde imporase a razón. Porque, señores do PP e señores bispos, a realidade, aínda que a tiremos pola porta, acaba volvendo a entrar pola fiestra. Presentamos, pois, esta lei, esta proposición de lei, con contidos precisos e con obxectivos sociosanitarios tamén precisos.

¿Cales son os contidos da proposición de lei?

É inequivocamente unha lei de prazos. Recoñece e garante o dereito á maternidade consciente e, así mes-

mo, reconece o dereito de tódalas mulleres a interromper voluntariamente o embarazo.

Segundo. A interrupción voluntaria do embarazo poderase realizar libremente dentro das catorce primeiras semanas de xestación sempre que concorran determinadas circunstancias: que sexa solicitada voluntariamente nun centro acreditado e que a solicitante sexa informada polo persoal sanitario sobre as circunstancias do seu embarazo e as repercusións sobre embarazos sucesivos.

Igualmente, cando o embarazo sexa consecuencia dun feito constitutivo de delicto contra a liberdade sexual ou de reprodución asistida non consentida. E tamén cando, a xuízo da muller, a continuación do seu embarazo supoña un conflito persoal ou social que lle impida proseguir-lo dito embarazo.

Nestas ocasións poderase realizar libremente dentro das primeiras catorce semanas. É verdade que, se se toma en consideración a lei, e hai emendas —como xa vin—, ou tomas de posición, sobre as primeiras dezaseis semanas, este grupo, o grupo de Esquerda de Galicia, non tería ningún inconveniente en subilo prazo para estes catro supostos a dezaseis semanas.

En terceiro lugar, o prazo sería de vintedúas semanas, non de catorce nin de dezaseis, para facela interrupción do embarazo cando sexan previsibles malformacións físicas ou psíquicas do feto e ese pronóstico estea realizado por dous médicos especialistas.

E, en cuarto lugar, a interrupción poderá facerse durante todo o período do embarazo cando seguir con el implique grave perigo para a vida ou para a saúde da nai, da muller.

Estes dous últimos supostos terán a consideración de urxencia médica.

En quinto lugar, na proposición de lei regúlanse precisamente os centros públicos e privados autorizados para realiza-las intervencións de interrupción do embarazo, ou de aborto.

En sexto lugar, garántese a intimidade e o segredo profesional así como a elección de centro.

En sétimo lugar, regúlase a obxección de conciencia, se ben esta queda reducida exclusivamente ó feito do aborto, non ás atencións médicas que hai que prestar á muller antes ou despois da interrupción voluntaria do embarazo, ou do aborto.

E, finalmente, obrígase á Administración pública a garantir equipos sanitarios de interrupción do embarazo en toda a rede pública. É evidente que o dereito de obxección de conciencia é un dereito que hai que respectar, pero é un dereito individual. A Administración non pode obxectar, poden obxectar as persoas concretas, os médicos, os facultativos ou o persoal sanitario concreto; pero a Administración non pode obxectar, ten que cumprilas leis cando estas están dictadas.

No caso de Galicia isto é escandaloso, porque é evidente que, desde o noso punto de vista, só hai un médico na rede pública que practique os abortos nos supostos actuais da lei, da lexislación actual, non da lexislación da ampliación que nós propoñemos neste acto parlamentario. É evidente que só un médico o fai. Pero, é máis, despois das doce primeiras semanas de xestación, nin na pública nin na sanidade privada se poden facer abortos en Galicia. Hai que ir a centros especializados de Madrid ou doutras comunidades autónomas, porque despois dese prazo, de doce semanas de xestación, non se poden realizar en Galicia nin na sanidade pública nin na rede privada.

¿Que quere dicir isto? Que os señores do Partido Popular e do Goberno non só se opoñen teimuda, reiterada e pertinazmente a resolver un grave problema que teñen as nosas concidadás, senón que alí onde poden, mesmo pola vía dos feitos, desvirtúan a lei, impiden que se cumpra, non poñen as condicións políticas, administrativas e presupostarias para que iso poida realizarse para cumprila lei, que é a obriga de toda administración pública.

Estes son os contidos da proposición de lei que presentamos. ¿Que obxectivos perseguimos con esta proposición de lei?

Queremos resolver definitivamente un drama que está sen resolver ben, nin no terreo xurídico, nin político, nin social, nin sanitariamente. É un problema democrático xeral. Nunha sociedade plural, na que conviven distintas ideoloxías e distintos pensamentos, nunha sociedade dese tipo, ninguén está lexitimado,

nin grupo político, nin social, nin confesión relixiosa, para impoñer pola forza do dereito penal as súas conviccións ó conxunto da sociedade. Ou dito doutra maneira, señorías, a finais do século XX, nunha sociedade democrática e nun estado laico, ninguén pode pretender restablece-lo dereito canónico como dereito común. Direino en termos políticos máis comprensibles: esta pluralidade implica que hai moitas persoas de ideoloxía e ideas respectables que en ningún caso e baixo ningunha circunstancia interromperán voluntariamente o embarazo. Para nós iso merece todo o respecto político —escrupuloso respecto— para quen así pense. Pero é evidente que ó tempo hai que establece-las garantías xurídicas, as sociais, as económicas e sanitarias para que poidan proceder doutra maneira os que pensen de distinta maneira. En definitiva, os lexisladores temos que resolve-lo problema á marxe de crenzas ou opinións persoais.

Queremos cumprir tamén outro obxectivo: que se cumpran as recomendacións internacionais, dos organismos internacionais. A IV conferencia mundial das Nacións Unidas, en Pequín, en 1995, subscrita por España, insta a revisa-las lexislacións restrictivas e punitivas para as mulleres no terreo do aborto. O Parlamento Europeo, en declaración do 12 de marzo de 1990, afirma con claros datos que nos países onde existen unhas lexislacións represivas e penalizadoras o problema non deixa de producirse. Vostedes non resolven os problemas, señorías. Vostedes clandestinizan o problema causándolles graves riscos legais, civís e sanitarios ás nosas concidadás, ás mulleres que libremente deciden abortar ou teñen que abortar a pesar da restricción punitiva do Estado español.

Polo tanto, pola vía de non amplia-la Lei do aborto non se resolve nunca o problema; como no pasado, cando non había nin sequera a actual lei, as mulleres neste país tiñan que abortar, e facíano en condicións penosas poñendo en risco a súa liberdade, a súa seguridade e a súa saúde. Pero o problema non se resolvía. Vese que os señores do Partido Popular, coa súa dobre moral, en convivencia cos xerarcas máis reaccionarios da Igrexa católica, de recoñecida actitude misóxina, non resolven o problema, optan por clandestinizarlo problema e somete-las mulleres a todo tipo de tensión familiar, social, legal e sanitaria.

As opinións sobre o aborto, señorías, son e serán diferentes, pero unha cousa é o aborto, promover ou estar a favor do aborto, e outra cousa é estar a favor da penalización do aborto. Convén que dunha vez, ó menos cando votemos, todos saibamos e lle digamos á sociedade qué votamos. Nin nós estamos propoñendo unha lei abortista, nin estamos propoñendo promover ou aumenta-los casos de interrupción voluntaria do embarazo, nin vostedes están votando contra o aborto. Vostedes están votando a favor da penalización do aborto, que é unha cousa moi diferente. Xa digo, non se trata de favorecer-lo aborto nin de incrementa-lo número de interrupcións do embarazo, nin moito menos concibilo como unha técnica de planificación. Nada diso. Trátase simplemente de resolve-lo problema real con seriedade e tolerancia e tamén con xustiza social, señorías. ¿Quen son as que se ven permanentemente necesitadas habitualmente deses abortos? Pois as nais de familia numerosa, as mulleres soas, solteiras ou menores, e mesmo maltratadas. É dicir, os sectores máis débiles da sociedade, señorías. Polo tanto, desde o punto de vista democrático, pero tamén desde o punto de vista da xustiza social, hai que resolver este problema que atinxe anualmente a milleiros e milleiros de mulleres deste país, das nosas concidadás.

Digo isto porque seguramente moitos dos que se van opoñer hoxe á ampliación do aborto, cando teñen ese problema, téñeno resolto perfectamente, porque son sectores economicamente podentes. Resolven facilmente ese problema e seguen predicando moral neste país, que queren levar ademais ó dereito penal.

Tamén queremos nesta proposta converxer coas lexislacións máis avanzadas do noso ámbito. Creo que é evidente para todos vostedes, señorías, que a actual lexislación sobre esta materia nos sitúa na cola, no furgón de cola, das democracias europeas, xunto a Irlanda e a Portugal, as máis atrasadas neste terreo. Estamos lonxe da media europea e moi lonxe dos países nórdicos máis avanzados da Unión Europea. Polo tanto, tamén se trata de converxer en dereitos e liberdades, en tolerancia, amplitude e saúde da nosa democracia, cos países máis avanzados da Unión Europea.

Por último, o aborto, señorías, é un problema de saúde comunitaria. A súa legalización supuxo, nos países onde se produciu, unha notable diminución da

mortalidade materno-infantil. E, pola contra, onde se que con lexislacións restrictivas e penalizadoras, punitivas para a muller, clandestinízase o problema, aumenta a mortalidade, a inseguridade xurídica e a inseguridade sanitaria. Eses son os obxectivos que queremos conseguir con esta proposición de lei.

Remato.

Señorías, na xeografía civilizada, as evolucións lexislativas fanse lentamente, é verdade; pero fanse inexorabilmente para responder ós problemas que ten a sociedade. O noso país non pode ser unha excepción. A nós correspóndenos solucionar este grave problema coa única mentalidade posible, señorías, a de lexisladores da democracia.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Roldas a favor e en contra.

¿Grupos parlamentarios que queiran intervir?
(Pausa.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, señorías, agradézolle á deputada señora Salazar a súa renuncia a unha intervención rigorosa, como é habitual nela, en favor de que a expresión, a toma de posición do Grupo Socialista, rache dende o principio coa imaxe de que estamos diante dun debate que afecta exclusivamente ás mulleres, que estamos ante un debate importante para as mulleres e que, polo tanto, ten que ser debatido só pola metade das persoas implicadas. Porque, señorías, estamos diante dun debate que afecta a toda a sociedade e que afecta de maneira singular ás 50.000 persoas, neste caso mulleres, que están directamente afectadas cada ano no conxunto do Estado español, o que significa estatisticamente que en Galicia cada día, e tódolos días do ano, alomenos 10 mulleres están con esta problemática. Unha problemática na que sorprendentemente están alleas, non participan, aquelas outras persoas —esta vez persoas masculinas— que non participan na decisión, que non teñen nada que ver coas consecuencias e que, sobre todo, son alleas á criminalización. E este si que é o fondo da cuestión: a criminalización, a penalización,

dunha conducta. Unha criminalización que nos sitúa, con este debate, no punto fundamental, que é a extensión das liberdades. Porque, señorías, non cabe engano ningún. Estamos a falar dun tema que pertence á mesma caste de situacións á que pertence tamén a axuda ó suicidio —viamos aquí hai algún tempo o caso dramático de Ramón Sampedro—, á mesma caste de asuntos ós que pertence tamén o debate que axiña se dará nesta Cámara sobre a despenalización do consumo das drogas e, en xeral, que pertence a esa caste de situacións que os xuristas, os sociólogos e mesmo os tratadistas de ética chaman delitos sen vítima. Delitos nos que non existe vítima, nos que non hai prexuízo á sociedade, nos que non hai prexuízo a terceiros, que é o que ó final define o dereito positivo nos tempos actuais. Si, non se sorprendan, dixer: nos que non hai delitos a terceiros. E lembren vostedes a doutrina do Tribunal Constitucional na sentenza dictada hai xa anos sobre esta cuestión, na que se especifica claramente quen é suxeito de dereito no tema que nos ocupa.

Estamos, polo tanto, a falar dunha cuestión que entra de cheo no ámbito das liberdades públicas, e estamos a falar dunha cuestión na que desgraciadamente estamos a escoitar na sociedade ás veces moito ruído, ás veces mesmo imprecacións solemnes, ás veces mesmo ameazas inconcibibles que proveñen de sectores moi diversos, que proveñen, por exemplo, de sectores como son algunhas confesións relixiosas.

Fíxense vostedes na situación paradoxal: proveñen as acusacións de confesións relixiosas sostidas con fondos públicos en aplicación doutro principio das liberdades, o principio do dereito á liberdade relixiosa e a que esta liberdade relixiosa sexa sostida con fondos públicos. O que produce a situación paradoxal de que nesas confesións relixiosas se poden lanzar terribles anatemas contra as persoas, facer análises apocalípticas sobre as situacións políticas, e que, sen embargo, aquí non debemos entrar na súa análise; como non debemos entrar aquí nas análises que se produzan noutras tribunas de todo tipo, alleas ó obxectivo fundamental. O obxectivo fundamental aquí é defende-los dereitos das persoas que están en situación de perigo, os dereitos das persoas que están, sobre todo, sendo vulnerados por unha lexislación represiva que entra en cuestións de estrita índole persoal. Porque, señorías, non podemos esquecer que estamos a falar

de algo que no mercado privado, aquí, hoxe, nesta cidade ou en calquera cidade de Galicia, se pode resolver. Pódese resolver no mercado privado en Galicia e evidentemente a un custo proporcional ó risco engadido que existe pola penalización, e pódese resolver, por suposto, fóra do noso país, na propia Comunidade Europea, para aquelas persoas que teñan recursos dabondo.

Pero estamos a falar sobre todo dunha situación que castiga e que prexudica de xeito diferencial as persoas, as mulleres, que teñen, como sempre, motivos de exclusión polo sexo, pola idade —castiga máis as persoas máis novas— pola súa formación e sobre todo pola súa condición económica. Son as persoas sen condicións económicas suficientes, sen renda económica suficiente, as que non teñen acceso nin ós servizos de asesoramento nin, por suposto, ás solucións persoais, e que están condenadas a seguir vivindo nesa tradición das antigas relixións de occidente, que, como dicía Albert Camus, consiste fundamentalmente en que a vítima acepte o seu sacrificio, primeiro que sexa sacrificada e logo que acepte resignadamente ese sacrificio.

Estamos lonxe, evidentemente, das definicións que fixeron sempre os grandes liberais sobre en qué consisten os dereitos das persoas, a definición que fai por exemplo Stuart Mill hai cento cincuenta anos, cando considera e analiza que non se pode exercer ningunha constricción sobre as condutas individuais, nin sequera nos casos nos que sexan lesivas para o interese persoal de cada un, e que a única razón pola que pode haber constricción da liberdade é cando hai prexuízo á sociedade, e cando non existe ese prexuízo non pode haber esa restricción á liberdade. E aquí é onde nos atopamos hoxe, en Galicia e en España, nunha situación na que non está dabondo protexido ese dereito individual.

Señor Guerreiro, o noso grupo ten serias reservas co texto que vostede presenta, cremos que non están dabondo protexidos e considerados unha serie de supostos, nin estamos de acordo en cómo plantexa vostede os prazos, nin estamos de acordo en cómo se analiza a posibilidade de facer uso do sector privado —que cremos que debe ser máxima—, nin estamos de acordo en cómo se considera a obxección de conciencia —por certo, unha eiva importante no actual

sistema sanitario galego—. Non estamos de acordo nenas cousas pero estamos de acordo no fundamental, non pode continuar unha situación lesiva e inxusta no dereito comparado internacional para as mulleres españolas, para as mulleres galegas. Cómpre avanzar nunha reforma do Código penal. E non veñan, señorías do Partido Popular, se é posible, facer aquí un debate pedestre sobre o que se fixo na política de partidos hai un ano, dous, tres, catro... porque todos temos lido tódalas actas posibles de tódolos debates que se deron nos últimos anos. Trátase de adiantar, e de facelo sen medo á liberdade.

E permítanme neste caso, señoras deputadas do Grupo Popular, que lles faga unha consideración especial, porque vostedes, como outras moitas parlamentarias de moitos países, asinaron a Declaración de Pequín, unha declaración na que entre outras cousas se propón modifica-las lexislacións restrictivas neste campo. E vostedes teñen a responsabilidade de facelo agora. Vostedes probablemente, como outras moitas mulleres parlamentarias, son conscientes e sofren esa situación que se produce aínda en culturas afastadas de nós, nas que prácticas de iniciación á vida adulta implican bárbaras mutilacións, nas que se producen explotacións das menores no traballo ou noutras prácticas que non é o caso relatar. Pero vostedes teñen, á marxe dese sentimento de solidariedade colectiva, a responsabilidade de, co seu voto, modifica-la situación que afecta, non ás mulleres de lonxe, senón ás mulleres de aquí, ás mulleres que aquí, sen razóns xurídicas ningunhas, sen razóns que resistan unha análise á luz dos principios das liberdades, sen esas razóns, están sen embargo compelidas a un estatuto de mulleres dependentes, de mulleres que non poden facer uso da súa propia individualidade, que non poden facer uso da súa propia liberdade. E facer uso desa liberdade significa ó final, como tamén dicía Stuart Mill, recoñecer que en cada persoa, no seu corpo e no seu espírito, o individuo é absolutamente soberano e que ningún poder público, ningún poder político, pode ter aí unha intromisión lexitimada en ningunha caste de principios. Esta é, pois, señoras deputadas do Grupo Popular, para vostedes especialmente, a responsabilidade que teñen aquí neste debate.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos nos escanos do G.P. dos Socialistas de Galicia.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Méndez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Álvarez Blanco.

A señora ÁLVAREZ BLANCO: Bos días, señoras deputadas, señores deputados, traemos hoxe aquí a toma en consideración desta proposición de lei sobre a regulación da interrupción do embarazo. Eu xa vou adiantar o voto afirmativo do Bloque Nacionalista Galego a esta toma en consideración sen entrar nos aspectos do regulamento articulado, que serían obxecto doutro debate.

Aínda que xa é coñecido o posicionamento do Partido Popular, posto que recentemente se debateron no Congreso dos Deputados catro iniciativas de forzas progresistas, entre elas unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, coñecemos tamén a agresiva e reaccionaria campaña que se orquestrou contra estas iniciativas, campaña non de ideas nin de argumentos, senón campaña de insultos e de descualificacións, tanto cara ás mulleres como cara a todos e todas as que pensan de forma diferente, incluídos os e as lexítimos representantes do pobo. Un reflexo da misoxinia tradicional e da intolerancia de certas persoas e de certas institucións.

Eu, de todas formas, na miña exposición tentarei dialogar e reflexionar serena e racionalmente, porque penso que o tema o merece. E aínda que hoxe non os convenza, penso en que, polo menos, estas reflexións axuden a que pensen sobre este tema para un futuro próximo.

A primeira reflexión é que cando unha minoría social manipula, tanto desde os púlpitos como na manifestación que se fixo diante do Congreso, levando nenos e nenas de colexios relixiosos, exercendo presión e coacción sobre os lexítimos representantes do pobo, tentando cambiar vontades e conseguíndoo, podemos preguntarnos qué democracia é esta na que vivimos.

“Son unha muller, teño os meus dereitos”, di unha campaña publicitaria da Consellería de Familia, Muller e Xuventude. —Por certo, boto en falta a pre-

sencia da señora conselleira.— Un dos primeirísimos dereitos que teñen e temos as mulleres é o dereito a decidir sobre o que afecta ao noso propio corpo. Vostedes, que din asumir e respectar os dereitos humanos —teño aquí unha nota de prensa na que se di que se vai conmemorar o 50º aniversario da Declaración dos dereitos humanos, e na que se di que aquí é onde máis se respectan, que vai ser unha campaña moi democrática, cívica, etc.—, vostedes, que din iso, teñen que saber que os dereitos específicos da mulleres están recoñecidos como dereitos humanos. Isto podería parecer unha obviedade, ¿verdade? Sen embargo, é sintomático que en toda conferencia que se fai sobre a muller —no ano 1993 a Conferencia de Viena, na recente Conferencia de Pequín, e estes días na entrega dos premios Príncipe de Asturias— hai que recordar que os dereitos das mulleres forman parte dos dereitos humanos, aínda que foron recoñecidos case douscentos anos máis tarde de que se fixeran os dereitos do cidadán na Revolución Francesa.

Pois ben, entre os dereitos humanos específicos das mulleres, inclúese, como dixen, o dereito a ter control sobre o seu propio corpo, sobre os asuntos relativos á súa sexualidade, incluída a súa saúde sexual e reproductiva e todo o que se refire a estes aspectos. Nesa Conferencia de Pequín, que vostedes subscribiron e que a señora conselleira louvou na prensa, faise textualmente o recoñecemento explícito e a reafirmación do dereito de todas as mulleres a controlar todos os aspectos da súa saúde, en particular a súa propia fecundidade. E fánelles unhas recomendacións aos estados para que revisen a súas leis sobre o aborto. Por tanto, señorías, a maternidade debe de ser desexada, consciente e responsable, e son as mulleres as que teñen que decidir se queren un embarazo ou, pola contra, interrompelo.

Dito isto —que creo que é fundamental— pois creo que hai que cualificar tamén outros aspectos do debate que vostedes mesturan coa intención de confundir a cidadanía. En primeiro lugar, xa existe unha lei de despenalización do aborto, unha lei parcial. Nós, no seu momento, xa dixemos que se perdera unha gran oportunidade de facer unha lei acorde coas que imperaban nos estados europeos, nos estados máis democráticos. Pero existe esa lei; polo tanto, non estamos debatendo aquí se aborto si ou aborto non, o que se está debatendo é se as mulleres teñen que ser

castigadas por interromper un embarazo, o que se está debatendo aquí é se esa lei, a do ano 1985, serve nestes momentos ou non.

Para o BNG, para as mulleres, e eu penso que para todas e todos os que defenden un posicionamento de despenalización do aborto, o aborto non é un método anticonceptivo. O aborto é un último recurso. As mulleres, señores e señoras, non queremos abortar. O aborto é un acto doloroso, un acto traumático para as mulleres, e soamente se recorre a el en última instancia, despois de meditalo moito e por circunstancias de moi diversa índole que as mulleres cada unha sabe. Por iso, nós, desde o BNG, vimos reclamando medidas para evitar que as mulleres teñan que chegar a esta situación: educación sexual; educación e información sobre métodos anticonceptivos, etc. Son vostedes os que se opuxeron aos métodos anticonceptivos. Recorden tamén aquela agresiva campaña. Non facilitan á xuventude información sobre estes temas. Non promocionan e mesmo deixan morrer os centros xoves. Son, polo tanto, vostedes responsables en grande medida de que moitas mulleres non teñan outro recurso que recorrer ao aborto en última instancia.

Outra cousa que hai que aclarar —porque parece que non se entende moi ben— é que ninguén está obrigado a abortar se non quere. Esta lei, a diferenza doutras leis, non obriga a ninguén. O que non queira facelo, porque atenta contra as súas conviccións relixiosas ou ideolóxicas, pois que non o faga. Pero o que non poden vostedes é obrigarlle a que outras persoas teñan as mesmas crenzas relixiosas ca vostedes e obrigarlle a que as mulleres teñan que manter un embarazo non desexado e que, se non, sexan castigadas polas súas crenzas relixiosas. Tratan de impoñer por estas crenzas sobre os lexisladores e lexisladoras, que teñen que esquecer as propias crenzas relixiosas, teñen que lexislar para unha sociedade máis xusta, teñen que dar solución ás demandas da sociedade. Teño que recordarlles que o Estado español é un estado aconfesional.

Agora vostedes opóñense a regularizar esta lei. Opuxéronse antes aos tres supostos, que parece ser que hoxe aceptan. Opuxéronse aos métodos anticonceptivos, que supoño que hoxe aceptarán. Opuxéronse ao divorcio. Hoxe hai divorciados e divorciadas no seu partido. O que pasa é que vostedes van a remol-

que da sociedade, cando non van, como o cangrexo, para atrás.

¿Por que nós defendemos que hai que modificar esta lei actual? Primeiro porque é unha lei restrictiva, só comparable á de Irlanda nas lexislacións da Unión Europea. Non se garante o dereito das mulleres a decidir libre e voluntariamente. Os tres supostos actuais dependen de axentes externos ás propias mulleres. O aborto segue a ser un delito. Recordemos as numerosas causas procesuais e penais que hai, non só sobre mulleres, senón tamén sobre profesionais, mesmo por cumprir a lei. Moitas veces denuncias de homes *despechados*, ex noivos, ex maridos, nunha mostra máis da violencia familiar exercida sobre as mulleres, que está amparada neste caso na inseguridade xurídica desta lei e que vostedes se negan a solucionar.

Isto xera inseguridade, xera medo nas mulleres e nos profesionais. Ten sido denunciada pola Asociación Madrileña de Saúde Mental a posición en que se atopan membros profesionais da psiquiatría, que se ven, por un lado, instados para que valoren un posible dano psíquico e, por outro lado, non son tidos en conta.

E non se garante o aborto dentro da sanidade pública —recoñecido polo propio conselleiro de Sanidade neste Parlamento—, unha mostra máis da hipocrísia social con que se toma este tema: mentres algúns médicos fan obxección de conciencia na sanidade pública, fan abortos nas clínicas privadas.

Señorías, temos que dar solución a unha necesidade que existe na nosa sociedade. Hai que regularizar unha realidade social, que non imos crear nós aprobando unha lei. Aínda que vostedes queiran pechar os ollos, a realidade existe, e só fai falta ver as estatísticas. As mulleres abortan no noso país igual que no resto dos países do mundo, cada vez máis. Dous tercios dos abortos non son dentro do aborto legal, un de cada tres abortos é de adolescentes, etc. Recorren ao aborto mulleres de todas as ideoloxías, mesmo da súa, señores do Partido Popular e señoras do Partido Popular. Cando se aprobou a lei do aborto en Inglaterra, no ano 1967, houbo peregrinacións de mulleres con recursos, pertencentes moitas delas á dereita deste país, pertencentes aos seus propios partidos, que acudían a Inglaterra. Tiñan recursos. Mentres que

outras mulleres sen recursos tiñan que facer abortos clandestinos coas consecuencias que todos coñecemos. Outra mostra máis da hipocrísia, da dobre moral coa que actúan vostedes neste tema.

Como hipocrísia é calar ante a constatación da violencia diaria contra as mulleres.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ÁLVAREZ BLANCO: Si, señor presidente.

¿Onde están as voces que berraban diante do Congreso dos Deputados cando se trata das mortes de mulleres a causa da violencia exercida contra elas?

Señorías, a despenalización do aborto é xa unha realidade nos países civilizados e democratas. ¿Onde está o sentido europeísta do Partido Popular? ¿Onde está esa viraxe ao centro do Partido Popular?

Nós non queremos —volvo repetir— que as mulleres teñan que abortar. O único que queremos despenalizando o aborto é regularizar unha situación que xa existe, e que as mulleres non sexan castigadas por iso.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ÁLVAREZ BLANCO: Si, señor presidente.

Que as mulleres sexan as que decidan. Queremos unha lei de prazos e a regulación da obxección de conciencia. O que queremos é que as mulleres que decidan interromper o seu embarazo o fagan coa cobertura sanitaria legal e nas mellores condicións.

Señores e señoras do Partido Popular, hoxe quizais se opoñan á toma en consideración desta proposición de lei, pero teñan por seguro que non lles quedará máis remedio, nun futuro máis próximo, que cambiar. A sociedade e as mulleres esixiránllo, estánllo xa a esixir. O malo é que, coa súa actitude inmovilista e retrógrada, no camiño quedan moitos traumas físicos e psíquicos e moitas mortes.

(Aplausos nos escanos do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.)

O señor PRESIDENTE: Gracias, señora Álvarez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Madarro González.

A señora MADARRO GONZÁLEZ: Señor presidente, señoras e señores deputados, proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados formulada polo Grupo Mixto sobre a regulación da interrupción voluntaria do embarazo. Iso é o que vimos debater aquí esta mañá, de presentar esta proposición perante o Congreso dos Deputados. Se foran capaces, señorías, de facer unha abstracción do tema que estamos a tratar, se estivesemos a tratar outro tema calquera, entenderían coherente, señoras e señores deputados, insta-lo Congreso dos Deputados para que debata unha proposta que foi debatida desde que o Grupo Popular ten a responsabilidade do Goberno —ese grupo que veta as iniciativas, ese grupo que pecha as posibilidades da oposición—, que foi debatida, señorías, desde o ano 1996 tres veces, ademais doutras de menor entidade, de menor calado, sobre este mesmo tema, que tamén foron debatidas e tratadas no Congreso dos Deputados?

Dicía o señor Guerreiro, e dicía ben, que o 18 de xuño de 1996, o 24 de febreiro de 1998 e o 22 de setembro de 1998, hai un mes e unha semana, foi tratado este tema, señorías. ¿Parécelles normal que o grupo maioritario apoie que novamente se inste o Congreso dos Deputados para trata-lo que xa foi tratado, para vota-lo que xa foi votado? Sinceramente a este grupo non lle parece que sexa procedente, sen entrar, como lles dicía, nin sequera no tema do que se trata. Esta sería unha valoración suficiente e unha coherencia suficiente do grupo maioritario para votar que non a esta iniciativa do Grupo Mixto.

Non é lóxico, señorías, presentar de maneira recorrente un debate que xa colleitou tres derrotas. Derrotas debidas incluso a ausencias dalgún deputado e significado socialista galego.

Acúsase tamén nos medios de comunicación, na prensa, de que se veta tamén no Parlamento galego tratar esta proposta. Señorías, a min paréceme que afirmacións deste tipo non fan senón desacreditar a aqueles que as levan a cabo. Esta proposta, señor Guerreiro, entra no Parlamento —data do Boletín— o 6 de xuño. Vostedes saben que hai unhas vacacións parlamentarias en xullo e agosto. Publícase o 6 de xu-

ño, señor deputado. Polo menos, é a data que ten o Boletín. Estamos a realiza-lo terceiro Pleno ordinario —houbo catro, pero un foi o debate do estado da Autonomía— e estamos tratando a súa proposta. ¿Este é un veto do Grupo Popular a trata-los temas? Acusacións infundadas, como lles dicía, coas que só perde credibilidade aquel que as fai.

Non lles vou negar —aínda que todo isto podería ser suficiente, como dicía, para deixar xa fixada a postura do Grupo Popular— que este é un debate, señorías, controvertido, complexo e controvertido, que tende a radicaliza-las posturas, e nunca é bo radicaliza-las posturas. E tende, ademais, a entrar na intimidade da conciencia e nas decisións máis íntimas, e permítanme esa redundancia.

Para nós, señor Guerreiro, señores deputados, o máximo respecto á discrepancia, o máximo respecto ós que pensan diferente a nós —sobre todo neste tipo de temas—, a máxima tolerancia ás opinións aínda cando sexan diferentes ás nosas, sen banalizacións, sen vir aquí falando de ausentes, sen vir aquí con matices confesionais que non son obxecto desta Cámara lexislativa, xa que, por outra banda, señor Guerreiro, os bispos están no seu dereito de defende-las súas crenzas e o seu pensamento, coa mesma forza, coa mesma coherencia e coa mesma vehemencia, se me permite, coa que defenden outros grupos as súas teorías e os seus preceptos. Non lles resten, señor Guerreiro e señorías da oposición, o dereito ós demais de pensar diferente a vostedes porque iso é atentar directamente contra o espírito da democracia. Sexan tolerantes da discrepancia, non miren soamente a intolerancia dos demais. Sexan capaces de mirarse no espello da súa propia intolerancia cos que pensan diferentemente a vostedes.

O Grupo Popular nunca ocultou, nin no seu programa electoral, nin no seu compromiso cos electores, o seu pensamento neste tema. Foi claro e conciso, sábeo toda a sociedade e esa sociedade referendou ó Grupo Popular e acabao de referendar en Galicia e tamén noutros ámbitos da política.

Non é soamente un debate político e social, é tamén un debate legal e constitucional que xa foi debidamente argumentado polos voceiros dos diferentes grupos e foi rexeitado nas Cortes Xerais. Nós enten-

demos, o Grupo Popular entende, que se as súas señorías teñen compromisos electorais con algúns grupos, están en todo o dereito de defendelos, o que non poden é impoñérno-lo seu criterio. Non poden esixírmolo ós que nin nos comprometemos programaticamente con esta ampliación nin cremos que exista, créanme, a demanda social maioritaria. Non é ir ó remolque da sociedade, señora deputada, é ir de maneira sincrónica con ela, en sintonía coa rúa, en sintonía co sentir da sociedade. Nós non lle ocultámo-lo que pensamos ó pobo, nin en España nin en Galicia. Saben cál é o noso compromiso programático neste tema. E esa é a maioría social.

Nós apostamos por un sistema legal que garanta a defensa da vida e que supoña unha protección efectiva, dado o carácter fundamental que a vida ten no noso ordenamento, como eixe de todo o noso sistema constitucional. Entendemos que esta proposición de lei non ten acomodo xurídico, señorías, nin constitucional. Carece de encaixe no noso ordenamento constitucional e invertiría o estatuto xurídico do dereito á vida.

Fixéronse alusións ó dereito comparado. Escoitámo-lo relatorio do que fan os demais países. Só un, señor Guerreiro, tería prazos superiores ós que vostede propón. Tamén é importante, señor Méndez, indubidablemente, atender ó que di o Tribunal Constitucional español, e esta proposición que hoxe se presenta aquí deixa de lado tódalas súas recomendacións, tódalas recomendacións que o Tribunal Constitucional fixo na aludida sentenza.

Nós non estamos de costas ó conflito que viven moitas mulleres. Por outra banda, hei de dicirlles que en Galicia afortunadamente estamos por baixo da media estatal, e sempre defenderémo-la máxima protección, a máxima información, o máximo apoio. E concordo co señor Méndez en que este non é un problema só de mulleres, é un problema de homes e mulleres, dunha paternidade responsable. Non pode ser xa a interrupción voluntaria do embarazo, ou aborto, un tema só da muller; ten que ser tamén do home, porque algún día terá que madurar e terá que facerse responsable da súa propia paternidade.

Agora ben, quizais haxa que facer reflexións, incrementa-las medidas. Aproveito para dicir sobre ese

Plan integral de apoio á familia que houbo grupos que hoxe defenden estas medidas que non o votaron no Congreso dos Deputados. Señora conselleira, desde aquí o Grupo Popular, en sintonía co seu pensamento e co seu traballo, señor conselleiro de Sanidade e tamén señor conselleiro de Interior, a todos eles: incrementar ó máximo as medidas de prevención, as medidas positivas —porque non cabe dúbida de que o aborto é un trauma, fálase de conflitos por parte de moitos grupos, o trauma e o conflito de abortar é un conflito moi considerable que marca as mulleres para o resto da súa traxectoria—; incrementar, como lles dicía, a información, incrementa-los apoios, integralo nos servizos de atención primaria. Toda a sociedade, responsablemente, ten que axudar a resolver este problema e ser capaces de atopar alternativas diferentes, alternativas positivas e alternativas que non sexan un delito, señor Méndez, que vostede recollía.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora MADARRO GONZÁLEZ: Vou rematar.

Fixéronse referencias ós profesionais da medicina, que me quedan sen tratar. E vou rematar, señor presidente, simplemente dicindo que nós entendemos que non é momento de plantexar esta ampliación, que foi votada e rexeitada. Esta iniciativa non é prudente volver presentala fronte ó Congreso dos Deputados para que debata outra vez o xa debatido e para que se vote o que xa foi votado.

Por outra banda, como lles dicía...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MADARRO GONZÁLEZ: ...—si, señor presidente—, o que se está votando aquí é a oportunidade de presentar esta lei perante o Congreso dos Deputados para o seu debate e votación. E iso, señoría, entendemos que xa foi realizado e precisamente non nos parece oportuno. E esa é a negativa, porque aquí non se está a debate-la lei de interrupción do embarazo, que se está a debate-la oportunidade de que sexa debatida no foro que tería competencia para modificar ese Código penal que, señor Méndez, modificou tres veces durante os trece anos. E será todo o pe-destre que vostede queira pero é unha realidade, aínda

que a vostede lle sexa incómoda —a vostede, non a todo o seu grupo, e iso saberíao o seu xefe de filas da Coruña—. Incómodo debate, pero modificouse o Código penal en tres ocasións ata o texto actual de 1995, e en ningún momento se segue tipificándoo aí como delito. Señor Méndez, non nos queira botar a nós, nun partido de ping-pong, as responsabilidades que vostedes e o seu grupo teñen. Que non sexa agora, baixo o Goberno do Grupo Popular, que ten moi claro o seu compromiso programático...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MADARRO GONZÁLEZ: ...cos cidadáns, cando se queira meter esta ampliación.

Perdoe, señor presidente, e moitas gracias.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Gracias, señora Madarro.

Réplica do autor.

Por parte do Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor presidente, señorías.

Señora Madarro, quero dicirlles, a vostede e ó seu grupo, que non se enfaden comigo se eu digo que a súa posición non só raia na hipocrísia, senón no cinismo. A vostede non hai quen a entenda. Voulle dar un dato que seguramente vostede descoñece. ¿Como é posible opoñerse a esta lei, señora Madarro, con abstractas declaracións á vida cando vostedes, que teñen o Goberno do Estado e a maioría suficiente, non cambian esta lei? ¿Por que non quitan a Lei do aborto? A filosofía que vostede explicou, reaccionaria, a concepción reaccionaria que vostede di da vida —porque vostede non me vai dar a min leccións de defensa da vida— obrigaría a vostede a propoñe-la derogación da lexislación vixente. Pero vou dicirlle algo máis, señora Madarro, o seu Grupo Parlamentario Popular no Congreso acaba de votar a favor da *píldora* abortiva, señora Madarro, que non prescribe nin causas nin tempo. ¿Por que se opoñen a isto se votaron a favor da RU 486, a *píldora* abortiva, señora Madarro, hai

quince días? ¿Que dereito á vida está defendendo vostede se acaba de votar a favor da *píldora* abortiva no Congreso dos Deputados?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Ah, ¿non é o mesmo? Vale, correcto, estupendo.

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, por favor.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Son vostedes uns cínicos políticos.

Señora Madarro, claro que houbo dereito a veto, claro que exerceron vostedes o intento de veto. ¿Que vén dicir vostede aquí, se tivo que existir na Xunta de Portavoces deste Parlamento un dictame xurídico para contradicila comunicación da Xunta de Galicia que vetaba este debate! ¿Que vén contar vostede aquí? ¿Que contos nos vén contar vostede aquí, neste Parlamento? Está aí, está rexistrado pola Mesa. Poden pasarlle rapidamente ese dictame.

Mire, eu creo que ultimamente no espacio centrista e reformista parece que hai *overbooking*, cando se trata de baixar ós temas concretos o voo está baleiro, hai prazas para todos. Do *overbooking* esquézanse vostedes. Cando hai que discuti-los temas reais da democracia do noso país acabouse o *overbooking*; o avión, baleiro, señora Madarro. E vostede non se presentou a tomalo. Agora si, declaracións de centrismo e reformismo progresista, todas as que fagan, menos cando hai que mollarse. Entónces o *overbooking*, baleiro, señora Madarro.

Di vostede que os bispos teñen dereito a intervir. Naturalmente que teñen dereito a opinar; a inmiscirse e a coacciona-lo poder político democrático, non. E vostede comprenderá que eu non teña moi en consideración a aquelas persoas que din defende-la vida e que no seu catecismo básico manteñen a pena de morte, señora Madarro. ¿Non comprende vostede que iso é inadmisíble en democracia?

Sobre a intimidade, ¿vostede cre que esta lei respecta a intimidade ou non, señora Madarro? ¿Que significa a intimidade para vostede, que podemos pensa-lo que queiramos pero que nunca se articule legalmente? A única lei que de verdade respecta a inti-

midade da muller é esta, ou unha similar a esta, naturalmente. Vostede cre que a intimidade, que as súas crenzas relixiosas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Outro progresista: o señor Cuíña. Seguro, outro bo, *(Risos.)* que tamén vai votar en contra.

¿Vostede cre que é posible en democracia, señora Madarro, que as súas confesións relixiosas ou morais as leve ó dereito penal? ¿Vostede cre que iso é de recibo, cando aquí se dixo ata a saciedade que unha lei deste tipo respecta escrupulosamente a conciencia e intimidade das mulleres que non queren abortar, que baixo ningún concepto ou circunstancia queren abortar? Hai pleno respecto do deputado, do grupo que lles fala e da lei que propón. Pero aquelas outras mulleres, señora Madarro, que teñen que abortar en condicións penosas, mesmo ilegais, poñendo en perigo a súa saúde, a vostede non lle preocupan. A vostedes iso non lles preocupa para nada. Esas que sigan arriscándose —como aquí se dixo nesta tribuna e noutras tribunas— a ir á cadea, a ser procesadas e logo indultadas, ou ben a ser rechazadas polo seu medio social, ou ben a arrisca-la súa saúde e a súa vida. Iso a vostede tráelle sen coidado.

¿Que terá que ver iso coa intimidade? Vostedes queren, se puideran —porque a maioría social non llelo permite, insisto—, volver situar como dereito común o dereito canónico. Ese é o problema, señora Madarro, ese é o problema de fondo.

Agora ben, despois, como tamén aquí se dixo, estou seguro de que moitos dos que representan vostedes, ou mesmo algúns dos que van votar en contra, cando teñen este problema, como teñen recursos, van a boas clínicas privadas dentro ou fóra deste país. Ese é o problema. A vostedes ¿sabe o que lles pasa, señora Madarro, coa súa moralina? Pásalles como ó Partido Conservador británico, que fixo unha gran campaña, unha extraordinaria campaña polas relacións matrimoniais de fidelidade, etc. E tódolos que colleron en aberrantes prácticas sexuais eran todos do Partido Conservador. Ese é o problema que lle pasa sempre á dereita, porque son vostedes uns hipócritas e uns cínicos, pero seguiremos adiante e acabaremos conseguindo a liberdade de abortar para aquelas persoas que o necesitan, para facer plenamente libres as nosas concidadas, con vostedes ou sen vostedes, por-

que somos demócratas e lexisladores democráticos, señora Madarro.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Procedemos a vota-la toma en consideración desta proposición de lei. Ocupen os seus escanos, señores deputados.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, a proposición de lei non é tomada en consideración.

DEBATE DE TOMA EN CONSIDERACIÓN DA PROPOSICIÓN DE LEI, FORMULADA POLO G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, DE REFORMA DO ARTIGO 65 DA LEI 6/1993, DE PESCA DE GALICIA.

O señor PRESIDENTE: Para a defensa desta proposición de lei, ten a palabra o señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente, señorías, a Lei de pesca de Galiza aprobada no ano 1993 plantexaba no seu artigo 65 a obrigatoriedade da toma dun seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros dos artefactos flotantes e, ao mesmo tempo, da toma dun seguro para o que sería o aseguramento —e valla a redundancia— das producións de todas as bateas existentes no país, das 3.565 bateas que neste momento se atopan fondeadas neste país.

Ó mesmo tempo, o apartado 2 do articulado da lei plantexaba tamén a obrigatoriedade, cada dez anos, por parte dos titulares das concesións e dos artefactos, da limpeza dos fondos que se atopasen debaixo do seu artefacto, arduo labor, por certo, que non sabemos cómo se poderá levar adiante.

O Bloque Nacionalista Galego durante estes últimos anos estivo a demandar a aparición dun seguro colectivo, dun seguro voluntario, e de que a conselle-

ría, xa que a lei plantexaba que debería poñer á disposición dos cultivadores, dos acuicultores, un seguro, axilizara os trámites.

Curiosamente a cuestión empezou a tomar forma parlamentaria a finais da anterior lexislatura. O Partido Popular, namentres, e o grupo de Goberno, a Xunta de Galiza, que apoia o Partido Popular, estiveron dalgún xeito durmidos. E hai que dicir "durmidos" porque ao final o seguro que se ofertou foi un seguro que nós consideramos leonino e que, por outra parte, o sector tamén considerou totalmente leonino. Un seguro no que, independentemente da súa obrigatoriedade, as cantidades que ofertou a Xunta de Galiza, a través da Consellería de Pesca e Agroseguro, eran fortísimas, iguais para todos, estiveron onde estivesen, tivesen unha produción dunha maneira ou doutra maneira. E esas cantidades, en moitos casos, facían, dalgunha maneira, perigar unha determinada situación. Dirase que é pouco diñeiro. Eu xa sei que é fácil dicir que é pouco diñeiro cando se plantexa que incluso a Xunta de Galicia tiña previsto nos primeiros momentos a subvención dese seguro.

Pero o tema principal non é o do seguro en si, o custo do mesmo, o custo da toma da póliza. O principal é outra cuestión, é a obrigatoriedade. Nós podemos concordar en que debe ser obrigatorio ter cubertos os danos a terceiros que poida ocasionar un artefacto, porque pode danar a outros. Mais eu preguntárlle a calquera empresario deste país, a calquera persoa que teña unha produción, se está obrigado a asegurar a súa propia produción, se a Administración obriga a Citroën —poñamos por caso— a asegurar os vehículos que se lle poidan estropear por causa de que a nave se lle inunda de auga, ou a outro calquera. Farao Citroën se quere. E cando digo Citroën estouno poñendo de exemplo porque estou seguro de que se Citroën tivese un problema, todos vostedes, empezando polo conselleiro de Industria, se preocuparían de solucionarllo, e a verdade é que terían que preocuparse tamén de solucionárllelo aos dous mil e algo produtores, entre 2.090 e 2.200 produtores, que representan tamén os mesmos ou máis postos de traballo que a propia Citroën. Polo tanto, merecerían tamén unha atención pola banda do Goberno e do Grupo Popular.

Eu quero dicir isto porque a toma dun seguro para a produción entra realmente en colisión e en contradición co que significa o risco empresarial propio que calquera ten á hora de realizar unha produción, e eu podo entender o dos danos a terceiros, pero o de todo risco, que é asegurarse un mesmo, non é lóxico que sexa obrigatorio.

Vostedes saben que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego non é a primeira vez que trae este tema a debate neste Parlamento. O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego xa levou este tema a estado parlamentario, e vostedes votaron en contra nunha cuestión co razoamento de que para vostedes era tarde a proposición non de lei que se plantexaba naquel momento para unha moratoria na toma do seguro, chegar a uns acordos co sector, etc., porque había que cumprir a lei. Había que cumprir a lei no último momento. Pois moi ben, como había que cumprir a lei, o conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura dicía o día 2 de xuño do ano 1998 neste Parlamento “que CEMEGA lle pedira unha orde que establecera o carácter voluntario do seguro, e evidentemente isto non é posible porque, como é sabido, unha norma só pode ser modificada por outra do mesmo rango. Neste caso precisárase da promulgación dunha lei, e nisto quen ten a palabra é o Parlamento de Galiza. Non obstante, en calquera caso, hai que ter en conta que unha lei non é algo que se poida poñer en vigor da noite para a mañá, polo que todo o mundo ten que ter totalmente claro que namentres non se promulgue calquera hipotética modificación, a norma que hai que acatar é a que está actualmente en vigor, e a Administración non ten outro camiño que a obriga de facela cumprir”. Dalgún xeito, o conselleiro de Pesca, que pronunciaba estas palabras na Comisión, estaba dicindo que se a el lle cambiaban a lei, pois non tiña ningún tipo de problema. E jollo!, non é que isto o conselleiro o diga só no Parlamento, é que non se cansa, nin se cansan incluso os representantes do Grupo Popular, de dicirlle ao sector que eles, se non fora pola lei, pois non farían obrigatoria a toma do seguro.

Enton ¿que fai o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego? Traerlles a reforma da lei, que pode entrar en vigor unha vez promulgada. E automaticamente o problema do conselleiro e as desculpas

de todos vostedes desaparecen, e realmente teñen a lei para levalo adiante.

Entonces eu non podería entender que se votase en contra da proposición non de lei que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego está a plantexar. Unha proposición na que evidentemente o Bloque Nacionalista Galego non está pola desaparición do de danos a terceiros. Considera que ese si debe existir. Entón, na reforma do artigo 65, no apartado 1, nós mantemos que os titulares das concesións estarán obrigados a dispoñer dun seguro que cubra a responsabilidade por danos a terceiros. Nós con iso estamos totalmente de acordo, coidamos que o sector tamén o está. Na segunda parte dicimos que os titulares das concesións poderán dispoñer de xeito voluntario dun seguro que cubra as producións e os danos que poida experimentar o viveiro, e, para tales efectos, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura arbitrará os medios necesarios para acollerse a un réxime de seguro colectivo.

Neste apartado da lei ¿que é o que está a facer o Bloque Nacionalista Galego? Sacar un debate dramático que naquel momento deu orixe ao artigo da Lei de pesca que está hoxe en vigor, que era a proliferación continuada naquel intre das mareas vermellas. A proliferación que dalgún xeito facía que houbera sempre unha —por dicilo así—confrontación, enfrontamento, entre o sector e a consellería, porque o sector demandaba dalgún xeito axudas e a consellería dicía que a marea vermella era un fenómeno natural e, polo tanto, que non podía dar ningún tipo de subvención. Pero aquilo proliferaba e entón a única solución —e estou seguro de que iso é o que dá orixe ao aseguramento da produción—foi trasladar á lei o seguro obrigatorio, para que dese xeito non estivese o sector chamando ás portas da consellería continuamente.

¿Que propoñemos nós? A madurez e a maioría de idade do sector coa reforma do proxecto de lei que estamos a plantexar. Nós dixemos no seu momento, canda a proposición non de lei, que a consellería debería tomar a determinación da reforma da lei e ao mesmo tempo a firma dun protocolo co sector, de tal xeito que, xa que o sector demandaba o seguro non obrigatorio da produción, nese protocolo quedase claro que as mareas vermellas non tiñan subvención e eran un problema e un risco empresarial. O plantexa-

mento voluntario ¿que é ao que dá orixe? Pois a unha cousa clara: se vostedes, calquera de vostedes, teñen un vehículo que ten un seguro de danos a terceiros e escachifa o vehículo, ten que ir ao seu peto. Pois ao mellor a próxima vez medítao e di: "Vou ter un seguro tamén a todo risco para, dese xeito, ter cuberto o sinistro total do vehículo". Ao mellor habería, se é de xeito voluntario, quen ao ver a rendibilidade que podería ter para outro iría entrando no seguro colectivo. É un problema de risco empresarial, é un problema propio, é algo ao que non se pode obrigar. ¿Ao fabricante de galletas obrígase a facer un seguro das galletas? ¿Obrígase a outros produtores a ter seguros? Vostedes déanse conta de que están impoñendo —e impúxoo a lei— unha norma que tiña unhas circunstancias e un momento, e hoxe estamos noutro. E o sector tamén ten unha maioría de idade, unha madurez, e con el hai que conversar e hai que chegar a acordos.

E é por iso que a cuestión está clariña, a cuestión non ten moito debate. Se o conselleiro dicía que non podía facer outra cousa porque era a lei que o obrigaba, aquí está a reforma da lei para, dalgún xeito, cubrir a responsabilidade da Consellería de Pesca e ao mesmo tempo facer maior de idade ese sector, que sabe que non vai poder reclamar nada por mareas vermelhas, porque é causa natural, e sábeo. Sabe que no momento que queira ter cuberto o seu risco pois terá que tomar un seguro; a obrigatoriedade non é lóxica, a obrigatoriedade de asegurar a produción é algo, señoras e señores deputados, que non ten sentido. Que eu saiba, noutro campo do sector primario, como é o campo, o seguro tómao quen quere, non é obrigatorio a toma do seguro, tómao quen quere. E ao que lle cae o pedrizo e resulta que non está acollido a ningún tipo de seguro pois perdéuselle a produción, ¿que lle imos facer? Para a próxima vez fará o que ten que facer, e así tamén será o tema dos cultivadores de mexillón.

Por outra parte, está a reforma do apartado 2, que aínda que é menor non quero pasar por enriba dela. Di a lei en vigor hoxe: "Cada dez anos haberá que limpa-lo fondo da superficie en proxección horizontal de cada artefacto". E élle unha tarefa difícil. Eu non creo que os propios produtores estean interesados na contaminación do mar, nin moito menos. Pero, claro, a tarefa élle difícil. Non sei cómo se fará e cál será o

sistema para a limpeza, porque non debo esquecer que o conselleiro López Veiga na lexislatura 1989-1993 neste Parlamento dixo que xa estaba experimentando a limpeza dos fondos en Bueu, e que practicamente quedaban todos limpos. Pero a cousa non debeu dar moito resultado porque non se seguiu coa experiencia. E eu entón dígolles: ¿cal é a tecnoloxía que se vai poñer á disposición dos acuicultores para que este tema se poida levar adiante? Pois na lei nós seguimos mantendo que "así mesmo estarán obrigados a limpar cada dez anos a lama e outros residuos de cultivo acumulados baixo os viveiros, pero para tales efectos a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura deseñará os elementos para adaptar ós artefactos que impidan esta acumulación"; porque, se non, estanlles creando vostedes un problema, e evidentemente ese problema é difícil de solucionar.

Eu, señores do Partido Popular, non é neste caso ao conselleiro a quen me vou dirixir, porque o conselleiro non ten voto neste Parlamento, por sorte non ten voto neste Parlamento —porque, se non, sería outro voto máis, ao mellor a favor do proxecto de lei, xa que non creo que estivese en contra, el estábao a demandar—, señoras e señores deputados, eu creo que hai que esquecerse das actuacións *manu militari*, que as actuacións non poden ser coa chantaxe, de que o que non entre polo aro ao mellor ten que solicitar no seu momento unha concesión, a prórroga da concesión, e, polo tanto, se non toma o seguro non haberá concesión; porque esa forma de actuar é unha forma de actuar *manu militari* doutros tempos e unha forma de actuar que non está axustada ao dereito democrático que ten un cidadán a libremente facer na súa empresa o que estima, dentro do que é a lei, a norma legal —que hai normas legais, non vaian pensar que eu penso que cada empresario pode facer o que lle dá a gana na súa empresa—. Hai normas legais e constitucionais, desa Constitución que tanto defenden vostedes, do Estado social e de dereito. Nese aspecto eu non podo comprender unha posición contraria a este proxecto de lei. Non é, quérolle recordar,...

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, Delgado Arce.)

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Vaia rematando.

O señor TRIGO DURÁN: ... —termino xa, señor presidente— definitiva a redacción. Estamos falando de tomar en consideración e entrar en acordos sobre un tema que é necesario debater, porque non tivo o suficiente debate, porque non foi asinado o debate dentro da Lei de pesca, porque respondía a unha situación, a un escenario, no que as mareas vermellas obrigaban a tomar decisións que realmente ninguén quería tomar. E entón, señoras e señores deputados, eu espero o voto afirmativo de todos os grupos, porque é a toma en consideración e non é a entrada en vigor mañá da lei.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos nos escanos do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.)

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Moitas grazas, señor Trigo.

¿Grupos parlamentarios que queiran intervir?
(Pausa.)

Recórdolles ós membros do público que están na tribuna que non poden manifestar nin a súa aprobación nin a súa desaprobación.

Ten a palabra o señor Pazos Varela.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señorías, tomo a palabra para manifestar desde Esquerda de Galicia o noso apoio á proposta de reforma da Lei de pesca presentada polo BNG, e imos intentar razoar ese apoio precisamente baseándonos nas disposicións xerais de esa Lei de pesca, que son, se non me equivoco —e non me equivoco—, as que marcan a filosofía e os obxectivos desa lei.

Entresacando algún parágrafo significativo da Lei de pesca 6 de 1993, di, por exemplo —evidentemente é algo obvio—, que o marisqueo, a acuicultura e a pesca forman parte fundamental da economía galega e por iso necesitan un tratamento especial. Di tamén que a presente lei —falamos da de 1993— ten por finalidade a regulación e ordenación da pesca, do marisqueo e da acuicultura mariña, ou di tamén que lle corresponde á Administración autonómica garantir que a utilización dos recursos mariños se realice de forma que se obteña o seu máximo rendemento a tra-

vés dunha explotación económica racional —fíxense ben na palabra— e eficaz, que sexa compatible coa conservación das especies e co incremento do benestar comunitario.

E efectivamente isto demostra que os obxectivos dunha lei, de calquera lei, son protexer persoas e bens, son promover ou impulsar actividades ou son ordenar e racionalizar sectores. Creo que é fundamental, precisamente, o substantivo “razón” e o adxectivo “razoable” á hora de promover unha lei e de desenvolverla. Razón que desaparece precisamente nos puntos que se pretende reformar agora mesmo desde esta proposición de lei. Porque mesmo esa exposición de motivos da que falo di nun dos puntos: “No desenvolvemento da normativa desta lei oíranse os puntos de vista dos profesionais”. E neste caso é evidente que hai un clamor dos profesionais deste sector da acuicultura contra ese seguro obrigatorio, que ademais debe se-lo único sector económico e social deste país onde se dá; ou, polo menos, do que este deputado teña coñecemento.

No sector da conducción, no sector da educación vial, perigosísima e con moitísimos accidentes, non hai ninguén que sexa obrigado a tomar un seguro a todo risco. É obrigatorio, como se propón nesta modificación, un seguro a terceiros que garanta que se van afrontar responsabilidades posibles por danos a terceiros, pero nunca un seguro a todo risco que garanta tamén o posible dano propio ou a posible perda propia. O mesmo que nunha vivenda a ningún goberno se lle ocorreu poñer como obrigatorio un seguro contra roubos, por exemplo, ou contra a rotura de cristais.

Polo tanto, eu creo que o que hai facer na lei de 1993 é introducir este substantivo e este adxectivo dos que eu falaba, “razón” e “razoable”. Ademais ¿onde queda, daquela maneira —xa o dixo o señor Trigo—, a liberdade empresarial que vostedes tanto preconizan, se aquí se está obrigando a un sector a facer algo en contra da súa vontade e ademais non hai ningún precepto legal, nin ningunha consecuencia nociva para a sociedade, que obrigue a tomar esa medida? Porque, efectivamente, na reforma que se propón non se está en contra da toma do seguro, do seguro propio, do seguro que garanta a produción. Estase a favor da voluntariedade dese mesmo seguro e, polo tanto, segue a Consellería de Pesca tendo a obriga de

artella-los medios para pór á disposición do sector a posible toma dese seguro —a posible—, pero sempre de maneira voluntaria.

É evidente, pois, que é pertinente a reforma da Lei de pesca de 1993. Tódalas leis son reformables, e para iso están no proceso de aprobación desas leis as emendas e demais. Neste caso non se fixo así. Eu non estaba neste Parlamento; polo tanto, non sei os motivos polos que ningunha emenda que atacara este aspecto foi aprobada. Se non a houbo, agora hai. Polo tanto, se naquel momento non a houbo pola razón que sexa, ó mellor porque se pensaba que o sector ía asumir perfectamente a obrigatoriedade dese seguro, e non é así, rectificar é de sabios e de sabias, e, polo tanto, propónse unha rectificación que supón un avance na regularización do sector, un avance na propia lei. Ademais, esta reforma vai eliminar obstáculos e escusas que está poñendo a Administración, como dicía o señor Trigo, para non tomar medidas de eliminación da obrigatoriedade —repito, da obrigatoriedade— dese seguro; non da eliminación do seguro, da obrigatoriedade de tomar ese seguro. Ese seguro que, efectivamente, o que fai é que afecta á propia produción, debe ser un seguro voluntario, atendendo a tódolos preceptos legais, sociais e mesmo de ética; polo tanto, esta proposición de lei de reforma o que propón son fundamentalmente eses dous puntos. É dicir, a obrigatoriedade do seguro pasa a voluntariedade do seguro, e, por último, efectivamente, para facer viable o segundo apartado desa lei, da limpeza cada dez anos da lama e doutros residuos, que a Consellería de Pesca contribúa poñendo ou deseñando os medios e os elementos que o fagan posible.

Señorías, insisto porque me parece fundamental: racionalidade, razón. Desde a razón e desde a racionalidade é pertinente e, polo tanto, conta por suposto co noso apoio esta proposta de reforma da Lei de pesca de 1993.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Moitas grazas, señor Pazos.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Louro Goyanes.

O señor LOURO GOYANES: Señor presidente, señorías, o Grupo Parlamentario Socialista sae a esta tribuna para explicar dalgún xeito a súa posición con respecto á iniciativa do grupo propoñente, e podemos anunciar que imos apoiar a iniciativa do Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Eu entendo que os argumentos dados nesta tribuna polos dous portavoces que me precederon son sobrados para, dalgunha maneira, explicar tamén a nosa posición.

Temos que dicir, dende o Grupo Parlamentario Socialista, que compartimos que a pesca e o marisqueo son un motor básico da economía deste país, de Galicia, polo emprego que xeran e polo efecto multiplicador que xeran na economía, tanto na industria como no transporte, na conserva, etc. O potencial marisqueiro e pesqueiro débese preservar e débese desenvolver, dado que en Galicia existe un desequilibrio entre os recursos dispoñibles e a presión que hai sobre eses recursos. Este desequilibrio dalgún xeito actúa de freo en torno ó desenvolvemento do sector dun xeito racional. A todas luces isto require, o sector require, un ordenamento xurídico que considere o desenvolvemento global do sector pesqueiro. De aí que este Parlamento, o Parlamento de Galicia, no seu día aprobase unha lei, a Lei 6/1993, do 11 de maio, que é a Lei de pesca de Galicia.

E esta lei, no artigo 65, di que os titulares das concesións están obrigados a dispor dun seguro do artefacto, un seguro da batea —estámonos referindo ó sector mexilloeiro—, un seguro que contemple a protección de danos a terceiros e un seguro que contemple as perdas de produción causadas por catástrofes naturais. Di basicamente estas tres cousas entre algunhas outras máis.

Nós entendemos que pode ser razoable asegurar a produción ante unha catástrofe ou ante distintas casualísticas, e ademais nós entendemos que dende a Administración hai que incentivar dalgunha maneira que os empresarios reduzan ó máximo os seus riscos. E cómpre non dubidar da vontade do lexislador no seu día. Pero así como entendemos que hai que incentivar iso, nós preguntámonos por qué asegurar a produción, por qué asegurar a rendibilidade dunha determinada empresa e non doutra empresa, sexa pesqueira, marisqueira, agraria ou doutro tipo. E este artigo 65 entra en contradición dalgunha maneira co

que pode estar pasando noutros sectores productivos, ou mesmo noutros subsectores productivos da pesca e do marisqueo.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que debe ser obrigatorio —cabe aí a obrigatoriedade— asegura-los danos a terceiros, os danos que poidamos facer coa batea, co artefacto, a terceiras persoas. Pero non parece razoable asegurar obrigatoriamente o artefacto. Non parece razoable, está na lei pero non é razoable. Tampouco parece razoable, polo que antes expoñíamos, asegura-la produción. En definitiva, se así fora, poderíamos asegurar todo, e todo estaría funcionando de marabilla, pero aí xa entraríamos nunha contradición forte porque non habería risco empresarial. ¿U-lo risco empresarial?

A Lei 6 de 1993 de pesca de Galicia regula o seguro no seu artigo 65 e establece, ademais, un prazo de cinco anos para a entrada en vigor deste seguro. Pasaron os cinco anos e, certamente, ¿que é o que pasa agora logo de cinco anos? Pois que a boa vontade do lexislador, se así fora, e eu non dubido de que así fora, se atopa coa negativa do sector a asegura-la produción e a asegura-lo artefacto. E o sector non o fai dun xeito caprichoso, senón que o sector mexilloeiro de Galicia dá razóns, e ademais nós compartimos co sector mexilloeiro de Galicia que as ofertas de seguro que hai no mercado non son unha bicoca, non son unha marabilla. E esa é a razón pola que o sector, en definitiva, non lle satisfai entrar por esa cuestión.

Certo, señorías, que temos unha lei, a Lei 6 de 1993, que é necesario cumprir, que cómpre ademais facer cumprir, e o Grupo Parlamentario Socialista está sempre do lado da lei, está sempre polo respecto ó Estado de dereito. Agora ben, as leis deben ser lóxicas, as leis deben ser razoables, as leis deben ordenar a realidade dunha maneira razoable, e se as leis non ordenan a realidade dunha maneira razoable cómpre abordar-la modificación das leis. Nese sentido compartimos total e absolutamente a proposición do Grupo do Bloque Nacionalista Galego. As leis cómpre adaptalas, cómpre adecualas, e a Lei de pesca de Galicia, lei 6 de 1993, no seu artigo 65 non sintoniza coa realidade e ademais pode ser agravante, pode xerar agravios con outros colectivos, con outros sectores. Polo tanto, esta lei cómpre modificala.

Así, a toma do seguro do mexillón, que non comparte o sector, non é lóxica que sexa obrigatoria. Cómpre abordar, como dicíamos, as modificacións lexislativas que sexan precisas. Parécenos ben esta iniciativa, como dicíamos antes, porque corrixe unha situación un tanto ilóxica e ademais contribúe a tranquiliza-lo sector mexilloeiro. Vostedes, as súas señorías, saben que o sector mexilloeiro estivo tenso, estivo preocupado, mobilizouse ante un feito como é a obrigatoriedade de asegura-la produción ante determinadas situacións.

Preguntábamonos antes: ¿por que un seguro obrigatorio para asegura-la rendibilidade da produción do mexillón e non para outras casuísticas? O feito de que os artefactos, as bateas, estean situadas en dominio público, como argumentaba algún responsable da Consellería de Pesca, non é un argumento para que sexa obrigatorio este seguro.

Entendemos que é necesario aborda-la modificación desa lei e, polo tanto, dámo-lo noso apoio á súa toma en consideración.

Para terminar, debo engadir algunha cuestión; é dicir, o Grupo Parlamentario Socialista, que comparte a proposta do Bloque Nacionalista Galego, entende que dende a Administración debemos incentivar, se é posible, o seguro, pero nunca dun xeito obrigatorio. E hai que introducir unha cuestión. Eu entendo, señor Trigo, que na práctica ordinaria o sector non pode acudir á protección dos poderes públicos, do mesmo xeito que outros sectores; se un pode asegurarse e non se asegura, se algo sucede non podemos acudir ós poderes públicos. Vostede dicíao con claridade. Pero eu quero engadir algo: dun xeito extraordinario o sector mexilloeiro non ten por que ter un tratamento distinto doutros sectores. Quero dicir que se hai unha situación extraordinaria, e dende os poderes públicos e dende o propio sector se considera que hai que axudalo sector para saír dunha situación de dificultade, hai que facelo e non hai que cerrar esa posibilidade. Creo que coincidimos tamén nisto, pero a min gustábame deixalo explicitado neste debate.

Máis nada e moitas grazas.

(Ocupa a Presidencia o seu titular.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Louro.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Fernández Rosende.

O señor FERNÁNDEZ ROSENDE: Señor presidente, señorías, a Lei de pesca de Galicia, aprobada o día 31 de maio de 1993 co voto favorable do Grupo Parlamentario Popular despois dunha xornada maratónica de debate, culminou un moi importante traballo iniciado en Comisión e en Ponencia. Recorden vostedes máis de 400 emendas a un texto de 103 artigos coas súas correspondentes disposicións, que supuxo a consecución dun ordenamento xurídico ata o momento disperso e que abordaba de forma exhaustiva tódalas actividades, dereitos e obrigacións dependentes ou derivados da pesca, do marisqueo e da acuicultura. Eran entón portavoces polos distintos grupos parlamentarios e, polo tanto, ponentes, os deputados señor Ventoso Mariño, señor Trigo Durán, señor Oujo Bello e o deputado que lles fala.

O texto do proxecto, que como dixen foi obxecto dun profundo debate en sucesivas sesións da Ponencia e da Comisión de Pesca, estableceu no seu artigo 65.1 a obrigatoriedade de asegurar por parte dos concesionarios non só os danos a terceiros senón tamén as perdas da produción por catástrofes naturais e os danos do viveiro; e no apartado 2 do mesmo artigo, a obriga de limpa-los fondos cada dez anos. A este artigo presentáronlle entón emendas os distintos grupos, e en concreto o Grupo Socialista e o do BNG. A emenda 127 do Grupo Parlamentario Socialista dicía: “Os titulares das concesións estarán obrigados a dispoñer dun seguro que cubra os danos que poida experimentar-lo ecosistema”. A emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego a ese mesmo artigo dicía, engadindo un parágrafo máis, que unha vez establecida esa obrigatoriedade, a Consellería de Pesca arbitraría para tal efecto os medios necesarios para acollerse a un seguro colectivo. E esta emenda do Bloque, co resto do artigo, hoxe é lei de obrigado cumprimento polos seus destinatarios, xa que foi aceptada, señor Trigo, servindo de base á correspondente oferta do seguro ó sector subvencionada pola consellería, que, como vostede sabe, efectivamente non foi ben valorada.

En definitiva, neste artigo ten o Bloque a súa cota de paternidade, xa que non só non rexeitou a obrigatoriedade do seguro senón que, pola contra, o referendou cunha emenda cun contido que hai poucas datas se materializa, e curiosamente son precisamente vostedes os que propoñen agora a súa revisión.

O establecemento do seguro obrigatorio viña cubrir unha eiva existente desde sempre, por canto a produción de mexillón está exposta a riscos reais que poden ocasionar graves prexuízos económicos, como de feito ten ocorrido, sen ter máis recurso que acudir ós fondos públicos para a súa paliación. Evidentemente, tratábase dunha situación anómala que non se podía deixar perpetuar por moitas e variadas razóns, entre as que eu destacaría dúas: unha de fondo e outra de carácter práctico-legal. A primeira radica na importancia económica que o mexillón ten nunha ampla zona da Galicia costeira, que transcende do propio sector cultivador, xa que moita xente afectada polo fluxo depende desta actividade que se xera nas bateas. A segunda é que mitigar con fondos públicos circunstancias derivadas de factores de risco empresarial colisionaba de cheo coa normativa comunitaria. Por outra banda, tampouco se podía perder de vista que o cultivo do mexillón se produce nun espazo de dominio público mercé a unha concesión administrativa, razón pola que os poderes públicos teñen a responsabilidade de velar para que as explotacións que así se xeran se administren de xeito que a riqueza que produzan redunde en beneficio do conxunto da sociedade.

Evidentemente, todos coincidimos entón e coincidimos hoxe en que, existindo a posibilidade, é moito mellor que a produción mexilloeira estea asegurada a que non o estea. E todos sabemos tamén que te-la produción asegurada constitúe un factor de primeira orde na xestión empresarial e un indicativo da evolución do sector. O único cambio experimentado neste caso por vostedes é que hai cinco anos consideraban que a toma do seguro tiña que ser obrigatoria e hoxe pensan que pode ter carácter voluntario. Manifestan vostedes como razón para presentar esta proposición de lei e como xustificación do seu cambio de criterio que nos cinco anos transcorridos dende a promulgación da lei ata hoxe o sector mexilloeiro madurou e que, polo tanto, o seguro obrigatorio da produción debe pasar a ser voluntario.

É verdade que o sector mexilloeiro ten avanzado moito, nisto estamos absolutamente de acordo; nem-bargantes, a toma de seguro, manifestado polo propio sector ó vencemento do prazo legal para facelo, causou perplexidade no mundo empresarial e na sociedade en xeral. Posiblemente na meirande parte dos sectores productivos non fai falla o establecemento dun precepto para promove-la seguranza das producións xa que esta circunstancia se produce espontaneamente derivada de factores de profesionalidade e de criterios empresariais que rexen nestes sectores. Pero hai outras actividades nas que aínda que estean no camiño e que existan boas perspectivas, como é o caso do mexillón, de momento non ocorre así. Sendo esta a realidade, e creo que sei do que falo, semella que a presentación desta proposta responde máis a un reflexo de oportunismo político que a calquera outra cousa. É un feito, como acabo de apuntar, que conxuntamente coa Administración galega o sector mexilloeiro ten evolucionado moito e está a dar pasos fundamentais cara á súa modernización. Debido a esta realidade o Grupo Popular non descarta que nun futuro ben próximo a toma do seguro poida acadar carácter voluntario, pero tomar hoxe esta decisión pode resultar prematuro. Ademais, recoñecen vostedes na exposición de motivos da súa proposta que a modificación legal que propoñen estaría supeditada a que coa non toma do seguro ficaría claro que non se terían dereitos para reclamar indemnizacións da Xunta de Galicia. ¿Como se substancia legalmente este extremo? ¿Non debería ter esta circunstancia carácter previo ou, polo menos, aparelarse coa modificación legal que vostedes pretenden?

Por outra banda, propoñen vostedes, como parte do texto do artigo en cuestión, que a Xunta procure os medios necesarios para obter un réxime de seguro colectivo, algo que, se o seguro se establece con carácter voluntario, carece totalmente de sentido introducirlo no texto legal, á parte de supoñer un agravio comparativo con outros sectores ou co propio sector mexilloeiro, segundo como se mire.

Pero é que hai outra cuestión que desaconsella adoptar neste momento a iniciativa proposta. Como vostedes saben, a Lei de pesca estatal está en plena elaboración, xa rematada na súa fase de borrador, polo que haberá que agardar a que en breve prazo sexa promulgada. Nese intre, con total probabilidade, ha-

berá que proceder á adaptación dalgún dos preceptos contidos na Lei de pesca galega; un texto, dito sexa de paso, de máximos nos seus aspectos competenciais, feito así, por outro lado, con toda a intención, e sobre o que o Tribunal Constitucional deberá pronunciarse dun momento a outro. Non é difícil, polo tanto, imaxinar que o pronunciamento do alto tribunal requirirá, sen dúbida, algunha adaptación máis da lei.

Por outra banda, a realidade pesqueira é moi dinámica e, como tal, cambiante. E os criterios científicos tamén avanza día a día. Como resultas de todas estas circunstancias, semella evidente que a Lei de pesca de Galicia terá que ser revisada de aquí a pouco, e cónstame que na Consellería de Pesca xa comezou a realización dun estudio nese senso, de xeito que as modificacións ás que haxa lugar se aborden globalmente e se realicen todas dunha vez. Porque unha lei, evidentemente, non é algo inamovible pero si ten a transcendencia suficiente para que non sexa aconsellable que se estea a abrir e cerrar sen a debida reflexión e xustificación.

Tampouco me cabe a menor dúbida de que este artigo 65 que nos ocupa será un dos chamados a revisar, e non só pola posibilidade de considera-la toma do seguro con carácter voluntario —que se fará se se dan as condicións para iso—, senón tamén para modificalo no que se refire ás limpezas dos fondos, xa que actualmente existe un debate científico sobre a conveniencia ou non de abordalas.

Así as cousas, todo aconsella mante-lo texto e facelas cousas cando haxa que facelas, como sen dúbida ningunha se fará de aquí a moi pouco, estean seguros disto. Polo tanto, non imos apoiar esta iniciativa.

Moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Fernández Rosende.

Réplica por parte do señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente, señorías, no Bloque Nacionalista Galego practicamos a paternidade responsable, e como practicamos a paternidade responsable —debate que houbo aquí anteriormente— seguimos a manter no noso texto a aparición dun seguro colectivo, igual que no seu momento do

único que fomos pais na lei é de que houbera un seguro colectivo.

¿E por que plantexamos un seguro colectivo? Porque evidentemente un seguro colectivo, para calquera tomador individual dun seguro, orixina unha rebaixa nas súas primas. E claro que a Administración debe de preocuparse de facer esta cuestión. E tan é así que non é ningún agravio con ningún sector. Os que agravian son vostedes, porque este deputado que aquí está leva predicando no deserto deste Parlamento, do Grupo Popular, a aparición dun seguro colectivo para as embarcacións, e vostedes continuamente me din que non. E terminarán facendo o seguro colectivo. Igual que van dicir que non pero van reformala. Algo xa conseguín. Van dicir que non pero van reformala. Non lles queda máis remedio; e un seguro colectivo diferente ao que negocian, porque o negociaron de présa, porque neste momento o sector paga 13.500 pesetas de seguro e o seguro da consellería eran 100.000. Diga vostede iso en alto. Dígao en alto. Ese é o problema.

Claro, a señoría sabe o que di e por iso lle satisfai que se cumpra aquel dito que lle dicían de pequeno: “Dá o mar contra as pedras, *ghana* o mar”. E o mar vai *ghanar*. Neste caso vai ganar. Reformarase a Lei de pesca en todos os sentidos. Porque sabe vostede que eu plantexo isto pero tamén terán que reformar o da integración económica do sector no tema das bateas, que beneficiaría a uns poucos e non a todos. E terán que reformar tamén a cuestión de que os que sexan reconvertidos tamén entren en determinadas cousas.

Mire, voulle facer unha pregunta, señor Rosende: ¿vostede cre que a Consellería de Pesca neste intre lles ten esixido o seguro a todas as instalacións experimentais que están no mar? Asegúrolle que non, a ningunha. E de acordo coa lei tamén llela tiña que aplicar. Di vostede —e dicíamo o conselleiro aí— que de *manu militari* nada, que vostedes non actuaban coa chantaxe. Teño que coller de novo e ler o discurso do conselleiro, do 2 do 6 de 1998, en Comisión. ¿Saben o que dicía? Reconsiderar a norma, pero tamén dicía algo importante —e se lles puxera aquí a cinta, co ton...—, dicía: “O dominio público pertence ó conxunto da sociedade e aí mandamos nós, e, polo tanto, actuaremos con aqueles que non queiran tomar o se-

guro”. Está aquí, por escrito, porque o conselleiro leu a súa intervención, e eu quedei coa copia. Téñoa aquí para lela.

O conselleiro, respecto da responsabilidade e madurez empresarial, falaba do risco empresarial. É mentira o que me dicía o señor conselleiro, o que din vostedes, de que é obrigatoria a toma do seguro agrícola. Non é certo, é mentira. É mentira, non se pode enganar. E, polo tanto, a cuestión é que o risco empresarial é para o fabricante de *ghalletas*, asegúreo tamén; e para o meu despacho profesional, terei que asegurar eu tamén os honorarios cun seguro. E ¿quen mos vai asegurar? Non sei se vostedes terminarán sendo unha compañía de seguros ou terminarán sendo outra cousa. Pero ten vostede que comprender que a cuestión é outra.

Eu lamento que non se queira votar a prol da proposición de lei, que faría que vostedes lle puidesen facer os cambios que entenderan oportunos. Falan do conxunto. No conxunto hai partes que poden ser válidas. Miren, hai tempo dicían que mentres que non saíse a Lei de pesca do Estado vostedes non farían a súa, non a volverían reformar; agora teñen pensado no conxunto. Alégrame que se teña que tranquilizar o sector, que se lle teña que dar a razón, aínda que se lle diga que non ao Bloque Nacionalista Galego, pero, en fin, para profetas do non, á miña dereita.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Trigo.

Procedemos a vota-la toma en consideración da proposición de lei presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, a toma en consideración queda denegada.

MOCIÓN DO G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, POR INICIATIVA DE D. XESÚS VEGA BUXÁN, SOBRE AS MEDIDAS

QUE DEBE ADOPTA-LO GOBERNO GALEGO RESPECTO DO DESEMPREGO EXISTENTE EN GALICIA.

O señor PRESIDENTE: Para a defensa desta moción ten a palabra o señor Vega Buxán.

O señor VEGA BUXÁN: Señor presidente, señoras deputadas, señores deputados, o Grupo Parlamentario do BNG propón hoxe a este Parlamento unha moción derivada da interpelación substanciada hai un mes neste Parlamento na que propomos concretamente a creación dunha renda básica, ou salario social, para todas aquelas persoas que se atopen no desemprego e que non perciban ningún tipo de subsidio ou axuda.

Como tiveron ocasión de manifestar no debate de hai un mes, as razóns que xustifican a nosa proposta son basicamente dúas: por unha banda, a constatación do carácter permanente do desemprego na nosa sociedade, xa que non estamos, como dixen daquela, ante un fenómeno episódico, senón ante un fenómeno estrutural da nosa economía, e, como consecuencia do anterior, constatamos, constata calquera que analice a realidade social, a existencia dun sector da cidadanía galega que non ten traballo nin percibe ningún tipo de subsidio ou axuda, un sector que hoxe podería ser estimado aproximadamente nunhas noventa ou cen mil persoas na nosa sociedade. E dixen tamén, e reitéroo agora, que para o BNG o establecemento dunha renda básica ou salario social é unha peza máis dun edificio de medidas que habería que tomar para facer fronte a este grave problema do desemprego. Medidas, unhas delas, destinadas a activar os sectores productivos básicos do noso país. Esas medidas, para nós hoxe en día, á vista da experiencia de todos estes anos, requiren como condición necesaria a realización dun cambio político no noso país, que o Goberno actual sexa substituído por outro goberno que leve adiante esas medidas que este foi incapaz de tomar. Medidas tamén dirixidas a reducir a xornada laboral para crear emprego, cuestión que xa foi suscitada nesta Cámara repetidas veces e que o grupo maioritario sempre rexeitou.

O establecemento deste salario social que propomos tería varias funcións, cumpriría varios obxectivos. Por unha banda —e quero subliñalo ben, nidiamente—,

daría efectivo cumprimento a un dereito constitucional establecido. Agora que se fala tanto da Constitución e que se practica esa sorte de dogmatismo a respecto dela e unha reverencia acrítica sobre a mesma, hai que dicirlles aos que fan iso —que son sobre todo os do Partido Popular— que nesa Constitución se establece o dereito de todas as persoas a un traballo e a unha vida digna. Estamos a falar, por tanto, de que un salario social ao que simplemente daría efectivo cumprimento é precisamente a ese dereito a unha existencia digna, da que hoxe todos eses cidadáns, todos eses homes e mulleres do noso país, non desfrutan. Pero tamén cremos que o establecemento dunha medida como esta favorecería a loita contra a economía somerxida, como comentei hai un mes. A existencia dese salario social facilitaría a tendencia á desaparición desas situacións nas que hoxe moitas persoas, porque non teñen recursos ou porque os reciben en contías moi cativas, se ven obrigadas a aceptar traballos non rexistrados na Seguridade Social e, polo tanto, en condicións inaceptábeis desde o punto de vista dos dereitos sociais básicos.

Esta medida do salario social tamén contribuiría, sen dúbida, a crear un maior dinamismo na propia vida económica galega, porque ao proporcionar uns medios de consumo, un medio de vida seguro, eliminando a incerteza que hoxe padecen eses milleiros de persoas, estaríamos favorecendo unha práctica de consumo máis continuada e máis firme e segura, polo cal, como vostedes saben, a economía tendería a dinamizar tendencialmente outros sectores.

¿Cales foron os argumentos expostos aquí no Pleno anterior por parte da señora conselleira de Emprego e de Familia a respecto desta iniciativa do BNG? Pois teño que dicir que os argumentos non foron convincentes. Lamentablemente, a señora conselleira optou por unha táctica defensiva sabendo tal vez que non ten razóns de peso para negarse a esta iniciativa, e optou polo cómodo expediente de caricaturizar as posturas que defendeu o noso grupo a través deste voceiro que lles fala.

A conselleira díxonos aquí que non era necesaria esta iniciativa porque se está resolvendo o problema do desemprego. Eu non vou retrucar agora coas cifras do desemprego porque xa son coñecidas, están aí para quen queira miralas rigorosamente. Pero xa lle dixen

á señora conselleira: se fose certo —que non o é— o que vostedes din, habería aínda moitas máis razóns para pór en práctica unha medida que nós xa cualificamos, de partida, como transitoria. Dicimos que, mentres os cidadáns non acaden un posto de traballo estábel, que é ao que teñen dereito, como cidadáns libres, mentres non se produza esa situación, se articule e se leve a cabo unha medida deste tipo. Se as cousas van tan ben como vostedes din, razón de máis para que non haxa grandes problemas, nin sequera financeiros, que posibiliten a posta en práctica desta medida.

Outro dos argumentos da señora conselleira foi a suposta antagonización entre as políticas activas e esta iniciativa do salario social. Pero ¿por que son antagónicas? ¿Quen lle dixo á señora conselleira que son incompatibles políticas activas de emprego e esta medida de salario social ou renda básica? Iso é un puro preconceito que manexa interesadamente a señora conselleira, xa digo, en ausencia de argumentos convincentes. Nós non plantexamos ningunha incompatibilidade, dicimos que é unha medida máis á parte das que se están tomando.

E, por último, a señora conselleira díxonos —e está recollido así no *Diario de Sesións*— que o salario social xera unha mentalidade de dependencia nos beneficiarios que non favorece a creación de emprego. Escoitaron ben, que xera unha mentalidade de dependencia. Fíxense vostedes o que latexa detrás desta afirmación: por unha banda, hai unha culpabilización implícita da súa decisión aos que están no desemprego; segundo esta teoría, o problema non radicaría na organización da economía, que non é froito do espontaneísmo, senón que é unha decisión que toman axentes privados e, sobre todo, axentes públicos, administracións públicas, non é froito diso senón que é froito da actitude pasiva, inhibidora, do pouco interese que toman os que están no desemprego por conseguir traballo. Esta é a vella teoría que patentou Margaret Thatcher xa hai máis dunha década no Reino Unido para intentar precisamente levar adiante unha política de deturpación das conquistas sociais do estado do benestar.

Pero hai outra cuestión, que quero resaltar, debaixo dese argumento, que é a hipocrísia, a fonda hipocrísia política que latexa nel. Porque, se hai alguén

aquí que é especialista na creación de mentalidades dependentes, son vostedes. Se hai unha organización política que son auténticos mestres nesa creación de mentes dependentes, son vostedes. ¿Ou acaso non hai corenta mil sistemas de subsidio e de clientelismo que vostedes practican todos os días a través dos recursos públicos? ¿Non o temos denunciado aquí corenta mil veces? Que vostedes agora, para negar este salario social, aleguen a suposta creación dunha mentalidade dependente, é francamente insufrible e francamente un atentado á intelixencia. É un atentado á intelixencia; polo menos á deste que fala e á do meu grupo.

A nosa moción, que vostedes ven aí, é precisa pero tamén xenérica. E é xenérica para facilitar unha posíbel flexibilidade na súa aplicación, porque nós estamos abertos a considerar unha gradación na súa aplicación, que se vaia aplicando progresivamente a un número diferente de persoas mesmo cunhas retribucións diferentes, tendencialmente. Podemos chegar a discutir esa cuestión, e tamén estamos abertos a discutir as fórmulas de financiamento desta iniciativa, que, como xa dixeran hai un mes, cremos que en todo caso deben ser fórmulas de cofinanciamento entre a Administración galega e a Administración central. En todo caso, o que está enriba da mesa neste debate é se se quere atacar en serio este problema. ¿Quérese atacar en serio, si ou non? ¿Ou é que o que se lles di aquí por parte do grupo maioritario desta Cámara aos afectados é aquela vella máxima que escribía Dante na *Divina comedia*: “Abandonade toda esperanza”?

Agardo a súa resposta.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Vega.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Si, señor presidente, coa máxima brevidade, pois a intervención do señor Vega exímeme a min de calquera consideración de amplo razoamento porque coincido ó cento por cento coa exposición que fixo o señor deputado do Bloque.

Sen embargo, queremos resaltar, como toma de posición —loxicamente se deduce que imos votar a favor da proposta do señor Vega—, que é verdade que

todo o mundo recoñece que hai un paro estrutural en Galicia, non conxuntural, moi importante a pesar dos ciclos económicos alcistas, a pesar das políticas practicadas; e en certa medida, e nalgúns casos, incluso cando se reduce o nivel de desemprego, atopámonos sempre cunha bolsa estrutural de paro en Galicia. Estamos asistindo a unha diminución da poboación ocupada, estamos asistindo a un incremento dos parados de longa duración, estamos asistindo ó paro masivo de mulleres e de xoves, e, polo tanto, hai un problema: que coa política económica practicada, a pesar do círculo alcista da economía española e europea, hai unha bolsa estabilizada, *in crescendo*, do paro estrutural no país.

É obvio, polo tanto, que ademais de cambiar de política económica, de practicar outra política económica para reducir, abordar e atacar de fondo o paro estrutural, mentres iso non ocorre —con este Goberno non ocorrerá, pero mesmo con outro goberno con outra política económica—, abordar ese problema tardaría un certo tempo. Polo tanto, parece lóxico que ese problema pase a plantexarse como un problema de asistencia a eses homes e mulleres que teñen dereito a ter unha renda mínima de subsistencia. É verdade —recordábo o señor Vega aquí— que a postura da señora conselleira é sempre a mesma: “Non podemos xerar elementos de dependencia”. E é verdade que non só Margaret Thatcher, senón tódolos liberais da economía americana, en fracaso, dixeron iso mesmo. Dicían, con outras palabras aínda máis agresivas, que os pobres necesitan o incentivo da súa pobreza para espabilarse. E ademais o señor portavoz do PP asente dicindo que iso é o que fai falta. Pero claro, o problema é que con esas teses condenamos efectivamente ó paro, á miseria e á desesperanza a moita xente. E estamos comprobando que ademais se retiran xa do propio INEM, xa non se rexistran como parados; que seguramente é o que pretenden vostedes, que as cifras estatísticas vaian diminuindo aínda que o drama social siga incrementándose coa falta de horizonte desta xente.

Todo isto é evidente, todo isto xa foi magnificamente dito polo señor Vega. Eu quería engadi-lo seguinte. Cando se plantexa a falta de partidas presupostarias para isto ninguén di aquí, vostedes non din, que esa falta de capacidade presupostaria deriva, entre outras cuestións, dos axustes fiscais, dos regalos

fiscais que lles está facendo o seu Goberno ós sectores máis poderosos en detrimento das rendas sociais, das axudas sociais e das políticas sociais. E agora veñen os recortes presupostarios que imos sufrir a través da reforma do IRPF en máis de 600.000 millóns de pesetas, co que corresponde no tramo do 30% para Galicia, e seguramente volverán exhibi-lo argumento de que non hai recursos presupostarios.

Polo tanto, é evidente que, con esas políticas plenamente neoliberais, co recorte de ingresos pola vía de favorece-los máis ricos e ademais con que os pobres teñan o incentivo da súa pobreza para saír adiante, tiña razón o señor Vega. A mensaxe é: perdan vostedes toda esperanza. Polo tanto, a batalla está planteada. Non é posible que vostedes saian de temas coma estes *de rositas*, con catro argumentos tecnocráticos para impedir que se aborde o principal problema do país. Nós, con economía procesual incluída, imos votar afirmativamente porque parece que é de xustiza social e tecnicamente viable a proposta do Bloque Nacionalista Galego.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Casares Mourino.

O señor CASARES MOURIÑO: Moitas gracias, señor presidente.

Sen dúbida, o paro e a precariedade laboral son hoxe as máximas preocupacións de amplos sectores da nosa poboación polo que significa de drama humano e de drama social, polo que significa de exclusión social e de pobreza. Exclusión e pobreza que na nosa sociedade, actualmente, nos que máis se está cebando é nos xoves, nos que máis se está cebando é nos homes e mulleres galegos de menos de 25 anos. E se xa a exclusión social e a pobreza son en si un grave problema, son unha lacra para calquera sociedade, a súa xuvenilización é, sen dúbida, o aspecto máis serio e o aspecto máis preocupante do conxunto do problema por todo o que arrastra detrás del, xa que mete moitos destes xoves na marxinalidade. Este é para moitos o camiño que os vai levar ó alcoholismo, á drogadicción, á desestructuración persoal e familiar.

Hai fórmulas para loitar contra esta situación, contra a exclusión social; e unha delas é ter un obxectivo prioritario, que é a participación de tódalas persoas na vida social e, por suposto, tamén na vida relacionada co mercado laboral. Sen dúbida, non é unha tarefa fácil, e poucos asuntos teñen producido tantos ríos de tinta como as análises, os comentarios ou as receitas para loitar contra o desemprego. É tamén certo que para unha mesma enfermidade se teñen dado remedios ben contrapostos. Pero non parecen se-las receitas neoliberais, que vostedes aplican e defenden, as máis axeitadas: deixar que o mercado o regule todo; liquida-lo sector público; reduci-los impostos en sectores que teñen unha maior capacidade contributiva; ou camiñar, aínda que sexa timidamente —porque hai presión social— cara á privatización dos servizos públicos máis básicos, como poden se-la sanidade ou o ensino.

O fondo do asunto está en que, para os poderes económicos e os seus representantes políticos, a primacía é regula-la economía á medida dos seus intereses, constituíndo o paro unha variable residual, só importante na medida en que os seus efectos sociais e electorais poidan pór en perigo o tinglado. E nese aspecto vostedes enténdense ben, como representantes políticos deses poderes económicos. Aí teñen, se non, a rotura de negociacións a nivel estatal entre o Ministerio de Traballo e os sindicatos, porque o Goberno presentoulles un modelo de contrato que responde única e exclusivamente ás presións da patronal, establecendo unha relación laboral con total dispoñibilidade do traballador ante o empresario e unha flexibilidade de xornada inaceptable. Este, desde logo, non é un bo camiño, sobre todo nun momento en que se están producindo grandes transformacións de reestructuración industrial e innovación tecnolóxica. Como tampouco é o camiño a sanción que vostedes, como Goberno, plantexan nos seus presupostos para o ano 1999, nos que a partida que vai orientada a crear emprego se ve rebaixada con respecto ó ano anterior. Nin tampouco o camiño parece se-la política caciquil que fan os seus representantes políticos nas institucións, como é o caso do señor Baltar, que acaba de meter nun grave problema á Consellería de Sanidade, e concretamente ó Sergas, pola política que estivo levando durante anos no Hospital Provincial. Unha política que utilizou como arma para vender favores políticos e para meter aí os fillos dos seus seguidores

políticos e que agora, nestes momentos, ve como se están lesionando os dereitos daqueles que se presentaron lexitimamente e aprobaron unha oposición. Está creando un grave conflito a nivel provincial e estallo creando á propia Xunta.

Polo tanto, o camiño é plantexar reformas de carácter estrutural, como pode ser —e aquí xa se mencionou por parte do representante do Bloque Nacionalista Galego— a redución da xornada laboral e o reparto de traballo, que non vai ser loxicamente a panacea para acabar co paro, pero que vai permitir exemplarizar con feitos a necesidade de avanzar nesa dirección e que se pode combinar con outras iniciativas, como é utilizar unha parte das melloras en produtividade na redución da xornada de traballo, establecer máis trabas e penalizacións no uso das horas extraordinarias ou fomenta-la xubilación anticipada.

Tamén se pode avanzar nos novos xacementos de emprego. E aquí si que a intervención do Goberno é decisiva, xa que son servizos que desde o punto de vista mercantil poderían carecer de interese; pero o que si teñen é, cada vez máis, unha grande importancia para a sociedade.

Pero no mellor dos casos, con todas estas medidas que se vaian tomar non se van obter grandes resultados no curto prazo. Mentres tanto, ¿que facemos con aqueles que se encontran no paro, con aqueles que carecen de prestacións sociais, con aqueles que se están vendo excluídos, con aqueles que están caendo na pobreza? Nese aspecto consideramos que a proposta que fai o Bloque Nacionalista Galego é adecuada, é oportuna, e creo que é xusta para un sector importante da nosa sociedade. Nese aspecto imos apoiar-lo salario social que propón o Bloque Nacionalista Galego. E nós diríamos que debería ser un salario que debe partir do recoñecemento da solidariedade, solidariedade como dereito entendido en dobre sentido: solidariedade para a subsistencia, mediante unha renda social básica, e solidariedade para incorporarse á sociedade mediante apoio social, mediante a creación de políticas activas. É decisivo este carácter de dereito e non de benevolencia graciáble. Non pode ser unha humillación ou o sometemento á discreción oficial de conceder ou non a paguñña, que só iría a reforza-la exclusión. En segundo lugar, debería articularse adecuadamente —e xa foi mencionado tamén polo represen-

tante do Bloque— con outros sistemas de protección social. E en terceiro lugar, debe de adquirir carta de natureza no sistema global de prestación social esta renda básica, que pode non se-la principal medida de loita contra a exclusión á grande escala, pero si que pode se-la medida que esperte unha dinámica social en favor da integración. Polo tanto, nós anunciámo-lo noso voto afirmativo nesta moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Casares.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Gracias, señor presidente.

Señor Vega, presenta vostede hoxe aquí no nome do BNG unha moción que —debe se-la primeira vez— é un calco exacto dun dos puntos da súa interpelación. Di a moción que “... mentres non se faga efectivo o dereito ó traballo legalmente recoñecido a toda a cidadanía galega, adopte as medidas lexislativas necesarias que permitan o establecemento dun salario social ou dunha renda básica para aquelas persoas desempregadas que non perciban ningunha prestación ou axuda”.

Este, exactamente, era un dos seus puntos da interpelación, ó que lle contestou a conselleira, que lle manifestou a postura do Goberno en torno á súa interpelación. Volvéndolle repeti-lo que lle dicía a conselleira, creo que estaba o debate feito; porque, ademais, vostede —e como non debía ser menos, xa que fai a mesma pregunta na moción— repetía exactamente o debate que fixo con motivo da defensa da súa interpelación. Engadía algunhas cousas, algunhas cousas despectivas cara á señora conselleira; por exemplo, que caricaturizara algunha das súas propostas. Ningunha. O único que fixo foi discrepar educadamente, e con datos serios e rigorosos, da proposta que vostede fai. Unha proposta, por demais, absolutamente demagóxica, totalmente demagóxica. Eu non sei, pero empezaría por preguntarlle en qué comunidade do Estado español, en qué estado da Unión Europea ou en qué lugar do mundo existe algo do que

vostede propugna. Si, seguramente en países do leste cunha filosofía stalinista, que ó único ó que conduciu, e sabémolo todos, foi a repartir miseria entre todos. Seguramente iso é o que vostede pretendía aquí.

Mire, nós pensamos —como dicía a señora conselleira— que o pago dunha prestación ten que ir ligado a unha situación de necesidade, e unha situación de necesidade non está necesariamente ligada a unha situación de desemprego. Segundo a súa teoría, e eu pónolle un exemplo, tódolos estudantes universitarios e de formación profesional que remataron este ano no mes de xuño, ou agora en setembro, terían que estar todos cobrando xa un salario social, que ademais vostede equipara ó salario mínimo interprofesional. ¿Vostede cre que iso sería xusto na maioría dos casos? Porque haberá moitos deses estudantes, xente que acabou, que teñen familias, un ámbito familiar no que están vivindo, que teñen posibilidades para poder vivir dignamente. Por iso o Goberno, na liña de tódolos gobernos, na liña do Cumio de Luxemburgo e tamén dos acordos estatais do Plan de emprego, loita polo que é a tónica en todo o mundo, que é a creación de emprego, señoría. E o Goberno galego está á cabeza —e vostede sábeo— en adicar fondos para ese fin. Así é como nós concibímo-la loita contra o desemprego, que todo o mundo poida, de acordo co principio constitucional de dereito ó traballo, ter un traballo digno. Pero diso a que vostede diga —ademais dun modo totalmente esperpéntico— que faría falta un cambio político para poder implanta-lo salario social... Se vostede me di en qué país do mundo existe iso... Iso é pura demagogia.

Pero ademais vostede chega a unha contradicción, porque na súa moción pide, como acabo de ler, establecer un salario social ou unha renda básica para aquelas persoas desempregadas que non perciban ningunha prestación ou axuda. Logo no debate di que, claro, iso ten que ir ligado a unha prestación social substitutoria. Dío no debate, aquí non o di, pide unha renda sen máis. Como digo, é acabar repartindo miseria entre todo o mundo. Nós loitamos por que tódolos galegos e tódalas galegas teñan un traballo digno. Este ano dedícanse neste presuposto 28.000 millóns de pesetas a ese fin. E aí están os acordos asinados con tódalas centrais, agás unha, en busca dese fin.

Mire, vostede dramatizou, como xa fixo na outra intervención —vostede a iso chámalle na resposta caricaturiza-la súa intervención, pero vostede dramatizou—, fixo unha actuación totalmente teatral, dicindo que se non se lles concede ese salario social —que vostede, como digo, equipara ó salario mínimo interprofesional—, os desempregados estarán condenados á desesperanza, á frustración; e só lle faltou dicir que á morte. Pois mire, non é así.

Eu téñolle que dicir que foi este Goberno tamén o que dictou a Lei da RISGA, a Lei 9/1991, de medidas básicas para a inserción social, e que ata o 30 de xuño deste ano ten atendidas máis de 28.000 solicitudes. E tamén lle teño que dicir que o 56% é renda de integración social, popularmente coñecida como RISGA, e o 44% son axudas de emerxencia social. E aquí tamén entran os desempregados que teñen eses problemas. En total, de RISGA son 15.772 solicitudes, e de axudas de emerxencia social, 12.423. É máis, en 1993, de 3.174 solicitudes resolvéronse 1.902, un 60%. No primeiro semestre deste ano, de 2.899 solicitudes atendéronse 2.424, o 85%, señoría. E aquí están. Pode haber, efectivamente, desempregados, ou como lle dicía antes, estudantes que acaban, que estean en situación de necesidade ou de marxinalidade, e aí están esas axudas. Teñen dereito, como calquera outro, a esas axudas. Pero as prestacións, para nós, teñen que ir ligadas a situacións de necesidade, e non necesariamente as situacións de necesidade están ligadas ó desemprego.

E polo que se refire tamén ó desemprego, vostedes saben que hai dous tipos de axudas. Unha, que é estar en situación de alta na Seguridade Social, que non modificou este Goberno; a redución dos meses de cotización non foi algo que fixera este Goberno, sabe que é unha normativa estatal. E hai despois, tamén, a prestación por desemprego no seu nivel asistencial, que é un subsidio para todos aqueles traballadores que, esgotando a prestación contributiva por desemprego, teñen cargas familiares —maiores de 45 anos, emigrantes retornados, liberados de prisión, etc.—. Hai todo tipo de axudas. E este ano, a RISGA, dentro de axudas de emerxencia social e da renda de integración social, contempla 2.000 millóns de pesetas nos seus presupostos, unha cifra realmente elevada, a máis alta que nunca se adicou aquí para poder paliar e cubrir esas situacións de necesidade.

Ben, señoría, vostede repetiu tódolos argumentos da súa intervención. Creo que a nosa postura está clara. Apostamos clarisimamente por políticas activas no que concerne a emprego e non por políticas pasivas, por políticas subsidiarias, que despois se converten xustamente —do que vostede nos estaba acusando a nós— en políticas clientelares. Estamos xusto ó revés, en que todo o mundo na nosa comunidade teña un traballo digno.

Do texto da súa moción e da súa intervención tamén se desprende unha tendencia a confundir, señoría, o paro coa pobreza. Os salarios sociais en Galicia e no resto do Estado funcionan para paliar as situacións de marxinalidade, por exemplo, para axudar as persoas que se atopan en situación marxinal, os colectivos nesta situación, como poden ser familias monoparentais, persoas con minusvalidez, empregados con rendas baixas, delincuencia, toxicomanías, prostitución, etc. Por iso, respecto de se consideramos necesario establecer un salario dirixido ás persoas desempregadas que non reciban ningún subsidio ou seguro de paro, pois mire, señoría, non soamente non consideramos necesario iso, senón que ademais entendemos que sería contraproducente establecelo, xa que a implantación dun salario dese tipo responde a mentalidades de crear dependencia de subsidios públicos en vez de crear riqueza e postos de traballo. Non compartímo-la filosofía de estende-la política de subsidios, senón que os recursos públicos deben de ir na liña que eu lle expoñía antes de creación de emprego e riqueza, que é o que se está a facer en Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rodríguez Pérez.

Réplica por parte do señor Vega Buxán.

O señor VEGA BUXÁN: Si, señor presidente.

Señor Rodríguez, entérese ben do que é caricaturizar. Caricaturizar unha posición é simplificala ata levala ao absurdo, e iso é o que fixo a señora conselleira na intervención pasada coa posición do noso grupo, tratando de facer crer que o noso grupo pensa que co salario social se resolve o problema do desemprego, cousa que nós nunca dixemos. Iso é caricaturizar a nosa posición, e afirmar iso non é despectivo pola no-

sa banda cara a ela, senón rigorosa reprodución dunha realidade. Vostede tamén fixo agora o mesmo, caricaturizou a nosa posición. E aquela persoa que normalmente, sistematicamente, caricaturiza ¿sabe por qué é? Porque non ten argumentos, porque carece da seguridade argumental necesaria para non recorrer a ese truco, un truco moi vello polo demais.

Di vostede que a nosa proposta é demagóxica e que lle diga eu en qué país se fai isto. Pois mire, voulle dicir, para que se enteira, para que se documente antes de subir a esta tribuna, que se vostede nos chama a nós demagóxicos, a un que lle ten que chamar demagóxico tamén é concretamente ao señor Manuel Pimentel, secretario xeral de emprego da Administración central. ¿Sabe por qué? Porque este señor recoñeceu, tal como viña na prensa, que o Goberno central estaba estudando que polo menos 12.000 desempregados de longa duración e con cargas familiares tivesen un salario, señor Rodríguez. E os sindicatos o que lle replicaban é que en vez de ser 12.000 tiñan que ser moitos máis, porque ademais ¿sabe vostede que o Inem ten beneficios? ¿Sabía vostede que o Inem ten beneficios, señor Rodríguez? ¿Vostede cre que é moralmente aceptábel que nun territorio como o do Estado, con tantos desempregados, o Instituto Nacional de Emprego teña beneficios? ¿Vostede cre que iso é de recibo? ¿Vostede cre que se pode alguén presentar diante da opinión pública aceptando esa realidade? E como non se pode aceptar, ata ese señor estaba disposto a considerar parcialmente unha medida parecida á que nós propoñemos, non exactamente igual.

Pero dígolle máis, señor Rodríguez, entérese vostede de que no Parlamento Vasco se presentou no ano 1997 unha iniciativa lexislativa popular a favor do recoñecemento dunha carta de dereitos sociais. No debate que se produciu no Parlamento Vasco para a toma en consideración desa iniciativa o representante do Partido Popular, que votou a favor da toma en consideración desa iniciativa, chegou a dicir nun momento —leo literalmente—: *“Claro que es importante que este Parlamento apruebe en su día una carta de derechos sociales, porque la libertad no existe sin la dignidad del ciudadano”*. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Claro, ¿que ten que ver? Non, está claro que para vostedes...

O señor PRESIDENTE: Non debatan, por favor.

O señor VEGA BUXÁN: Non, que non debata el comigo. Que non debata el comigo.

O señor PRESIDENTE: Refírome ó señor Rodríguez.

O señor VEGA BUXÁN: ¿Refírese ao señor Rodríguez? Moi ben, estou de acordo con vostede.

En todo caso, o que está claro é que para vostedes a dignidade dos cidadáns vascos é unha cousa, pero a dignidade dos cidadáns galegos parece ser que é outra. Porque o que vale no Parlamento de Gasteiz non vale no Parlamento galego. ¿Por que non aceptan vostedes a toma en consideración desta iniciativa ou doutra? Porque nós puidemos traer aquí unha proposición de lei sobre esta materia, puidémola traer. E non descartamos a eventualidade de traela, pero optamos por unha fórmula, precisamente, que lle dera ao Executivo do Goberno galego unha maior flexibilidade para discutilo posteriormente aquí. Pero vostedes está visto que optan por unha prepotencia que noutros foros parlamentarios non se atreven, certamente, a utilizar.

E vou renunciar a discutir máis con vostedes porque está visto que non hai mellor xordo que o que non quere escoitar. Pero eu voulle dicir unha cousa, señor Rodríguez, de repartir miseria, o seu grupo, en xeral, pero vostede particularmente, saben moito. De repartir miseria en forma de axudas, vostede sabe moito. No territorio no que vostede se desenvolve é vostede un auténtico catedrático en repartir miseria e en crear esa mentalidade dependente. Vostede aí, desde logo, merece figurar no libro do *Guinness*, por iso que o que lle pasa a vostede non nolo bote en cara aos demais, que desde logo estamos a mil anos luz desa cadadura que vostedes practican.

Máis nada.

(*Aplausos nos escanos do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Pasamos a vota-la moción. Ocupen os seus escanos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, a moción queda rexeitada.

MOCIÓN DO G.P. DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, POR INICIATIVA DE D. MANUEL VEIGA POMBO, SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS POLO GOBERNO GALEGO PARA A ADAPTACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS Á LEI 5/1997, DE ADMINISTRACION LOCAL DE GALICIA, E PARA O DESENVOLVEMENTO DESTA.

O señor PRESIDENTE: Para a defensa desta moción, ten a palabra o señor Veiga Pombo.

O señor VEIGA POMBO: Señorías, no debate que mantivemos cando se formulou a interpelación xa explicáramos que este debate xurdira case dun feito que nos permitira constatar na Comisión Institucional unha posición que nos preocupou por parte do Partido Popular en relación cunha evidencia que se estaba a producir de non adaptación, por parte dunha mancomunidade en concreto, á actual Lei de Administración local de Galicia. Era unha non adaptación a unha cuestión de principios porque esta lei manifesta, como non pode ser doutro xeito, o respecto ó principio de pluralidade política dos membros desas entidades locais non territoriais que se constituían ó abeiro desta lei.

Como consecuencia disto quixemos testa-la posición do Goberno con respecto á aplicación desta lei, e logo pois xa facer un repaso moito máis amplo, no cal pasamos vista ó que veu sendo a aplicación desta Lei de Administración local de Galicia desde a súa aprobación ata hoxe. É unha lei que loxicamente ten unha serie de mandatos, ten unha serie de principios, que vimos constatando que non se cumprían en moitos destes casos.

Ante a nosa interpelación, ó señor conselleiro vímolonunha actitude de non negar algunhas das cuestións que aquí se dixeron, pero nunha actitude defensiva, nunha actitude de dicir que a Xunta ten unhas

certas competencias, que ten unhas certas limitacións, pero sen querer entrar a fondo a facer cumprir unha lei propia da comunidade, elaborada pola propia Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. De aí que nos vexamos na necesidade de presentar unha moción, que é unha moción que realmente non debería plantexar ningún problema, como outras moitas que aquí se presentan neste Parlamento, nesta Cámara. Non debería representar ningún problema posto que en realidade non se está pedindo pois nada máis que a aplicación dunha lei e, se acaso, se fixese falta, facer unha modificación desa lei para que se cumpra. Porque aquí argumentou o señor conselleiro que parece que algunhas cousas lle presentaban problemas legais para facer cumprila propia disposición da lei. En realidade, do que se trata é de impulsar realmente a acción de goberno para que esta lei se poña en marcha definitivamente nos prazos previstos tamén dentro desta propia lei.

Empezamos por entrar no punto primeiro desta moción, que era o relativo á adaptación das entidades locais non territoriais —por exemplo, mancomunidades de concellos—, que obriga a que os representantes das mesmas representen a pluralidade política das entidades das cales son representantes. Este é un dereito que lles concede a lei a tódalas comunidades, a tódalas entidades non territoriais, en concreto ás mancomunidades; é un dereito que pretende manter esa pluralidade da oposición, de ter uns representantes da oposición nesas mancomunidades, é dicir, que non sexan órganos que soamente representen maiorías, senón que sexan órganos que representen tamén as minorías.

Iso, que é un principio que está na lei, non se está a cumprir. E o conselleiro non nos puido dar garantías de que tivese a vontade real de facer que iso se cumpra. Posiblemente porque hai poderes fácticos que lle impiden levalo a cabo. Hai persoas que teñen un peso no Partido Popular que non se deixan someter ós principios desta propia lei. ¿Por que? Pois porque esta lei realmente ten unha eiva en relación coas entidades locais que xa estivesen constituídas con anterioridade, porque non dispuxo unha disposición transitoria para darlles un prazo concreto de adaptación a esta nova lei. De aí que nós na nosa moción, no primeiro punto, pidamos que a Xunta de Galicia adopte as medidas que a lexislación lle permite para garantir que tódalas

entidades locais non territoriais constituídas con anterioridade á entrada en vigor desta lei se adapten ó disposto nela, particularmente no artigo 141 da lei, no prazo máximo de seis meses. É dicir, hai que marcar un prazo porque non pode ser que exista unha lei que marque unha directriz de cómo teñen que ser estas entidades e que esteamos vendo que non se adaptan e que non se fai absolutamente nada por parte da Administración galega. De aí que, se a lei non fose suficiente tal como está, instámo-lo Executivo para que presente as medidas que considere oportunas para que isto se faga efectivo, e non que se siga a escudar en dificultades de tipo legal que lle impiden actuar.

En segundo lugar, presentamos unha medida de impulso en relación co apartado do desenvolvemento regulamentario desta lei. Vostedes xa tomaron prazos dabondo —cando fixeron a lei— para ter tempo para face-los regulamentos. Non creo que sexa necesario recordar que non é unha cousa que apareza da noite para a mañá neste Parlamento e que se publique e entre en vigor de inmediato. É unha lei que ten unha presentación, que ten un período de debate, que ten logo unha publicación, á que aínda despois lle dan tres meses máis de prazo para a entrada en vigor e na que se marca un prazo dun ano para face-los regulamentos.

Ben, pois a pesar de todos eses prazos que o propio Executivo se quixo dar no proxecto de lei, e que están aprobados na lei, eses prazos estanse a incumprir. Porque xa se acaba o prazo dentro de catro días e o conselleiro recoñeceu aquí, no último debate, que non ían estar feitos os regulamentos que están previstos na lei para cando estaba previsto que estivesen feitos.

Ese é o regulamento que equivale ó Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais estatal, que non ten aínda o seu correlativo regulamento, polo cal, téñense que rexe-lo conxunto das entidades locais galegas por unha simple cuestión de ineficacia da Xunta de Galicia; ineficacia constatable e recoñecida polo incumprimento dos prazos que eles mesmos ou que vostedes mesmos quixeron darse, porque nada impide que mentres está feito un proxecto de lei se vaia traballando xa na elaboración dos correspondentes regulamentos. Agora resulta que o problema é, como vén sendo moda ulti-

mamente nesta Administración, que os técnicos, que eran marabillosos para face-la lei, segundo o señor conselleiro, que se fixo exclusivamente dentro da consellería —a lei o que ten é un compoñente máis político, o regulamento ten un compoñente fundamentalmente técnico—, non sirvan e haxa que pedir unha asistencia técnica, que nos anunciou aquí o señor conselleiro como desculpa polo atraso na elaboración do regulamento, que é unha forma de externaliza-lo traballo que está seguindo ultimamente a Xunta de Galicia para que se faga este regulamento fóra da Xunta de Galicia e pagando o que sexa necesario nese caso.

Hai unha serie de medidas dentro da propia lei que tamén estaban anunciadas, como era a do apoio ás mancomunidades que se cita no artigo 136 da lei, onde se anuncia que para a fundación de mancomunidades, todo o apoio que sexa preciso, dende o apoio técnico ata apoio económico. E logo encontrámonos coa realidade —que foi recoñecida, como non podía ser menos, polo conselleiro— de que entra en vigor a lei o ano pasado, de que se presentan os orzamentos, non no prazo —porque estabamos de eleccións naquel momento— previsto, cando tiña que ser, senón xa no ano 1998, e no ano 1998 as mancomunidades figuran nos orzamentos con cero pesetas. É dicir, que de apoio económico ás mancomunidades, nada de nada.

Despois do debate, anuncia que nestes orzamentos si aparecerá, e non sei se é que xa o anunciou porque o tiña previsto ou por non quedar mal. Ben, a verdade é que para non quedar mal inclúese unha partida de apoio ás mancomunidades de toda Galicia de 15 millóns de pesetas, que non deixa de ser irrisoria; unha cantidade tan irrisoria que se gasta en calquera festa, en calquera viaxe institucional ou en calquera pequena actividade que organice a Xunta de Galicia.

Pois isto é o que tamén estamos a constatar: que non existe vontade de levar adiante estas actuacións previstas. E falabamos tamén doutra cuestión importante e nova, como era, a constitución das áreas metropolitanas de Galicia, que parece que é darlle forma legal a unha realidade que existe e que representa unhas posibilidades de futuro importantes. Co cal, a Xunta de Galicia, ata o momento, aínda non fixo absolutamente nada máis que publica-la lei.

E, por último, un terceiro bloque que é a fiscalización, o control e as capacidades de recorrer-las decisións que incumpran o ordenamento por parte das entidades locais. Neste caso, o señor conselleiro fixo unha manifestación practicamente de impotencia, porque dixo, textualmente, que a Xunta de Galicia non tiña capacidade para obriga-las entidades locais a cumprir unha lei; dixo que non tiña unha función fiscalizadora, tal cal, así, aínda que logo a lei —artigos 216 e 217— pon claramente de manifesto —como xa na antiga lei estatal— que o señor conselleiro, a Administración, pode pedir información e impugnalos acordos que sexan contrarios ó ordenamento legal.

Pero hai máis que nós reclamabamos tamén, que é que non soamente se vixiase —dixo que foran 77 actuacións as que se fixeran supoño que nun ano; 77 actuacións en 312 concellos, que xeran cada un deles varios centos de acordos, e estamos falando, ó mellor, de 30.000 acordos, dos que só hai 77 controlados ou ós que, polo menos, se lles pediu información—, senón que non se celebran plenos na maior parte dos concellos rurais de Galicia, onde os alcaldes campan polos seus respectos e onde a consellería non actúa nin pedindo información nin pedindo que se convoquen nin facendo ningún tipo de actuación. E iso si que ten unha gravidade moi importante, porque é impedir-lles ás oposicións dos seus respectivos lugares, da color política que sexan, face-lo labor que constitucionalmente lles compete de control e de impulso dos executivos respectivos. Ante esta situación, o señor conselleiro dixo que aí non había nada que facer. Polo menos así o entendín eu das súas manifestacións.

De aí que nós non poidamos quedar impasibles ante esta situación e teñamos que traer á Cámara unha iniciativa de impulso para que se garantan os dereitos tamén dos concelleiros da oposición naqueles lugares onde non se celebran os plenos nos prazos previstos pola propia lexislación. Incluso agora a nova lei da xurisdicción do contencioso permite non soamente a impugnación de acordos positivos senón tamén as medidas ante a parálise da propia Administración, que lle concede esas posibilidades de instar a que actúe e se non a recorrer á vía do contencioso. Pois isto é o que queremos que faga a Xunta de Galicia, mantendo o amparo da Administración sobre os dereitos consti-

tucionais dos membros das corporacións locais de toda Galicia.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas señor Veiga.

¿Grupos parlamentarios que queiran intervir?
(Pausa.)

Ten a palabra o señor Suárez Canal polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, a moción que presenta o Grupo Parlamentario Socialista reclama o cumprimento da lei en dous aspectos concretos: os referidos ao punto 1 e ao punto 3, que nós apoiaremos como xa fixemos patente na nosa intervención o día que se produciu a interpelación.

O segundo punto reclama o impulso do Parlamento do desenvolvemento regulamentario dunha lei que convén dicir, en primeiro lugar, que deixou moitos aspectos relevantes en mans, precisamente, dos regulamentos. E, en segundo lugar, que moitos deses aspectos afectan á concepción que se ten da Administración local en Galicia. Nese sentido, nós non compartimos os mesmos criterios que comparte o Partido Popular, como xa se fixo patente no debate de totalidade desta lei. E, sobre todo, pensamos que antes de impulsar de forma xenérica e de darlle un mandato á Xunta de forma xenérica para ese desenvolvemento regulamentario sería importante sentar as bases do que debería ser a articulación racional da columna vertebral dun país, que sería teoricamente a Administración local.

É dicir, unha cousa é impulsar aspectos concretos aos que fai referencia a lei, e que nós estaremos sempre dispostos a considerar, e outra distinta é reclamar e impulsar a capacidade xenérica de desenvolvemento da lei, que, neste caso, se poría, ademais, en mans da Xunta, coa que nós fundamental e basicamente non compartimos os mesmos criterios. Esa vai ser a razón de que nós non votemos afirmativamente o punto 2,

se o proponente acepta a votación por puntos da moción.

Pero queremos ademais motivar, nese mesmo sentido e nesa perspectiva, algunhas reflexións sobre a Lei de administración local de Galicia e sobre a súa significación. Logo dun impulso xenérico que se demanda no punto 2, e non concreto, é importante ao noso xuízo que neste Parlamento se faga unha mínima reflexión e clarificación da funcionalidade competencial que cada *escalón* da Administración debe ter. Pois precisamente algúns dos aspectos que fan referencia a esa funcionalidade competencial son os que se demanda de forma xenérica que se desenvolvan regulamentariamente, e afectan de forma básica a eses aspectos.

Dende a nosa perspectiva, a Lei da Administración local de Galicia debería ter marcado un antes e un despois. É a lei básica para estruturar un proxecto de país que culminaría cun executivo que sería o referente fundamental dese país. E iso non ocorreu coa Lei de Administración local galega, e non ocorreu fundamentalmente por dúas razóns. En primeiro lugar, estamos ante unha lei, a Lei de Administración local, que evidencia, como poucas, ata qué punto, dende a perspectiva do Estado e do mecanismo da Lei de bases —neste caso prevista na Constitución, artigo 149.1—, se *cercena* a capacidade competencial neste caso de países como o noso. A Lei de bases chega a regular cousas que realmente parecen increíbles para unha lei de bases; por iso a Lei da Administración local galega tivo pouco campo de manobra.

Pero é que, ademais, un segundo aspecto que é importante na Lei da Administración local galega, é que o Partido Popular non estivo disposto a intentar aproveitar a porta aberta que deixaba o marco xurídico-político actual para intentar potenciar, desenvolver e articular a columna vertebral dun proxecto de país. E nese sentido nós entendemos que non se lle debe, logo desta reflexión, dar un mandato xenérico ao Partido Popular.

Hai que ter en conta que a Lei da Administración local incide de forma determinante nun debate que hoxe está presente na sociedade: o debate de cómo se articula a perspectiva competencial dun país. E é un

debate que hoxe cuestiona moitos aspectos por riba e por baixo. ¿Cales son os marcos referenciais nos que se deben exercer as distintas competencias? ¿Por que, curiosamente, é posible cuestionar e reclamar como referente o incremento competencial da Unión Europea e dos concellos e non é posible reclamar soberanía, capacidade competencial e modificación desa capacidade para o noso país? Resulta pintoresco que esteamos observando cómo se erguen voces, mesmo instaladas en determinado irracionalismo, que enfrontan a uns concellos con outros, que reivindicán irracionalmente determinados marcos referenciais a nivel municipal, pero que descualifican con argumentos e anatemas o avance da consolidación dun proxecto de país.

Así vemos cómo non hai reparo en facer *capilla* de determinados marcos municipais, mesmo enfrontándose a outros e reclamando sarna para todos os demais e, sen embargo, cando desde un proxecto de país, e tendo en conta os nosos sinais de identidade, reclamamos unha redistribución competencial que incrementa o noso peso e a nosa soberanía, iso parece que é o único que non se pode poñer enriba da mesa. Pódese poñer enriba da mesa e pódense transmitir competencias do Estado á Unión Europea, mesmo competencias que a Constitución recolle como propias do Estado; pódese falar de que hai que redistribuír as competencias galegas mesmo entre concellos; o que non se pode en ningún caso é inmutar o marco referencial que hoxe ten a nosa arquitectura xurídico-política. E nese sentido nós dicimos que é importante proceder a esta reflexión antes de darlle un mandato xenérico á Xunta para que desenvolva hoxe o regulamento que contempla a Lei da Administración local galega.

Nesta lei, ademais, é curioso o que se pode observar, porque é dos casos paradigmáticos nos que aparece o emparedado ao que se quere someter aos poderes políticos do noso país. ¿É tan fóra de lugar que reclamemos competencia exclusiva para Galicia no terreo da Administración local? ¿Está tan fóra de lugar que aquí poidamos decidir sobre cómo queremos facer articulación provincial? ¿Está tan fóra de lugar que no noso país poidamos abordar aspectos que leven á coordinación da actividade das deputacións, que despois se recorre diante do Tribunal Constitucional? ¿Que pode significar para a arquitectura constitucional do

Estado que en Galicia poidamos decidir cómo articulamos os nosos sinais de identidade en torno a unha administración local? ¿Non é bo para o noso país que teñamos competencias exclusivas na Administración local? Pois iso é o que nestes momentos tamén había que poñer en discusión enriba da mesa.

¿Por que o marco referencial para eses temas non pode ser o noso país? ¿Que problemas causa iso? Só cando se pretende sacralizar como inmovilista un marco referencial determinado, o feito de que un país como Galicia pretenda vertebrar os seus sinais de identidade de abaixo a arriba e pivotar toda a arquitectura da Administración con base, en primeiro lugar, na parroquia como primeiro *escalón* de participación política e posteriormente no concello, nas comarcas, onde terían cabida as áreas metropolitanas, a cohesión de todo ese proxecto de país nun Executivo con competencias e soberanía, nós entendemos que é a reflexión que está pendente. E esa reflexión é necesario tamén facela en cómo se vai insertar posteriormente o noso país no Estado, en cáles son as competencias que son necesarias para o noso desenvolvemento e en cáles son as competencias que debe exercer o Estado; esa inserción que despois tamén se pode prolongar nunha concepción de Europa diferente. Esa é a arquitectura que traduce o debate sobre a Administración local.

E, ao noso xuízo, mentres este debate siga pendente, mentres non se estea disposto a vertebrar o país con base no que é propio, non estamos dispostos a darlle un cheque en branco á Xunta para que desenvolva regulamentariamente todo o que fai referencia a aspectos concretos da Administración local deste país. Non estamos dispostos porque, basicamente, non coincidimos co proxecto que ten o Partido Popular para a Administración deste país. Por iso preferimos, en todo caso, a reclamación de desenvolvementos puntuais da lei, que nós estaremos sempre dispostos a apoiar.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Suárez Canal.

Ten a palabra o señor Ruíz Rivas polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor RUÍZ RIVAS: Gracias, señor presidente.

Señorías, empezando polo señor Suárez Canal, eu creo que nos fixo volve-la vista atrás a hai ano e medio, a un debate de totalidade que aquí xa se produciu, a un debate en totalidade superado, e a facernos ve-lo país que el quere ver polos seus ollos e pola súa boca.

O que eu lle teño que dicir é que o asunto que aquí estamos a tratar do desenvolvemento regulamentario desta lei é precisamente o desenvolvemento do modelo de país, do modelo que vén establecido na lei e que foi aprobado por este Parlamento. O resto, volvo dicir, é unha discusión que aquí xa se celebrou, evidentemente, na que o seu grupo estaba en minoría; é dicir, que a súa opinión tamén estaba nesa mesma minoría.

Señor Veiga, dicía certo filósofo popular que a xente é moi amiga de crer todo por si; pódese contar que se chega á lúa en media hora e creo, pódese contar que en certo país sae un meniño con corpo de víbora e tamén o cre, pero se unha cadeira pon “*recién pintado*”, todo o mundo pon a man a ver se, efectivamente, é así ou non. E vostede está a face-lo mesmo, porque vostede presenta unha interpelación que xa naquel momento dicía o señor Rodríguez Feixoo —eu creo que atinadamente— que lle parecía precipitada. Pero é que a pesar desa precipitación, a pesar da exposición e dos detalles —eu creo que tamén a todas luces clarificadores— que lle deu o señor conselleiro, vostede vén incidir, a través dunha moción, en solicitarlle á Xunta accións que, por unha parte, xa vén realizando e, por outra, creo que foron suficientemente explicitadas nese debate de totalidade.

Esta lei, como recollía o señor conselleiro, tivo un impulso importante previo, un impulso que a outras leis non se lles tivo que dar. Dicía precisamente o señor conselleiro que se a ignorancia da lei non escusaba do seu cumprimento, neste caso, non se podía nin alegar ignorancia, xa que os concellos foron unha parte importante na elaboración da lei, e por outra parte tiveron ocasión de coñecerla incluso antes da súa entrada en vigor a través de xornadas, cursos de divulgación, información e estudo e en todos aqueles aspectos sobre os que a lei podía plantexar dúbidas. Así, tamén, do mesmo xeito, asinou un convenio de colaboración coa FEGAMP para levar a cabo esas acti-

vidades de estudio das necesidades derivadas da entrada en vigor da lei.

Pois ben, unha vez dito iso e unha vez que a lei entrou en vigor, eu creo que hai que entender correctamente cál é o papel da Xunta, cál é o papel do control da legalidade, e para iso debemos partir, indubidablemente, da autonomía das entidades locais como reconece a propia Constitución. E isto o que quere dicir é que a Xunta non está por riba delas, nin os concellos poden supeditarse, precisamente, a outra administración. Os concellos, as entidades locais, teñen unha autonomía propia. A quen si teñen que supeditarse os concellos, as entidades locais, é á propia lei, á lei que a partir do 6 de novembro de 1997, a Lei 5/1997, de Administración de Galicia, entra en vigor e, polo tanto, sen ningunha iniciativa especial de impulso, obriga a todos aqueles entes territoriais que se especifican na propia lei. Polo tanto, tanto as entidades locais xa constituídas como as que estean a constituírse, tanto unhas como outras, están supeditadas ó mandato imperativo desta lei.

Polo tanto, ten que quedar ben claro o que dixo o señor conselleiro, ten que quedar ben claro cál é a capacidade ou facultade que ten a Xunta para facer cumpri-la lei. E o señor conselleiro exactamente o que dixo —porque vostede veu dicir unha cousa completamente diferente— é que a Xunta non ten capacidade para obrigar por si os entes locais a cumpri-la lei, que non ten unha función fiscalizadora —vostede cortou aí a frase do conselleiro—, máis alá do que son as advertencias de ilegalidade nos acordos de órganos colexiados e seguindo incluso propoñer ou impulsa-lo contencioso administrativo. Si ten un labor fiscalizador, pero é exactamente o que o señor conselleiro fixo constar na súa interpelación. Non o que vostede dixo aquí, que simplemente o que fixo foi poñer un punto e esquece-lo resto das palabras do señor conselleiro.

Pois si, as entidades locais están sometidas ó réxime ordinario de control xurisdiccional dos seus actos administrativos. E, nese sentido, como dicía o señor conselleiro, a Xunta ten unha función fiscalizadora que non vai máis alá do que son as advertencias de ilegalidade dos acordos dos órganos colexiados e, se é o caso de incumprimento, debe advertir ou impulsa-

lo correspondente procedemento contencioso administrativo.

Pois ben, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Xustiza, competente na materia, fixo un importante labor fiscalizador neste ano que vai —que aínda, por certo, non vai transcorrido ese ano, o seis de novembro cumpriase—. Solicitáronse máis de 176 peticións de información, en máis de 27 ocasións fixéronse requirimentos expresos ós concellos e están plantexados neste tempo dous contenciosos administrativos.

E como tamén lle explicaba ó señor Palmou, a maior parte destes requirimentos foron aceptados polos concellos, ou ben se rectificou, tal e como se lles solicitaba. E eu teño que dicirlle que, froito tamén dese importante labor fiscalizador que a Xunta de Galicia levou a cabo nestes once meses, estase a producir na súa aplicación maior requirimento do que se facía coa Lei de bases de réxime local. E iso que tamén é certo —temos que dicilo porque non é menos certo— que os concellos, a pesar do pouco tempo transcorrido, practicamente na súa totalidade están a cumpri-la lei. E algúns, os máis tardíos, que si que os hai, estano a facer paulatinamente, e fano, como dicía, entrando no que ten que se-la dinámica de cumprimento dunha lei que é tan importante para Galicia.

Pero eu quero dicirlle tamén á súa señoría que neste pouco tempo transcorrido algún concello non tivo nin por que celebrar máis de cinco plenos. As actas deses plenos, cos inconvenientes técnicos que ás veces teñen os concellos, teñen que ser transmitidas á consellería para que despois se poidan facer eses requirimentos. E no caso das mancomunidades, que non teñen o prazo de dous meses e si o que o seu propio Estatuto e organización aprobe, pois ese labor fiscalizador en moitas ocasións é máis difícil neste pouco período de tempo que levamos transcorrido. Isto hai-no que dicir así.

Polo tanto, eu creo que a Xunta de Galicia, polo que respecta ós seus dous primeiros puntos, está a desenvolver con eficiencia e con eficacia o seu labor de control da legalidade, que fai necesario, precisamente, a presentación deses puntos. Por certo, que o novo proxecto de pacto local vostedes saben que, como é básico, naquilo non regulado será dereito supletorio

na nosa comunidade, régulase unha convocatoria automática dos plenos para diversos supostos. Iso creo que tamén o hai que dicir aquí.

En canto ó punto segundo, do desenvolvemento regulamentario da lei —o señor Suárez Canal, por certo, parece descoñece-la potestade regulamentaria do Executivo, ou non sei se lla quere restar—, pois eu creo que tamén, máis forte incluso que o imperativo legal que pon a propia lei, é o imperativo moral dunha lei que é aprobada por este Parlamento. O propio partido e o grupo que sustenta o Goberno traballaron a reo para sacala adiante, e a mesma intención ten de sacar adiante eses regulamentos. E, se non, vostede fíxese en que a lei fala de seis meses para a constitución da Comisión Galega de Cooperación Local, e así foi feito; a propia Comisión Galega de Cooperación Local, importantísima en todo o desenvolvemento regulamentario da lei, xa tamén emitiu informe favorable de regulamentos que atinxen ó réxime local e foi aprobado o seu propio regulamento de organización e funcionamento. E, como dicía, tivo importantes asuntos xa encima da mesa.

No tempo transcorrido, a Xunta de Galicia aprobou a constitución da Comisión Galega de Cooperación Local, aprobou o seu regulamento de funcionamento, aprobou tamén o regulamento de concellos turísticos e ten pendentes tan só de publicación no DOG outros tres regulamentos importantísimos, como son o da comisión de heráldica e o do rexistro de entidades locais de Galicia. Polo tanto, eu creo que se está dando un importante labor de impulso regulamentario. Pero aínda vai máis alá, posto que o regulamento xeral, importantísimo no desenvolvemento desta lei que practicamente atinxe a un 90% dela, está practicamente elaborado por persoal da consellería e por unha asistencia técnica que vostede mencionou aquí, que, como dicía o señor conselleiro, é para, precisamente, dada a súa complexidade técnica, contar coa opinión de expertos, pero esta asistencia técnica non vai facer ese desenvolvemento. Nestes momentos xa está practicamente elaborado, e era compromiso do señor conselleiro e é compromiso do noso grupo o feito de que se non pode estar publicado para que entre en vigor no prazo dun ano, si estará elaborado. Polo tanto, eu creo que o Goberno galego está dando importantísimos pasos cara a conquistar ese desenvolvemento regulamentario.

Xa que logo, nós imos votar en contra da súa proposición.

Moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Ruíz Rivas.

Ten a palabra o señor Veiga Pombo.

O señor VEIGA POMBO: Señor portavoz do Grupo Popular, non se pode desorienta-la opinión pública facendo ver ou facendo crer que as obrigas do conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais nacen coa aprobación desta lei, posto que antes da publicación desta lei existía a lei estatal que xa lle concedía as mesmas competencias fiscalizadoras que se recollen nesta nova Lei de Administración local de Galicia. É dicir, cando nós traemos isto aquí, non quere dicir que o señor conselleiro, ata que se aprobe esta lei, non tivese que facer ese labor de fiscalización dos acordos municipais, xa o tiña. Polo tanto, non diga: Non, é que levamos pouco tempo de aplicación desta lei.

Con respecto á intervención do representante do BNG, pois anuncia o voto favorable a dous puntos da nosa moción e desconfía da capacidade da Xunta á hora de face-los regulamentos. Evidentemente, nós tamén desconfiamos do que vaia face-la Xunta con eses regulamentos, pero tamén ten a capacidade de facelo, ten o mandato legal de facelo e non o está facendo. Nós consideramos que é preciso que cumpra o desenvolvemento desta lei, sen prexuízo de que a oposición poida plantexar modelos alternativos ou poida plantexar reformas puntuais da lei ou incluso falar dunha cuestión que excede da lei, como é o marco constitucional, ó cal se refire o señor portavoz do BNG e que nós consideramos que non é, neste momento, o obxecto do debate que aquí nos trae esta moción.

Dí que esta lei tivo un impulso previo importantísimo. Pois non discuto que puidese ter un impulso previo importantísimo. Nós do que estamos a falar é do cumprimento desta lei e de cómo incide na Administración local de Galicia. Porque eu díxeno nun caso en concreto. Esta lei, ¿como regula a adaptación de mancomunidades anteriores á publicación da lei que non están adaptadas, que non se queren adaptar, e como non se toma ningunha medida para que se

adaptan? Este é un problema en concreto que nós plantexamos, que se ten que resolver e que vostedes din: “A lei está aí, cúmprase”. Pero, tal e como está esta lei, hai unha serie de mancomunidades que, se non se adaptan, non hai ningunha medida prevista nin de prazos, nin de sancións, nin sequera de ningún tipo, para facer que isto se leve adiante.

¿Como se amaña o problema dos acordos ilícitos? Miren, teñen unha bagaxe eu penso que escasa, porque se se fala de setenta e tantas peticións de información ó longo de doce meses, pois saen a un promedio de seis por mes, nun país que ten 312 concellos, como dicía antes, e no que se fan centos de acordos por cada un deles. Pero é que, ademais, hai acordos ilegais evidentes, ou irregulares evidentes, que puxo de manifesto o Consello de Contas de Galicia. No caso este —que tanto se leva falado del— da Deputación de Ourense, con respecto ó persoal, aí hai un informe taxativo do Consello de Contas, e non se fixo nada por parte da consellería. Si o detecta o Consello de Contas, pero a consellería non foi capaz de detectar que se están facendo contratos, contratación de persoal, de modos ilegais, ou que se está facendo tamén contratación ilegal de obras.

¿Como se arranxa o problema dos plenos ordinarios que non se celebran? Porque hai concellos —fundamentalmente concellos rurais— que pasan meses e meses sen que se celebre un pleno ordinario, e substitúense —cando se substitúen— por plenos extraordinarios que impiden a función fiscalizadora da oposición. ¿Como se fai isto? Pois din: “Hai esta lei, cúmprase”. Pois iso é remiti-los concelleiros deses lugares a que teñan que ser eles os que leven estes casos ante a Administración de xustiza, cando iso debería ser feito por parte dese labor fiscalizador que lle compete, pola propia lei de Galicia, á Xunta de Galicia.

Con respecto, por último, ó que din vostedes, como modo anecdótico, da asistencia técnica, eu creo que iso non é desculpa. Durante un ano hai tempo suficiente para ter aprobados os regulamentos. E, se non, non ten sentido que se aprobe unha lei por este Parlamento á proposta do Goberno que fixa ese mesmo prazo. Parece absurdo que poñan vostedes o prazo dun ano. Póñano de dous ou póñano de catro; se o poñen dun, non nos digan: “É que está *recén* pinta-do”. Non, cumpuran o propio prazo da lei.

Entón, o que pedimos é que se cumpra estritamente este prazo e que non se amporen en asistencias técnicas, cando existe unha Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, cando existe unha Escola Galega de Administración Pública, que ten bastante que facer neste campo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VEIGA POMBO: Polo tanto, nós consideramos que a nosa moción é unha moción que ten que impulsa-las accións que a Xunta de Galicia non leva, fundamentalmente para facer que se cumpran esas mínimas garantías que esta lei lle dá á Xunta de Galicia para impugna-los acordos ilegais e cubrir, incluso, a non celebración de plenos que fagan posible o labor de fiscalización e control por parte dos representantes do pobo.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Veiga.

Pareceume entenderlle ó portavoz do Bloque que pedía a votación por separado do punto 2 da moción. Se non hai inconveniente e ninguén se opón procederemos, entón, á votación dos puntos 1 e 3 da moción. (*Asentimento.*)

Ocupen os seus escanos, por favor.

Imos a proceder á votación dos puntos 1 e 3 da moción.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes dous puntos.

Procedemos agora a vota-lo punto 2 desa mesma moción.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 15; votos en contra, 39; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, este punto queda, polo tanto, rexeitado tamén.

MOCIÓN DO G.P. DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, POR INICIATIVA DE D. JAVIER LOSADA DE AZPIAZU, SOBRE A ACTUACIÓN QUE SE DEBE LEVAR A CABO RESPECTO DA DECISIÓN DE IBERIA DE SUPRIMIR VOOS NOS TRES AEROPORTOS GALEGOS.

O señor PRESIDENTE: Existe unha emenda que foi presentada polo Bloque Nacionalista Galego e da que nos vai dar conta o señor secretario.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente): O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición á moción do G.P. dos Socialistas de Galiza (núm. 5.471, consecuencia da interpelación núm. 2.565):

“1ª. A dirixirse ao Ministerio de Fomento para que dote os aeroportos galegos da infraestrutura necesaria que garanta que a nosa particular meteoroloxía non sexa un impedimento para a aterraxe e despegue de voos.

2ª. A realizar un plan de infraestructuras de comunicación que facilite a comunicación entre as áreas urbanas do interior de Galiza cos aeroportos.”

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor secretario.

Ten a palabra o señor Losada de Azpiazu para a defensa da moción.

O señor LOSADA DE AZPIAZU: Señor presidente, señorías, señores do Goberno, finalizaba a intervención o señor conselleiro outra vez falando de orgullo, de que o orgullo era lexítimo e de que o grupo parlamentario tiña orgullo. Facía uso da primeira acepción que o *Diccionario da Real Academia* marca de orgullo. Eu referíame á segunda acepción, que tamén vén, á de afán desmedido das propias forzas. E eu falaba de que no Grupo Parlamentario do Partido Popular ás veces o orgullo os levaba a rexeitar certas

iniciativas da oposición. Non neste caso, que parece que o grupo parlamentario asume que a iniciativa producida pola interpelación do Partido Socialista de Galicia era consistente, era necesaria, e demostraba que a oposición, en certos temas, tamén ten boas iniciativas.

E tamén quero resaltar, ó presentar esta moción, que a interpelación era a demostración de que, se non estivesemos alerta, de que se non se presionase dende os colectivos, dende as institucións, de que se non se mobilizase a sociedade como se mobilizou e de que se non se lle permitise á empresa pública Iberia facelo que quería, agora, os resultados serían outros. E demostrábase que o Parlamento ten efectividade cando toma esas cousas en serio, que o Goberno sabe colle-las cousas e tomar iniciativas —e aquí eu quero felicitalo Goberno pola iniciativa tomada— e que isto nos debe servir para aprender noutros conflitos. Para aprender doutros conflitos como os de Renfe, para aprender doutros conflitos como os dos estaleiros, para aprender doutros conflitos como os do tabaco, para aprender doutros conflitos como Santa Bárbara e para aprender doutros conflitos como certos investimentos dos presupostos de Madrid. E tamén eu creo que nos debe servir a tódolos deputados e deputadas desta Cámara unha ensinanza de cál pode se-lo camiño das disposicións das empresas privatizadas.

Eu creo —e non lle doen prendas ó Grupo Parlamentario Socialista— que a Comisión creada polo Goberno galego funcionou, que os alcaldes se sentiron arroupados polo Goberno galego e que cando as cousas funcionan sen ánimo acaparador nin exclusivista, senón co desexo de acadar conquistas para Galicia e se fan con consenso e con diálogo, as cousas van por bo camiño. Van por bo camiño, como puídemos observar nos medios de comunicación das últimas reunións con Iberia, pero tampouco pode un quedar parado, é preciso seguir. Seguir para que os investimentos sigan modernizando os nosos aeroportos, seguir para que os investimentos sigan ampliando os nosos aeroportos, seguir para abri-los horarios dos aeroportos a outras empresas e outras compañías que queiran facer novas rutas ou que queiran facer competencia actual, e tamén para unha cousa que é importante, que é para aproveitar que xa que vai se-lo ano 1999, duns grandes investimentos polo Xacobeo, ese sexa un momento importante para investir nos tres ae-

roportos, de xeito que o Xacobeo non sexa só un monopolio investidor, senón que sexa toda Galicia tratada no Xacobeo en contra do pasado, no que parece ser que Galicia non recibiu moito deses investimentos.

E tamén me van permitir que aproveite para dicirlles, dende a miña pequena posibilidade de influír no Goberno galego e no grupo parlamentario, que cunda o exemplo do conselleiro de Ordenación do Territorio, que cunda o exemplo para o resto dos conselleiros, para que saiban aglutinar, que saiban consensuar e que saiban valorar no seu territorio as opinións da oposición.

Non sei de qué rin, porque non é que estea dándolle flores ó conselleiro. Estou dicindo o que é a realidade de algo, estou transmitindo aquí o que me dixeron, tanto o alcalde de Vigo, tanto os representantes do Concello de Santiago, como o alcalde da Coruña. Eu estou criticando o que é un labor... E vostedes teñen que ter un pouco de responsabilidade cando votan que o resto dos conselleiros, en temas que dixen... Por exemplo, haberá que tratar que nos presupostos, na Lei de acompañamento, queren vende-los terreos da fábrica de tabacos da Coruña. ¿Acórdanse de cando xa llo dicía o conselleiro de Industria, que queren privatizar Bazán e Astano?

Pois esta é unha cousa que creo que debe levar a pensar ós conselleiros a que saiban valora-la importancia de acada-lo apoio da Cámara, de toda a Cámara, para evitar que en Galicia se poidan dar accións como esas. E que tamén os que están nestas bancadas —que, evidentemente, son maioría, e séntense apoiados pola maioría dos votantes— asuman que existe outra maioría superior en votantes, porque tamén hai que contar entre os votantes e os que se absteñen, que son máis, que poden ter outra opinión e que pode ser esa opinión igual ou mellor que a que vostedes poden interpretar.

E as medidas que se tomen nesa Comisión Galega de Transporte Aéreo deben ser sempre levadas por catro cousas: a demanda real que exista nos *hinterlands*, nos que operan os aeroportos; as demandas necesarias para a solidariedade interterritorial que necesita Galicia como fonte dos aeroportos; e a considera-

ción de que o transporte aéreo é un transporte estratégico en Galicia.

Creo que a moción que presentamos, no punto 1 e no punto 2, marca claramente o que é a intención do Grupo Parlamentario Socialista de darlles resposta ás demandas dos cidadáns, ás demandas dos usuarios e ás demandas de infraestruturas boas para Galicia. Polo tanto —e creo que é por abondamento—, non cremos que sexan obxecto de apoio. O meu grupo non apoiará as emendas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego.

A primeira non a apoiamos porque xa está dito no primeiro punto, e se podemos falar de cuestións de meteoroloxía, pois podemos empezar a falar tamén de múltiples cuestións que poden deixar sen utilizar os aeroportos, como o vento do norte na Coruña, o vento lateral en Santiago, etc. E dicindo que na Comisión Galega de Transporte Aéreo se articulen propostas para conseguila mellora do transporte aéreo en Galicia xa abonda.

E con respecto á segunda, pois eu creo que, de presentala, merece e considero que poida merecer que a presenten como unha interpelación, como unha moción ou como unha proposición non de lei, pero que para nada entra no que debe ser esta moción, que é que a Comisión Galega de Transporte Aéreo funcione, traballe e que teña os aeroportos en conta con moita máis importancia do que ata agora os tiña.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Losada.

Para a defensa das súas emendas, ten a palabra o señor Trigo Durán polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor TRIGO DURÁN: Moitas grazas, señor presidente.

Eu non vou facelo enrubiarse, señor conselleiro, vouno manter na súa face tal como a ten, non se preocupe. E non farei que enrubie vostede porque creo que non é cuestión neste Parlamento; fóra del, como dicían á mañá, era vostede bo. Xa me entende.

Vou defender as emendas do Bloque Nacionalista Galego. Esperaba o pronunciamento sobre elas na rolda correspondente, e pola brevidade do tempo, seguramente, é obrigatorio pronunciarse “antes de”, por aquilo da brevidade acordada; a brevidade que fai que teña que ler tamén a necesidade de complementar as propostas que se fan.

As propostas que se fan non creo que teñan que ser motivo de ningún tipo de interpelación, xa o din os periódicos. Mais eu, como non inclino a cabeza para ningún tipo de cuestión e de aprobación, fixen ver no debate que houbo aquí sobre o tema da interpelación, algo importante.

Meteoroloxía é unha expresión que non ten nada que ver coa néboa. A meteoroloxía abarca moitas máis cuestións. Ata se pode falar do vento, do norte e do sur, do país enteiro, do país que empeza alá no Eo e termina no Miño, de todo ese país, que é ao que, normalmente, no Bloque Nacionalista Galego, nos estamos a referir. Nós temos unha visión moi ampla do país.

Nesa visión ampla do país —e relacionado co tema do Estado— hai cousas das que hai que falar. O grande problema dos nosos aeroportos vén dado porque non están incluídos na rede troncal de aeroportos do Estado. A rede troncal de aeroportos do Estado deixou a todos os aeroportos de Galiza fóra da mesma.

¿Cal é a rede importante, para o Estado, de aeroportos? No seu plan de infraestrutura está definido, e é que eses aeroportos son: Madrid, Palma de Mallorca, Barcelona, Gran Canaria, Tenerife e Málaga. Ningún dos aeroportos galegos está sinalado aí. Ningún dos aeroportos galegos está incluído na rede de tráfico combinado que se establece no PDI, nese tráfico combinado que significa a aparición do ferrocarril nos aeroportos e a súa comunicación coas instalacións de ferrocarril das áreas urbanas ou metropolitanas. Iso só está contemplado noutros lados.

Cando se falaba das autovías, hai moito tempo, había algúns que analizaban a posición da necesidade delas; porque, se non, postos xa no tren, poderíase dar lugar a unha competencia moi forte no sistema aeroportuario-ferrocarril, co que puideran ter beneficios as autovías, ao tardar outras infraestruturas.

Os galegos, que pensamos niso, pois, evidentemente, lamentamos que Santiago de Compostela, no PDI, sexa só o seguinte. Propóñense actuacións, na área de movemento, coherentes co incremento de capacidade operativa que supón a ampliación do edificio terminal. O mesmo criterio utilizarase para o caso de Galiza, do resto coa Coruña e Vigo, que manteñen as súas pautas de funcionamento, sen considerar ningún nivel de xerarquización que posibilite a súa especialización nin nada.

En definitiva, tres aeroportos que no PDI se deixan por aí ciscados, aí quedan, e non se lles plantexa infraestrutura complementaria. Pero, iso si, a nós, dende o Bloque Nacionalista Galego, non se nos vai ocorrer pedir que o diñeiro que teñamos en Galiza sirva para, dalgunha maneira, facer as infraestruturas aeroportuarias propias que lle correspondería ao Estado; non se nos ocorre pedilo aquí, como se acaba de pedir hai un momento. Nós consideramos que é o Estado quen nos ten que facer a nós esas infraestruturas aeroportuarias, que non nolas fixo, nin lles debe dar a consideración que lles deu nos nosos aeroportos.

Iso si, nós consideramos que hai unhas partes do país nas que é necesario garanti-la súa comunicación cos propios aeroportos. Hai unhas partes internas e unhas áreas urbanas do país nas que é necesario que haxa unha boa comunicación. E aí si que a Xunta de Galiza... Nada motivo de interpelación; as interpelacións teñen mocións, e estas pódense engadir. Hai neste Parlamento hoxe, creo, engádegas de emendas de grupos. É o xogo parlamentario, é o Regulamento do Parlamento. Seguramente outros regulamentos non permiten nin abrir a boca, pero este si, por agora; pouco, porque foi reformado, pero por agora aínda o permite, e presentar emendas.

Entón “realizar un plan de infraestruturas de comunicación que facilite a comunicación entre as áreas urbanas do interior de Galiza cos aeroportos” cremos que é importante. A realización do plan significará, dalgún xeito, unha posibilidade de poder requirir recursos incluso naquelas infraestruturas viarias nas que a súa realización non sexa propio de Galiza e que sexa propio do Estado. Hai que telo, hai que realizalo. E iso significa ter unha visión, dende a Xunta de Galiza, do que sería un modelo de comunicacións e de intercomunicacións que nós desexamos dentro do

país. Porque o sistema aeroportuario ten que estar imbricado noutro sistema de comunicacións e na vida doutras partes do territorio.

Non hai que esquecer que os tres aeroportos dos que estamos a falar están en tres cidades, pero o resto do país tamén os utiliza, o resto do país tamén necesita a mellora de comunicacións nese aspecto.

“Dirixirse ao Ministerio de Fomento para que dote os aeroportos galegos da infraestrutura técnica necesaria que garanta que a nosa particular meteoroloxía...” Reiquiavik matino que terá unha meteoroloxía agresiva, e esa meteoroloxía non creo que sexa motivo de estar pechados todo o ano. Non o é.

Entón, ¿cal é o problema?, ¿debemos única e exclusivamente dedicarnos á situación de reclamación de que se nos sacan ou non nos sacan voos, ou a seguir nun plantexamento de que se non temos infraestrutura que permita a aterraxe e o despegue ao final os voos non os temos por causas meteorolóxicas?, ¿ou iso só queda na Comisión?

Eu, evidentemente, como non teño fío directo con ningún dos tres alcaldes, nin teño por que telo, preguntome cáles son os acordos da Comisión Galega do Transporte, inventada rapidamente, con esa habilidade que o caracteriza para estas cousas do caneo en curto —o malo é que Garrincha terminou como terminou— por parte do... Garrincha emborrachábase ao final co balón... Non ía con segunda intención a cuestión.

A cuestión é que, realmente, no caneo en curto, hai aquí un tipo habilidoso, e ese tipo habilidoso pois di: creo unha comisión. E non en talla —dígoos pola talla política— en plan pequeno Napoleón. Crea unha comisión para nada e, ao final, unha moción para nada.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Trigo.

¿Grupos parlamentarios que queiran participar? (Pausa.)

Ten a palabra o señor Casares González polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Señor presidente, señoras e señores deputados, acábanos de lembrar, señorías, lembramos todos, que hai algúns meses, unhas semanas, vivíamos unha situación que era francamente incómoda. De feito, na interpelación orixe desta moción, o conselleiro de Política Territorial dicía non acepta-la situación que se viviu no país, na que nos atopabamos —el mesmo o dicía en representación do Goberno— cunha serie de cancelacións de voos por parte da compañía bandeira, da compañía Iberia, e que tiñamos esa información porque nos chegaba a través dos xornais.

E o Goberno, naquel momento, dicía: aquí temos que tomar unha dobre posición. Por unha banda, que se retome a fluidez no diálogo coa compañía e que sexa o Goberno de Galicia, en representación de tódolos seus habitantes, o que poida dialogar, negociar e acorda-las frecuencias de voos que esa compañía ten que ter con Galicia. E tamén dicía que había que utiliza-la presenza política deste Goberno e a representación deste Goberno para que esas frecuencias fosen as que as mulleres e os homes de Galicia —ben por negocios, ben por turismo, ou polas actividades— demandan. É dicir, que existan aparellos, que existan prazas nos avións para poder atende-la demanda galega. E isto sen perder —porque veu aquí, señor Trigo, a colación— de vista a magnífica situación que ten o país en referencia ós seus aeródromos.

Se comparámo-la situación de Galicia con outros países ou comunidades de Europa e vémo-las súas infraestruturas aeroportuarias, darémonos conta de que Galicia, neste caso, non ten ningún déficit. Ben ó contrario, ten unhas magníficas posibilidades para desenvolver-lo seu proxecto de transporte aéreo, que, como dicía o mesmo Goberno no debate anterior, é un transporte básico para o desenvolvemento de Galicia.

Esta era a actitude do Goberno, como o señor Losada recoñecía. Pero, ademais da actitude, o Goberno, inmediatamente, nesas datas, convoca os alcaldes representativos dos *hinterlands* deses aeródromos e decide con eles, pilotando —valla especialmente a expresión—, esas reivindicacións, plantexarlle á compañía Iberia isto que eu lles acabo de lembrar.

Inmediatamente despois diso, toma a decisión de poñer en marcha a redacción dun decreto para que esa

situación que, en cuestión de horas, señorías, o Goberno pon en marcha, sexa unha situación estable no tempo.

¿Que quere dicir iso? Que o Goberno —e despois, no mes de setembro, fíxose realidade— estableceu, promulgou, un decreto no que, dentro do Consello Galego de Transportes —xa instituído polo propio Goberno—, se creaba unha comisión especial de transporte aéreo.

É dicir, non é soamente unha actitude dilixente, reivindicativa e xusta, senón a realización práctica desa actitude, xuntando os alcaldes e poñendo en marcha esa Comisión que, dende os últimos días de setembro, xa existe no Consello Galego de Transportes.

¿Actitude? ¿Accións concretas? ¿Cal é o resultado desas accións concretas? Señorías, na programación da compañía Iberia, que é unha programación estacional —hai unha programación, como é lóxico, de verán, de inverno...—, se comparamos cál foi o froito deses debates na programación de inverno do ano 1998-1999 coa última, coa derradeira, 1997-1998, temos que dicir que Iberia programa para esta temporada na que estamos 193 frecuencias semanais, 22 máis que no período de comparación anterior, o que supón un crecemento practicamente do 13%, gracias a ese tipo de actuacións e ó xeito en que se fixeron.

En número de butacas, Iberia crece, neste mesmo período, un 12%. E, se queren as súas señorías, podémolo repartir. Isto significa case un 4% no aeródromo de Santiago de Compostela, un 19,6% no da Coruña e un 16,2% no aeroporto comercial de Vigo. Estas son consecuencias dese tipo de políticas, son consecuencias dese tipo de actitudes.

Destacaba o señor propoñente, o deputado Losada, que o camiño emprendido era o máis axeitado dos camiños e que por iso daba os seus froitos. E, por suposto, non soamente estamos de acordo con esa tese, senón que estamos de acordo cos plantexamentos que fai nesta moción.

Fai un primeiro plantexamento, que é un plantexamento de manter nese marco da Comisión de Transporte Aéreo, dentro do Consello Galego de Transporte, os debates e as reivindicacións que aínda Galicia quere facer nesa materia. E nós estamos, por

suposto, de acordo, porque se está a recoñece-la tese do Goberno e a tese da maioría.

E tamén plantexa que, ¡oia!, unha das primeiras cousas que hai que facer é equipara-las frecuencias á necesidade real. E aquí acabamos de dar mostra de cómo, no referente á compañía Iberia —que non é a única compañía á que o Goberno se está a dirixir—, no caso de Iberia, xa temos unha realidade enriba da mesa.

Pero, dito isto e amosado o evidente acordo entre o señor propoñente e a maioría desta Cámara, teño que dicir algunha cousa. A min cónstame que o señor Trigo Durán e que o Bloque Nacionalista Galego seguen estas cuestións con moito detalle. Pero, ás veces —soamente ás veces—, un ten a sensación de que a alguén lle gustaría que as cousas non foran demasiado ben nalgunhas materias.

Claro, para as xentes que vimos aquí escoitar que se a infraestrutura aeroportuaria é deficiente, que se as situacións non funcionan, que se non estamos no non sei qué troncal da Aviación Civil española ... Ben, incluso escoitei que o aeroporto de Son San Joan si que está no deseño troncal da Aviación Española. ¿De onde sacou vostede iso? ¡Se o aeroporto de Son San Joan ten máis tráfico que calquera aeródromo en época estacional, en verán, pola súa propia conta! ¡Se o aeroporto de Son San Joan non é escala técnica de código internacional de practicamente ningún voo de compañía española!

(O señor Trigo Durán pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Non interrompa; non interrompa, señor Trigo.

Siga, señor Casares.

O señor CASARES GONZÁLEZ: ...se o aeroporto de Son San Joan non está en ningún código internacional de practicamente ningunha compañía española, se o aeroporto de Son San Joan vive exclusivamente, e sen necesidade de nada, do seu propio tránsito. Bastantes problemas operativos teñen de tráfico e control aéreo por esa avalancha de aparellos que chegan no período estival.

Pero se é que a realidade é outra. A realidade é se un galego, que vai de negocios, que vai visitar unha familia, ou alguén que quere vir comprar algo a Galicia, ten dispoñibilidade de utilizar un avión, se ten dispoñibilidade de chegar ó norte, ó centro ou ó sur de Galicia. E vostede presentou unha emenda de infraestructuras. Pero, imos ver, ¿acaso, por exemplo, a autovía Santiago-Lavacolla non é un exemplo que está aí de deseño de conexión dos aeródromos galegos coas redes de comunicación de Galicia?, ¿ou é que acaso é un invento?

Pero, se a súa señoría o que quería dicir era que os aeródromos galegos necesitan algúns elementos de axuda á navegación para que se poida operar en condicións climatolóxicas adversas, eu dígolle: ten vostede razón. Pero é que o señor Losada, coa súa moción, está dicindo iso tamén. E a Comisión Galega do Transporte Aéreo está reivindicando iso tamén. E non confundámo-la poboación.

Nós sabemos que se pode e se quere dotar de medidas de axuda á navegación os aeródromos da Coruña e de Vigo para que se poida operar en condicións meteorolóxicas adversas. Pero non confundámo-la poboación tampouco. Cando a Organización Internacional de Aviación nos di que existen uns niveis de decisión en condicións meteorolóxicas adversas —porque, señor Trigo, vostede estaba xogando con isto— e cando nos di que a determinada altura o comandante desa aeronave ten que decidir se toma terra ou non toma terra, e sabemos —se nos preocupamos de sabelo, claro— que a compañía Iberia, por decisión propia, establece nun 20% máis o nivel de decisión, é dicir, que sobe varios centos de pés máis arriba pola decisión do seu comandante, por seguridade, non podemos condenar unha decisión de seguridade de tráfico aéreo, a súa propia teima, por querer que as cousas en Galicia vaian mal.

Si queremos bases nos aeroportos de Vigo e da Coruña, si queremos eixos de pista luminosos nos aeroportos da Coruña e de Vigo, si queremos que funcionen as radioaxudas o mellor posible e que subamos —se se pode facer, porque no aeródromo da Coruña hai unha das cabeceiras que non pode levar radioaxudas por mor dun monte que hai alí— as categorías deses ILS tan coñecidos por tódalas súas señorías. Pero iso, que nos... (*O señor Trigo Durán pro-*

nuncia palabras que non se perciben.) Iso, señor Trigo, que é o que o señor Losada plantexaba e é co que o Goberno está pelexando é axudar a que os aparellos teñan unha operación máis fácil en condicións climatolóxicas adversas. Pero non faga vostede demagogia con iso, porque, ó final, terá que ir explicarlles a tódalas galegas e os galegos que van nun avión e dicirlles: non se preocupen, non se preocupen, xa estamos dotando estes aeroportos. E se hai néboa, vostede aterre, non se preocupe. Non se preocupe, que se rompen a cabeza, eu diso non sei nada, absolutamente nada.

Señor presidente, conclusión de todo este debate. Existe un claro acordo e entendemos esta moción como unha moción de apoio claro, de apoio incontestable, á actuación do Goberno, e de cooperación e de colaboración. E, polo tanto, señor presidente, tomámo-la decisión responsable de votar —polas razóns que temos dito, polas razóns que expuxo o señor Losada— favorablemente esta moción e de condenar de novo que xa estamos fartos de que siga habendo xente que desexa que as cousas vaian mal. Isto é absolutamente inaceptable.

Máis nada e moitas grazas.

(*Protestas.*) (*Aplausos nos escanos do G.P. Popular de Galicia.*)

O señor PRESIDENTE: Non interrompan, por favor.

Moitas grazas, señor Casares.

Señor Losada, manifestouse antes, pero ten unha rolda de posicionamento respecto das emendas.

O señor LOSADA DE AZPIAZU: Si, señor presidente, señorías.

Quiero precisarlo porque, evidentemente, despois de escuchar a certo portavoz de certo grupo, me ratifico en mi posición de no ceder a esa enmienda. Y me ratifico claramente porque, además, yo creo que hay que dejar bien claro que es la falta de sintonía con la realidad, la falta de ver cuándo las cosas funcionan bien. Y cuando un grupo, como es el socialista, hace una interpelación, hace una moción, que lleva a que el Gobierno tenga que ir con esa interpelación y con

esa moción, y se consiguen cosas como que vamos agora a los aeropuertos y conseguimos volar en situaciones diferentes, cosas como que hai maior número de vuelos, maior número de situacións, pois resulta que eso non interesa, lo que interesa es poner las posiciones que tenemos, previas a los debates.

Por eso me ratifico en mis opiniones. Y me ratifico porque han variado las condiciones, ¿o acaso non han variado las condiciones en los aeropuertos gallegos desde que el Partido Socialista interpeló a este Gobierno? ¿Acaso non han variado las situaciones en estos aeropuertos gallegos gracias a la demanda provocada por los agentes sociales, movilizada por los socialistas, llevada a esta Cámara y al Gobierno gallego? ¿Es que hai que tener pedigree acaso para que las mociones y las interpelaciones pasen el rango? Pero ¿que pasa aquí, hombre? ¿Es que acaso non somos tan representantes del pueblo unos como otros, o algunos tienen pedigree para decir que sus mociones son a favor de Galicia y las del resto no? Pero, ¿dónde estamos? (*Protestas.*) Cuando estoy haciendo esto, estoy pensando en Galicia y estoy pensando en mis electores... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Non interrompan, por favor.

O señor LOSADA DE AZPIAZU: ...en unos electores que se sienten tan gallegos como los demás y con unos votantes que tengo detrás mía que son unos votantes que piensan en Galicia y que apoyan al Partido Socialista en sus demandas, y en ésta saben que, gracias a la interpelación socialista y a la moción socialista, el Gobierno se ha puesto a andar y se han conseguido cosas, por mucho que les guste o non les guste y muchos medios sean coincidentes con estas tesis. Siempre les digo que cuanto más cabalguemos los socialistas, más lejos estaremos de ustedes.

Muchas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Losada.

Debo de entender, polo tanto, que non acepta as emendas do Bloque Nacionalista. Entón, non se van someter a votación.

Imos, polo tanto, someter a votación a moción tal e como está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*.

Se fan o favor, ocupen os seus escanos, que imos proceder a vota-la moción.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 63.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a moción.

Suspendémo-la sesión ata as catro e media da tarde.

(*Pide a palabra o señor Trigo Durán.*)

Señor Trigo, ¿para que quere a palabra?

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente. Aposta non me pronunciei sobre o que ía votar...

O señor PRESIDENTE: Ah, ¿entón, pide explicación de voto?

O señor TRIGO DURÁN: Aposta non me pronunciei sobre o que ía votar o noso grupo parlamentario. Porque o noso grupo parlamentario sabía o que ía votar xa.

Eu lamento, señor Casares, que vostede, home informadoísimo, preparadoísimo, sexa ás veces ousado ao dicir determinadas cuestións.

Direille que o Plan director de infraestructuras do Estado e o referente a infraestructuras aeroportuarias di que na rede troncal están: Madrid (Barajas)...

O señor PRESIDENTE: Non reabra o debate, señor Trigo, se fai o favor.

O señor TRIGO DURÁN: Non reabro...

O señor PRESIDENTE: Ten unha rolda de explicación de voto, explique o voto.

O señor TRIGO DURÁN: Xa vou. Vou posicionar-me, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Explique o voto.

A iniciativa non é do señor Casares, a iniciativa é do señor Losada.

O señor TRIGO DURÁN: Madrid (Barajas), Palma de Mallorca, Barcelona, Gran Canaria, Tenerife "y" Málaga.

Respecto de se se contiñan ou non se contiñan, de se se pode ou non se pode pedir outras cousas complementarias dunha moción, remítome ao Regulamento: nada prohibe neste Regulamento que o Bloque Nacionalista Galego ou calquera outra forza política dignísima, importante, de Perillo para alá, terminando na torre de Hércules, poida, dalgunha maneira, dicir —porque, ademais, hoxe pola mañá, oía dicir a un señor que el era do “Partido Coruñesista”, nada máis, que non era do Partido Socialista— e pedir o que lle pete.

Pero o BNG pode presentar emendas única e exclusivamente a calquera grupo: ao do Partido Popular, ao do Partido Socialista, ao Grupo Mixto, e non pode emendarse a si mesmo, evidentemente, porque non o faría nunca.

E a cuestión... (*Murmurios.*) Señor Pita, non ladre. (*Protestas.*) A cuestión é...

O señor PRESIDENTE: ¡Oia!, por favor, retire esa palabra. Esa expresión non creo que sexa moi adecuada nesta sala precisamente, señor Trigo...

O señor TRIGO DURÁN: A cuestión é ...

O señor PRESIDENTE: Rógolle que retire a palabra, se non retírolla eu.

O señor TRIGO DURÁN: A cuestión é que nós estabamos de acordo...

O señor PRESIDENTE: Señor Trigo, faga o favor de retirar a expresión.

O señor TRIGO DURÁN: Retírea xa vostede, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Non, non, retírea vostede. Se non, o que lle retiro eu a vostede é a palabra.

O señor TRIGO DURÁN: Imos ver, señor presidente, a expresión utilízase de forma política, e eu teño clarísimo que o señor Pita non é un can. Creo que xa queda todo claro. (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: Por favor, retire a palabra de “ladrar”, que aquí non hai ninguén que ladre.

O señor TRIGO DURÁN: Retírolle a palabra porque vou seguir no meu uso dela. Sigo no uso... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Retírolle a vostede o uso da palabra.

O señor TRIGO DURÁN: Xa a retirei. ¡Pero se acabo de dicir que

O señor PRESIDENTE: Suspendese a sesión ata as catro da tarde.

(*Murmurios.*)

Suspendese a sesión ás doce e dez minutos do mediodía e reiniciase ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado do vicepresidente primeiro, do vicepresidente segundo e do secretario da Mesa, que é asistida pola letrada señora López Gómez.

Ocupa o banco do Goberno o señor conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde, reiniciámola sesión.

MOCIÓN DO G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SOBRE AS MEDIDAS QUE SE DEBEN ADOPTAR PARA SOLUCIONAR LA CRISE NA QUE SE ATOPA A FLOTA DO CERCO.

O señor PRESIDENTE: A esa moción presentouse unha emenda do PSOE, da que lles vai dar coñecemento o señor secretario.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente): O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa do deputado Antón Louro Goyanes, a través

do seu portavoz e ó abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que se deben adoptar para solucionar a crise na que se atopa a flota do cerco (doc. 5.472).

Emenda de modificación do punto 12.

Quedaré redactado do seguinte xeito:

"12.- Estudia-la introducción de limitacións flexibles nas capturas de xurelo, en función das demandas dos mercados, considerando novos xeitos de transformación e comercialización."

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor secretario.

Ten a palabra o señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente, señoras e señores deputados, se eu reicibira do señor conselleiro de Pesca unha resposta axeitada, non presentaría ningún tipo de moción, porque xa estarían colmadas as expectativas que a interpelación do Bloque Nacionalista Galego, realizada a través da miña persoa, plantexara. Mais a cuestión non foi satisfactoria e, polo tanto, o noso grupo presenta unha moción con doce medidas que pretenden, dalgún xeito, incentivar o traballo da Xunta de Galiza no tema da crise da flota do cerco.

Non vou repetir o debate dado na vez anterior, porque son doce propostas que necesitan unha explicación, non pormenorizada, pero, polo menos, si unha explicación para que se saiba cales son os nosos pre-supostos na defensa desta flota.

E temos que partir dun escenario, dun escenario importante, o escenario de que estamos a falar de 3.500 persoas embarcadas e de 300 embarcacións; non estamos a falar de dúas persoas nin de tres, estamos a falar de toda a costa de Galicia. E ese escenario é importante para que nos deamos conta de cal é a situación. Voulles ir facendo un relatorio.

O 26 de xullo de 1995, a Comisión Europea daba luz verde á conserva de sardiña marroquí sen aranceis para o Estado español.

En outubro de 1996 a flota galega do cerco reclamaba unha parada biolóxica e a Consellería de Pesca contestaba que non podía ser porque non había diñeiro.

O 22 de xaneiro de 1997 o Porto de Sada pedía e defendía as actuais cotas ou topes de pesca da sardiña. Había topes para, dalgunha maneira, non despesca o mar —algúns chámalle sobrepesca e chámase tamén despesca o mar—.

O 28 de xaneiro de 1997 contestábase que o cerco terá os mesmos topes que noutras comunidades. Seguíase no plantexamento de non despesca o mar.

O 10 de outubro de 1996 a UE —a Unión Europea— dicía que aplicaría un tope de capturas para a sardiña nas augas de España e Portugal. Polo tanto, seguíase cunha política de preservación do recurso.

O señor conselleiro de Pesca, alá a principios deste ano, ou a mediados, dicía que Pesca aseguraba que as axudas para unha posible veda para a sardiña serían para barcos e conservas.

En marzo de 1998, do ano que estamos, barcos de Malpica e Sada tiran xurelo ó mar, polos baixos prezos.

En setembro de 1998, os biólogos demandan unha redución do esforzo de pesca na sardiña do 80%.

En setembro de 1998 a Organización de Productores da Sardiña da parte de abaixo, do sur do país —que tamén existe—, dicía que non querían veda se aceptaban paros biolóxicos e non estaban de acordo con que se puxera ningún TAC na pesqueira da sardiña.

No medio de todo isto, pois, pasaba un suceso — todos vostedes teñen coñecemento—, como que os pescadores portugueses queimaban 40 toneladas de peixe galego en Matosinhos, peixe que era azul, do que estaban desabastecidos os mercados —xa expliquei o que era isto na vez anterior—.

E, para rematar, no día de onte, os pescadores de Sada esixen un plan para recuperar a sardiña. E nese plan din que a Consellería de Pesca ten que facer unha proposta concreta xa, que non se pode seguir nesta situación, que é neceseario recuperar a especie, porque a pesqueira non dá para máis. E, ao mesmo tempo, pois dise que a Comisión Europea de Pesqueiras di que está fóra de límites a pesqueira da sardiña e que, polo tanto, hai que tomar medidas.

E este é o escenario ao que o Bloque Nacionalista Galego trae a súa moción. Unha moción que pretende, con toda claridade, defender os intereses da flota do cerco. E, para isto, nós plantexamos o seguinte. Cremos que calquera acordo sobre a flota do cerco, sobre a pesca, a continuación, durante este ano, ten que pasar por un acordo de todas as flotas que faenan á sardiña no arco cantábrico; flota que é a que con nós compite e flota coa que nós temos que chegar a uns acordos para que os paros biolóxicos que se establezan sexan na Galiza e tamén en Asturias, Cantabria e Euscadi.

Por iso, plantexamos unha negociación co Goberno do Estado e coas comunidades de Asturias, Cantabria e Euscadi. Todos, ao mesmo tempo, deben estar no acordo.

Tamén é evidente que ningún acordo é posible —no tema dos paros biolóxicos ou de calquera outro tipo de acordo no tema do cerco, no tema da sardiña— se non se adoptan as mesmas medidas a nivel europeo. E, no caso concreto de Galiza, na flota portuguesa.

O mesmo acordo, os mesmos momentos, nos que se produza un paro ou calquera tipo ou forma de topes de pesca, deben ser iguais en Portugal que en Galiza, no Cantábrico, e, en definitiva, no Estado. ¿Por que? Porque, se non é así, significará que nós perderemos cota de mercado e que co mercado quedará Portugal pola especialidade da pesqueira na que estamos.

Os paros biolóxicos, dende o noso punto de vista, non poden ser de xeito xeneralizado, non poden ser dun tipo xeral, non se pode parar toda a flota á vez. A flota, se se quere que se compita, se se quere que non se perdan mercados —e así o pide tamén o sector—, debe realizar o paro biolóxico alterno. Pode ser coa

flota do sur e coa flota do norte, ou pode ser con portos mesturados, pero toda a flota non debe ir ao paro biolóxico, senón que se debe alternar. É o único xeito de manter o noso mercado.

Non podemos seguir nunha cuestión de que haxa importacións continuas de sardiña, e por iso fixen mención, na primeira exposición do escenario, do tema da sardiña marroquí. Non podemos permitir que haxa sardiña importada se non se pesca nas mesmas condicións e nos mesmos topes que a nós, no Estado español e na Galiza, se nos impoñen. A forma de pescar ten que ser igual para todos; se non é así, seguiremos nunha situación de que, mentres outros pescan, se a nosa flota está no paro biolóxico, perderemos o mercado.

Non é lóxico nin debe ser normal nin se debe aceptar dende a Comunidade de Galiza unha imposición dun TAC, dun total admisible de captura, na pesca da sardiña. E, ¿por que? Se se admitise un TAC neste momento, ese TAC sería en función da pesca que, neste momento, na cadencia e no ritmo dos últimos anos, se leva efectuado. Polo tanto, teríamos un problema de que sempre sería inferior —porque as pescas veñen diminuindo dende o ano 1982— ao que a nós nos interesaría.

Saben todos aqueles que están no mundo da pesca que cambiar un TAC é fortemente difícil e miren qué é o que pasa na NAFO cando se quere cambiar o TAC. Non hai maneira dun incremento do TAC no tempo no que estamos. Sería un grave prexuízo que aceptáramos un total admisible de captura, un TAC, cun reparto de cotas nacionais, de cotas do Estado, e respecto de Portugal, que non ten os mesmos planteamentos que nós, estaríamos nunha situación na que, tendo en conta que practicamente nós pescamos na zona nove, estaríamos nunha situación de perdedores respecto da flota portuguesa.

A paralización xa dixeran antes que debía ser de xeito alterno e cremos que é necesario presentar un plan estratéxico para o desenvolvemento da flota de cerco que fixe as bases para facela rendible. Señoritas e señores deputados do Partido Popular, o propio Goberno da Xunta de Galiza no seu momento aprobou un plan da pesqueira, no que dicía con toda claridade que era posible aumentar o número de embarcacións que se

dedicaran á pesqueira do cerco e que iso levaría á eliminación e á transformación con axudas da flota do racú, a transformala nunha flota dedicada ao cerco. Como iso é posible, é necesario presentar ese plan.

“Realizar un plan de xestión integral para a explotación das empresas”. As empresas do cerco, practicamente todas elas, son familiares. O único que é necesario é que, dende a Xunta, se estudie e se plantexen as medidas de optimización, de explotación e de xestión dese tipo de empresas. A Xunta de Galiza, a través da Consellería de Pesca, teno feito noutros sectores. Fíxoo, por exemplo, na cuestión do mexillón, déronse axudas para a xestión no tema da conserva; sectores moito máis capitalizados que a flota do cerco. Polo tanto, é lóxico que haxa axudas tamén para este tema nesta cuestión.

Vou rematando xa, señor presidente.

No punto número 9 da nosa moción dise que no Consello Galego de Pesca —consello galego que foi suspendido, que estaba convocado e non se volveu convocar para seguir debatendo cáles ían ser as medidas que se ían tomar hai cuestión dunha semana— teñen representación todos os axentes intervinientes no proceso. Non é de recibo, señoras e señores deputados, que namentres ao Consello Galego de Pesca poden asistir persoas con asesores, non se permita a presenza da Organización de Productores do Cerco e Artes Varias da provincia de Pontevedra no cerco; non se permita a súa entrada no Consello Galego de Pesca. Discrimínase claramente a parte máis importante da flota do cerco de toda Galiza por parte da Consellería de Pesca. Non pode ser só que sexan as confrarías de pescadores as que estean representadas. Tamén as organizacións de produtores do cerco teñen —e é lóxico que teñan— aí unha representación e, por iso, nese punto, esixímolas.

Cremos que as medidas para paliar a crise teñen que negociarse cos traballadores e cos armadores, non só coas confrarías.

E, por último, no último punto —e termino xa a descrición, e remato...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TRIGO DURÁN: ...señor presidente, gracias polo tempo que me dá de máis—, despois do que pasou no xurelo, é evidente que hai que estudar novos xeitos de transformación e comercialización cando hai excedentes.

É increíble que en Galiza haxa que tirar o peixe ao mar, cando nos mercados, tanto de Galiza como do Estado, hai déficit de peixe azul, que é o que é o xurelo. É increíble. E iso é porque non hai medidas que apoién os propios produtores para a comercialización. Non hai ningún tipo de medida. E, dígase o que se diga, nin os prezos de retirada supuxeron ningunha mellora na cuestión.

Por iso, nós tamén esiximos un estudio de novos xeitos de transformación; non só Anfaco ten dereito a recibir diñeiro, tamén o teñen os produtores. Se é Anfaco o único que vai ter dereito, javiados vamos e aviado vai o sector! Estaríamos a acabar co sector para desfacerlo e para que alguén despois se aproveite da situación.

Rematado xa, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego espera un voto favorable de todos os grupos á moción que se presenta, porque coidamos que todo o sector e toda Galiza demanda, neste momento, unha solución á situación do cerco, e cremos necesario dar unhas expectativas de esperanza de medidas a toda esa flota.

Máis nada e moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Trigo.

Para a desfensa da emenda do Grupo Parlamentario do PSOE, ten a palabra o señor Louro Goyanes.

O señor LOURO GOYANES: Señor presidente, señorías, no debate da interpelación, da que deriva a moción que acaba de defende-lo grupo propoñente, o Grupo Parlamentario Socialista dicía que a crise da flota do cerco non era un problema menor, que non era un problema pequeno, dado que a facturación desta flota se aproxima ós dez mil millóns de pesetas en primeira venda e que son centos de barcos os que operan con estas artes, que son milleiros de traballadores e que, ademais, esta flota e as capturas desta

flota son a base dunha importante industria, dun subsector pesqueiro, como é a flota do cerco. Falamos, en definitiva, dun subsector de considerable dimensión económica e social.

Diciamos tamén que a flota do cerco está en crise. Que na flota do cerco existen problemas, que existen desaxustes. E que a crise da flota do cerco deriva de dúas cuestións básicas: da escaseza de sardiña, que se vén detectando dende hai seis ou sete anos, e nos últimos tempos do exceso de xurelo que chega ós portos do noso país. De tal xeito que o exceso de xurelo tira cos prezos nos mercados, e os barcos que capturan o xurelo teñen que tirar cos xurelos nos portos ou teñen que tirar cos xurelos no mar porque non compensa, non compensa, traelos para terra. Polo tanto, esa crise, eses desaxustes, hai que resolvelos, hai que orientalos e hai que axustalos.

Certo —diciamos tamén— que era unha crise previsible, unha crise anunciada. Era unha crise previsible e era unha crise anunciada. Cumpría no seu momento —diciamos nós— dar unha resposta a tempo, unha resposta, en definitiva, previsor. Pero non se fixo, non se fixo, por deixadez ou esperando que o paso do tempo fora resolvendo o problema.

En todo caso, señoras e señores deputados, o Goberno ó día de hoxe debe reaccionar, debe recolle-lo impulso do Parlamento de Galicia, debe incorporalo apoio de tódalas súas señorías. E debe incorporalo —ese apoio parlamentario— aprobando as doce propostas de resolución que se plantexan na moción.

Nós entendemos que para abordar este problema, que é un problema complexo, cómpre partir dalgúns premissas: abordalo con rigor, baseándose en datos científicos e técnicos; facelo con seriedade; e facelo dende a negociación, dende o acordo e dende a concertación.

Hai que negociar, acordar e concertar cos auténticos e verdadeiros representantes do sector: cos armadores, cos sindicatos e cos comercializadores. É sabido que dende mediados dos anos oitenta existe unha diminución progresiva dos stocks, e os científicos din que o stock de sardiña atlántica está por debaixo dos límites biolóxicos de seguridade; por debaixo dos límites biolóxicos de seguridade. E isto sucede por varias razóns, depende de varios factores: de carácter

medioambiental, sobreexplotación e métodos irregulares nas capturas, como a utilización de explosivos. E estes factores fan que o stock non se renove e que a crise de hoxe veña dende hai seis ou sete anos.

Ata o de agora o que fixo o Goberno, á luz dos datos e á luz dos resultados que temos enriba da mesa, é moi pouca cousa, é moi pouca cousa, señores do Goberno. Pero o Goberno ten que gobernar, ten que tomar medidas, e eu creo que debe recolle-la iniciativa parlamentaria neste sentido, porque eu creo que é un momento moi determinado.

É dicir, ¿que facer, polo tanto, co problema da sardiña? Nós entendemos que o obxectivo é preservar e recupera-lo recurso, polo tanto, cómpre tomar medidas nesa dirección. Cómpre aborda-lo problema de xeito global, regulando a intensidade das capturas, facendo cumpri-las disposicións, e sempre, en todo caso, negociando —como diciamos antes— cos auténticos representantes do sector do cerco en Galicia: cos armadores, cos sindicatos e cos comercializadores.

Pero cando falamos do cerco e falamos da sardiña, hoxe aquí non podemos deixar de falar dos xurelos tamén, da captura de xurelo. Todos témo-la imaxe dos xurelos, dos peixes, tirados polos portos de Galicia. Pois ben, tamén cómpre actuar sobre a pesca do cerco no xurelo, e cómpre actuar nunha dobre dirección.

Primeiro, equilibrando a oferta e a demanda. Para que os xurelos non estean tirados polos portos non hai que collelos do mar, e hai que coller xustamente os que fan falta, de acordo coas demandas do mercado. E asegurando posicións no mercado para o xurelo, asegurando posicións no mercado. Para iso nós entendemos que é necesaria a introducción de topes flexibles, de esforzo flexible: incentiva-lo consumo e introducir, estudar, novas maneiras de presentar este produto. O grupo propoñente presenta —ó noso xuízo— unha serie de medidas que van nesta dirección, e, polo tanto, nós anunciámolo noso apoio e o noso voto positivo á moción presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Pero o Grupo Parlamentario Socialista introduce unha emenda ó punto 12 da moción, coa que queremos explicitar actuacións concretas para o caso do xurelo.

Entendemos que, dalgún xeito, na moción está recollido en termos máis xenéricos o que nós queremos

concretar. Pero entendemos que é necesario concretar e, ademais, desenvólvelo con certa rapidez; que se actúe na cuestión do xurelo equilibrando oferta e demanda. Neste sentido entendemos que a nosa proposta enriquece e fortalece a moción do grupo propoñente e aclara as resolucións de carácter máis global.

Esa é a nosa contribución, unha contribución que pretende precisar, unha contribución que pretende aclarar medidas concretas. Polo demais, dicíamnos antes que compartímo-las propostas recollidas na moción e pedimos do grupo propoñente a aceptación da emenda baseándonos no que acabamos de dicir, baseándonos na concreción da cuestión do xurelo.

Isto é todo. Máis nada e moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Louro.

¿Grupos que queiran intervir? (*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Pazos Varela.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señorías, boas tardes.

Moito se leva falado nos últimos días, nas últimas semanas, do tema da flota do cerco, do problema da escaseza do recurso pesqueiro da sardiña, do xurelo, etc. O problema non é falar, falar pódese falar todo o que se queira e de todo o que haxa que falar para resolver-lo problema. O problema é de actuación, de que non se está actuando.

Efectivamente, a través de distintas iniciativas parlamentarias, unha interpelación do propoñente desta moción hai quince días, unha pregunta oral en Comisión de Esquerda de Galicia hai seis días na Comisión de Pesca, ou mesmo esta moción, coñecemos de primeira man a preocupación da Consellería de Pesca polo tema. Preocupación.

O problema é que a preocupación ten que dar paso á ocupación, é dicir, ós actos e ós feitos que teñen que vir encadeados a esa preocupación para darlle resposta a ese problema. Con preocupacións non se soluciona absolutamente nada.

O problema coñecía-se —díxoo o conselleiro na interpelación de hai quince días—, vén sendo anunciado pola comunidade científica dende o ano 1984, dende mediados dos anos oitenta. Non se tomaron medidas. “En principio, parece ser que o sector era *reacio*” —estou repetindo palabras do conselleiro—, “o sector era máis *reacio*.” Hoxe está claro que o sector ten tamén unha gran preocupación, bastante máis coñecemento do problema có propio conselleiro, e, polo tanto, ganas de que se tomen medidas efectivas para solucionar este problema que afecta a un sector básico da economía pesqueira e, polo tanto, da economía de Galicia.

O sector, daquela, está de acordo con que se tomen medidas, o que cómpre é que a Consellería de Pesca, que o Goberno da Xunta de Galicia, negocie e consensúe co sector qué medidas son as que se van tomar. Porque temos constancia de que o conselleiro na súa interpelación recitou algunhas, pero “recitounas”, non utilizo o verbo porque se me ocorra neste momento, senón porque o que fixo foi un “recital” de medidas, pero non se definiu absolutamente por ningunha.

Falou de que había que facer unha redución do esforzo pesqueiro. Efectivamente, porque hai que ir a unha redución de capturas, non nos queda outro remedio. Falou da posibilidade de vedas en zonas sensíbles ou de vedas temporais; é dicir, de vedas nuns lugares si e noutros non, ou de vedas nunhas épocas ou noutras do ano. Falou da limitación de capturas, etc., pero non aportou medidas concretas nin prazos para adoptar esas medidas.

Na resposta á pregunta oral en Comisión de Esquerda de Galicia o señor director xeral falou dunha proposta mixta coa que, en principio, ademais, poderíamos estar de acordo; sempre e cando se leve adiante, evidentemente, con racionalidade.

Falou de diminución do esforzo por medio de vedas parciais. Falou de paralización parcial da flota, incluso de buscar diversificación noutro tipo de capturas. Falou de redución dos topes de captura. Falou, incluso, de actuar sobre a talla mínima, na que hoxe —segundo el recoñecía— había certa permisividade en menos dos quince centímetros. Falou, incluso, de establecer un horario único, o cal levaría á redución

dun día de pesca á semana. O obxectivo é acadar ese 80% —que oxalá sexa menos, ou teña que ser menos— de redución que a comunidade científica esixe.

Como digo, preocupacións, afán de reunións, reunións que non se plasman en ningún momento, preocupacións, listado de medidas, pero nada concreto. Parece ser que se estaba pendente dun novo informe da comunidade científica que dixerá claramente a qué redución porcentual habería que ir nas capturas. Non sabemos nada do tema, o tempo pasa e o problema é grave.

Efectivamente, do que se trata é de harmonizar —aquí si, e non noutras cuestións nas que lles gusta a vostedes moito a palabra harmonía—, aquí si se trata de harmoniza-la escaseza de recursos coa necesidade económica dun sector productivo do noso país. Para iso fai falta consenso, medidas concretas e actuar con celeridade no sentido en que propón a moción: con negociacións con outras comunidades, con negociacións cun país veciño neste caso, con negociacións dentro da Unión Europea; pero que sexan medidas concretas e positivas. Por iso mesmo, dende Esquerda de Galicia, imos apoiar os doce puntos desta moción.

Sei, ou intúo, que pode dici-lo Partido Popular que xa se está a actuar. Intúo porque xa o dixo noutros foros: estase a actuar, estanse reunindo, non sei qué. Non vén mal un pequeno empuxonciño. O problema é grave e o grupo do Goberno hai que empurralo desde este Parlamento para que actúe. E, realmente, os doce puntos da moción son iso: doce medidas concretas que supoñen un impulso, un empuxón ó grupo do Goberno para que actúe cara a adiante.

Hai un dito popular, e ata agora o Partido Popular —que, mire, coinciden ata no adxectivo que levan ó lado— estivo actuando máis “xo” que “arre”, e do que se trata é de actuar máis “arre” que “xo”. É dicir, de ir cara adiante e non quedar parados no pulso.

Señor proponente, conta, efectivamente, co apoio noso, porque consideramos que estas doce medidas é imprescindible afrontarlas xa nunha negociación co sector para salvagardar este recurso, para que este recurso, efectivamente, poida ser racionalmente explotado.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pazos.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor López Outeiral.

O señor LÓPEZ OUTEIRAL: Grazas, señor presidente.

Señorías, máis de tres mil postos de traballo directo, como xa se dixo aquí, unhas trescentas cincuenta unidades de pesca, miles de millóns de pesetas en primeira venda. Este é o panorama, o que significa a pesca do cerco para Galicia, para nós, e eu creo que para tódolos grupos da Cámara. É un tema importante, é un tema, socioeconomicamente falando, transcendental e estratéxico para Galicia.

Indiscutiblemente, a situación precisamente nestes momentos non é que sexa idónea, pero tamén hai que recordar —e isto non vale como escusa— que a estabilidade no mar non existe. E nisto tamén, seguramente, estaremos todos ou case todos de acordo. Pero neste caso podemos dicir que esta crise do cerco pode xirar en torno a dúas causas fundamentais, loxicamente materializadas nos seus dous produtos máis importantes, os dous produtos da pesca máis importantes desta arte: por un lado a sardiña e, por outro lado, posiblemente o xurelo, tamén a xarda e algún máis. Casualmente por motivos ben opostos, por un lado a sardiña, pola súa escaseza, e por outro lado o xurelo, quizais pola excesiva abundancia nalgúns casos.

A raíz desta situación o conselleiro correspondente foi interpelado, compareceu diante desta tribuna e nas actas xa figura qué foi o que dixo. Parece que non satisfixo a ninguén, sobre todo ó grupo que presenta a moción, ó grupo proponente. Sen embargo, todos están de acordo coas doce propostas de resolución que se presentan na moción, e teño que dicir que nunha parte moi importante coinciden precisamente coas que, a raíz da súa interpelación, quedaron gravadas aquí por escrito —ás súas señorías pódolles pasar—, que corresponden á iniciativa da Xunta de Galicia, á iniciativa do Goberno galego, a través do seu conselleiro de Pesca.

As doce propostas resolutivas podémolas tratar unha por unha, non teño ningún inconveniente, pero dividíndoas en tres grupos:

En primeiro lugar, as que responden a unha copia practicamente textual da intervención do conselleiro. Ou sexa, un auténtico plaxio. Eu téño que dicir así de claro. O punto número un: “negociar co Goberno do Estado e coas comunidades de Asturias, Cantabria e Euscadi”, téñeno vostedes na páxina 71 do *Diario de Sesións*; palabras textuais do conselleiro, páxina 71. Non é o *Diario de Sesións*, é o Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia. Transcrición de debates parlamentarios. Primeiro borrador. Pero está por páxinas e eu pódolle facilitar despois ós señores da Cámara, ós señores dos diferentes grupos.

O punto número dous, referente a “non adoptar nin apoiar medidas de paro biolóxico que non signifiquen o cumprimento delas, caso de producirse a nivel europeo por parte da flota portuguesa”, está recollido na páxina 87, na páxina 87, intervención do conselleiro na súa interpelación.

O punto número tres, referido ós paros biolóxicos: “caso de adoptarse esta medida, non significará o paro total de toda a flota, co obxecto de evita-la perda dos mercados tradicionais”, está recollido na páxina 88. Dito textualmente por parte do conselleiro. Despois pasareille copia por se non a ten.

O punto número cinco: “non acepta-la imposición dun TAC”. ¡Non aceptarémo-la imposición dun TAC! Está aquí, na páxina 72, declarado pola Xunta de Galicia a través do seu conselleiro.

O punto número seis, referente á paralización por paro temporal da flota, que será sempre de xeito alterno: “levará con ela medidas socioeconómicas para os traballadores, etc.” Páxina 73. Tamén na intervención durante a interpelación por parte do conselleiro.

Polo tanto, señores míos, estes cinco puntos, un auténtico plaxio. É un auténtico plaxio; síntoo moito, pero é así.

Pasamos a un segundo grupo de propostas resolutivas, que son aquelas actuacións que xa está a levar a cabo a Xunta de Galicia, o Goberno de Galicia. Polo tanto, trátase dun innecesario impulso.

O punto número nove —por puntos sempre, ¿eh?—: “darlle entrada no Consello Galego de Pesca ás representacións das organizacións”, acáboo de dicir hai un momentíño aquí, e refírese ás organizacións de produtores, de sindicatos, e non só ás confrarías. É máis, no Consello Galego de Pesca, no seu seo, por decreto, está establecida a Comisión do cerco, na que estes tres están incluídos. É máis, esqueceu vostede dous tan importantes como son as asociacións pesqueiras e as cooperativas. Esqueceu poñelo aquí, no punto número nove, pero está recollido.

E se se refire a iso que se publicou hai uns días por parte da CIG, que denunciou que a Xunta discriminou o 80% da flota de Pontevedra por non admitir a un representante dunha asociación de produtores, da Asociación de Produtores de Pontevedra, téñolle que dicir que non depende da Xunta de Galicia admitir ou non admitir, senón da normativa pola que se rexe a propia Comisión do cerco. E téñolle que dicir outra cousa. Non estaría ese representante, pero os membros, os membros que conforman esa organización de produtores de Pontevedra, si estaban, porque son as confrarías. (*Protestas.*)

Si señor, síntoo moito, pero é así. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Non interrompan.

O señor LÓPEZ OUTEIRAL: Ben. O que vostede diga, para vostede.

Punto número once: “Negociar cos traballadores e cos armadores do sector tódalas medidas necesarias...”. Pero, ¿con quen se está a negociar? É que precisamente os que non tiñamos que estar falando nestes momentos somos nin vostede nin eu nin aquel señor de alí. Xa está a Comisión correspondente, sectorial, do cerco, para iso. E dígolle máis, remítome á prensa: “*Martes, 6 de octubre de 1998. Tras cinco horas de reunión ayer entre representantes de la Xunta y de los pescadores y armadores...*”. ¿Con quen se reúnen, pois?

Eu creo que non hai que saca-las cousas de quicio. Paso ó punto doce: “Estudiar novos xeitos de transformación e comercialización cando se produzan excedentes, tal como está a pasar con especies como o xurelo”.

Estamos perfectamente de acordo con iso, e sabe vostede que é exactamente o que o Goberno galego está a facer. Pero os novos xeitos de transformación e os novos xeitos de comercialización hainos que discutir coas empresas transformadoras e comercializadoras, non con aquelas que se dedican a pescar. E niso estaremos de acordo, por moito que a vostedes lles guste —e non sei por qué— meterse con Anfaco.

E finalmente hai un terceiro grupo, que son aquelas que rexeitamos de plano: a número catro e a número dez.

¿A número catro cal é? "Oporse á importación de sardiña procedente de terceiros países, ou doutros países da comunidade". Pero, *¡señor mío!*, ¿que é o que se está a facer? É que gracias á importación que se está facendo de sardiña, porque non é suficiente a que se está pescando nos nosos caladoiros, estase mantendo a cota de mercado que se está mantendo. Porque a cota de mercado mantéñena as empresas transformadoras e comercializadoras, non as pescadoras. E nestes momentos, desde hai anos e desde hai meses, estase importando o 60% da sardiña para manter esa cota de mercado, para manter esa cota de mercado precisamente. E o demais é estar absolutamente alleo ó que é o tema. E pódese vir aquí dici-lo que se queira, pero é pura demagogia.

Polo tanto, por un lado un plaxio, por outro lado innecesario impulso, e as dúas últimas, *mi querido amigo*, estamos absolutamente en contra delas.

A última, por certo, a número dez, é a realización dun Plan de dotación de frío. Imaxino que para os peiraos. Frío para temas tan puntuais como pode ser que unha vez ó ano —e ó ano cando ocorra, cando ocorra— poida haber un excedente, e para que ese peixe non teña que ir ó mar. ¿E vostede pretende facer, a raíz de aí, almacéns de frío ou almacéns para refrixerados? ¿Iso é o que vostede pretende? ¿Iso é o que vostede pretende? E despois, ter eses mamotretos —que supoñen centos de millóns e miles de millóns aplicados a tódolos peiraos de Galicia— de adorno e absolutamente para nada.

En fin, creo que a postura do noso grupo está clarísima. Creo que esta moción significa un clarísimo abuso do artigo 151.1 do Regulamento, xa que nunha parte importantísima coincide coa interpelación, e es-

colleuse a interpelación unicamente como escusa para poder saír aquí e dicir catro cousas. E semella, desde logo, a raíz do que propón o BNG, que é precisamente o BNG o grupo que está a sustenta-lo Goberno, cousa que non ocorre por agora nin vai ocorrer —imaxino— en moitísimo tempo. E o carácter dialogante da Xunta de Galicia, que o ten e o tivo subindo a este estrado non só o seu portavoz, senón previamente o conselleiro que está encargado do tema, o conselleiro de Pesca, estase a demostrar onde se ten que demostrar, que é no seo da Comisión do cerco. E aí é onde se está a demostrar.

Estou de acordo en que quedaron moitos temas abertos, en que non se chegou a acordos en temas tan importantes como horarios semanais ou como os paros parciais ou a alternancia. Ou tamén na redución de cota ou na veda ou no paro biolóxico. Non se chegou a acordos, pero vaise celebrar outro, e vostede ben o sabe, o que pasa é que —como ben sabe tamén— o señor conselleiro tiña pendente unha reunión en Bruxelas que foi aprazada, e a raíz de aí se levará a cabo unha nova reunión no seo...

O señor PRESIDENTE: Rógolle que remate.

O señor LÓPEZ OUTEIRAL: ...—xa remato, señor presidente— da Comisión do cerco.

E estou seguro de que, gracias a ese talante dialogante e conciliador, todas esas posturas, que non son posturas nas que sexa fácil chegar a acordo... Porque non é só que non se estea de acordo coa postura do Goberno galego, é que os propios sectores, o propio sector, dentro das súas partes norte, sur ou centro, tampouco se poñen de acordo. Polo tanto, ... (*Interrupcións.*)

¿Non hai centro? ¿Si que hai centro! Hai centro incluso para o cerco, *señor mío*.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Outeiral.

Rolda de posicionamento respecto das emendas.

Ten a palabra o señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: Brevemente, señor presidente, para pronunciarme sobre a emenda, neste caso, do señor Louro.

Señor Louro, eu voulle admitir a emenda en fórmula transaccional, digamos como unha engádegas. E voulle explicar o porqué rapidamente, non podo perder moito tempo. Por unha cuestión moi sinxela: o xurelo está sometido a un total admisible de capturas, a un TAC. Plantexar o que vostede di significaría influír na pesqueira de tal xeito que esa medida non se podería facer, é unha medida equivocada. En cambio, a transformación do xurelo si sería algo interesante, porque axudaría a que os produtores foran os que puideran realmente vender.

Señores do Partido Popular, señor Outeiral, lea vostede completo todo o debate sobre a sardiña e verá que o conselleiro me contesta a min a cousas que eu plantexo tamén. Eu non lle fago ningún plaxio ao conselleiro de Pesca. E vostede, que é membro da Comisión de Pesca, debería ter a vergonza suficiente —e digo vergonza política suficiente, non vaian picarse— para ver que vostedes hai máis de vintetantos días votaron en contra tamén dunha cuestión que eu plantexaba para chegar a un acordo coas outras flotas do Cantábrico. Vostedes votaron en contra, porque todo o están facendo nesa forma dos *tiempos*.

Algúns dos seus deputados, dos deputados do Partido Popular, seguramente queren votar a favor, igual que queren votar a favor... Porque vostedes din que o están facendo todo. Mire, ¡menten como cosacos!, ¡menten como cosacos! E voulles explicar por qué.

Na Comisión de Pesca votaron en contra da creación dunha Oficina Europea de Pesca en Vigo non hai moito tempo. Algúns deputados querían votar a favor, o 15 do 9 de 1998, porque iso non estaba previsto nin o tiña previsto a Unión. En Lisboa, na reunión de pesca internacional, decidese apoiar a Axencia Marítima da Unión Europea en Lisboa. ¡Miren vostedes por onde!

As medidas do Goberno. Mire, cando vostede se atreve a dicir que non puido asistir o conselleiro ao Consello Galego de Pesca, ¡mente!, porque no anterior Consello Galego de Pesca á Comisión do cerco

non asistiu o conselleiro, non asiste a esas reunións. ¡Mente vostede!

Cando vostede di que ás organizacións de produtores lles impide o Regulamento do Consello Galego de Pesca ser membros, ¡mente!, porque é o conselleiro de Pesca quen toma a decisión de incorporar a todos aqueles sectores que queira. E o conselleiro non quere incorporar a Organización de Productores de Pontevedra. Co cal, queda o 80% do cerco fóra.

Mente, señor Outeiral, ou vostede non coñece o Regulamento do Consello Galego de Pesca. Claro, e vén co papelíño da consellería e estudia o do *plagio*. Vólvolle repetir que, de todas as medidas que lle propoñemos, ningunha é plaxio de nada. Son medidas para executar, medidas que vostedes non están executando e que, realmente, están a prexudicar.

¿É que acaso vostedes están en contra de que haxa un estudio, igual que o hai para Anfaco no tema da xestión das conserveiras, igual que o hai para o mexillón, para a xestión das empresas familiares da sardiña? ¿Como se atreve vostede a chamarlle "mamotretos" a todos os temas de frío? Porque hai algún deputado aquí que, cando lle oíu a vostede o de "mamotretos de frío" nos portos, botaría as mans á cabeza. Eu comprendo que vostede é un especialista en mexillón que me tiña que vir aquí pola mañá, non agora, en vez de vir o outro especialista do mexillón. Danlles a vostedes un papel e realmente non saben de qué vai.

Medidas non están executando ningunha, non hai paro biolóxico, vostedes non queren chegar a acordo. Mire, vostede aquí contradíxose: "non se sabe se vai ser paro biolóxico, non se sabe se vai ser veda, non se sabe...". Eu díxenlle que nós pedimos paro biolóxico. E dígolle, ¿optan vostedes polo paro biolóxico ou non optan? ¿Por que optan, optan polo paro biolóxico alternativo ou polo continuado? ¿En que acordo?

Se a vostedes llelo esixe hoxe a confraría de Sada, por exemplo, as confrarías, señor Outeiral, non son a representación de todo, non se está representado a través diso na Comisión sectorial do cerco. Vólvolles repetir, e vostedes mantéñeno, que hai confrarías con patróns maiores que son albaneis. Hai confrarías que teñen quince socios e van falar ao Consello Galego de Pesca do que faga falta, e non teñen nin as artes. A ver se se dá conta vostede de que as confrarías serán

todo o que vostedes queiran, pero moitas delas e o seu sistema están fóra de lugar.

Mire, dicía Castelao que as sardiñas volverían se os gobernos quixeran. Eu voulle dicir unha cousa, a sobrepesca ou o despesque do mar non é produto de que se poñan topes de redución, non é unha cuestión de poñer máis topes para reducir, topes xa se puxeron. O problema non é ese, o problema é que nós dicimos que na importación —e lea vostede completo todo, non faga demagogia, non faga demagogia— estamos de acordo coa importación de países que cumpren as mesmas condicións que nós na pesqueira da sardiña. Lea a cuestión completa, non nos opoñemos ás importacións, dicimos que non se permitan importacións daqueles países que non fan exactamente coma nós na pesqueira da sardiña. Léao, iso é o primeiro que ten que facer para opinar de determinadas cousas que vostede di.

Como oposición, nós non estamos aquí a facer máis ruído ou menos ruído, nós ao que non vimos aquí é —digamos— a facer un paripé, unha flor que non diga nada. Nós vimos dicir as medidas concretas. O paripé e a flor deixámolo para outros, para os que poderán, dalgunha maneira, considerarse satisfeitos co paripé e coa flor. Nós non, consideramos que no diálogo que ten que haber entre o partido que sustenta o Goberno e a oposición, o partido que sustenta o Goberno é libre e, polo tanto, debe tomar medidas de impulso. Nós non estamos aquí única e exclusivamente para mirar a cuestión formal dos procedementos, nós estamos aquí tamén para defender os intereses das minorías ás que representamos. Porque nós tamén representamos o pobo galego, non o representan só vostedes, metan iso na cabeza. E nós tamén...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRIGO DURÁN: ...representamos a sectores económicos do país, tamén os representamos, igual que vostedes. Non están en posesión da verdade vostedes, tampouco o estamos nós. Pero a min acusarme de plaxio, cando todo o que di vostede que dixo o conselleiro díxenllo eu antes ao conselleiro, e bastante traballo me custa, porque o conselleiro saberá vostede que foi o máximo defensor das importacións de Rusia no seu momento, cando o sector estaba todo en contra. E acordarase diso o anterior por-

tavoz de pesca do seu grupo, que por non soportar xa a política pesqueira da Consellería de Pesca dixo adeus.

Mire, ao mar vaise ganar cartos,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRIGO DURÁN: ...—remato xa, señor presidente— ó mar vaise ganar cartos, e non se vai única e exclusivamente a que alguén estea mareando a perdiz como a están mareando vostedes no tema pesqueiro; sen tomar decisións, esperando a ver o que pasa.

¿Cal é o acordo que teñen vostedes cos do norte? ¿Cal é o acordo que van ter con Portugal? ¿Cal é o paro biolóxico? ¿Como o van subvencionar? ¿Vai haber diñeiro da Unión Europea ou non?

Nós estamos plantexando que haxa diñeiro, vostedes no ano 1996 contestáronlle a toda esa flota que agora está en crise —e xa o dixeran ao principio— que non había paro biolóxico porque non había diñeiro, porque non tiñan diñeiro. Iso si, hai diñeiro, 300 millóns de pesetas —vólvoa repetir aquí—, para facer un porto deportivo para que o señor Cuíña, o señor Cacharro e o señor Baltar poidan pasearse en *yate* por San Vicente. E o... (*Protestas.*)

Demagogia a que faga falta. Demagogia é a que fan vostedes con Silvanus.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRIGO DURÁN: Remato xa, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Remate. Se non, téñolle que retira-la palabra.

O señor TRIGO DURÁN: Dígalles aos xabaríns, aos xabaríns, que se calmen. (*Risos e protestas.*)

O señor PRESIDENTE: Teño que cortarlle a palabra.

O señor TRIGO DURÁN: Dígalles aos xabaríns que se calmen.

O señor PRESIDENTE: Non, aquí non hai ningún xabarín.

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente, remato xa.

O señor PRESIDENTE: Aquí non hai ningún xabarín.

O señor TRIGO DURÁN: Remato. Brevemente.

Lamentablemente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRIGO DURÁN: ...non hai barqueiro...

O señor PRESIDENTE: ¿Quere que lle corte a palabra, entón?

O señor TRIGO DURÁN: ...nin sei remar.

O señor PRESIDENTE: Si.

O señor TRIGO DURÁN: É lamentable que, cando se pretenden defender intereses pesqueiros, os de sempre, os que o único concepto que teñen do mar é ¡pobriños, pobres dos mariñeiros!, sigan cos planteamentos que teñen. ¡Pobriños dos mariñeiros! ¿Cando volverán as sardiñas? ¡Cando os gobernos queiran!

Máis nada. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Entendo que a emenda presentada polo Grupo Parlamentario Socialista, que é unha emenda de substitución, vostede a acepta como de engádegas. Ten que dicir se se mostra conforme con esta proposta súa o señor Louro, que é o autor da emenda. *(Asentimento.)*

Entón, entendemos que, en vez de ser unha substitución do punto 12, sería un punto 13 incorporado ó texto orixinal da moción, que é o que imos someter a votación.

Sometemos a votación o publicado no *Boletín Oficial do Parlamento* cun punto 13, que é a emenda presentada polo Grupo Parlamentario Socialista.

Procedemos a votar.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 35.

O resultado da votación é negativo. En consecuencia, a moción queda rexeitada.

Pasamos ó punto terceiro da orde do día, proposicións non de lei.

(Pide a palabra o señor López Outeiral.)

O señor LÓPEZ OUTEIRAL: Para unha explicación de voto. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Para unha explicación de voto?

O señor LÓPEZ OUTEIRAL: Non posicionei o meu grupo en ningún momento, e quero recordarlle a algún que está protestando que foi exactamente o mesmo que fixo á mañá.

O señor PRESIDENTE: Si, pero pola mañá cometín eu un erro...

O señor LÓPEZ OUTEIRAL: Isto é para recordarlle que debemos todos utiliza-las mesmas normas do xogo.

O señor PRESIDENTE: Si, pero é que esta mañá cometín un erro eu, e non vou incorrer nel agora, outra vez, pola tarde.

O artigo...

O señor LÓPEZ OUTEIRAL: De acordo, de acordo. Entón ...

O señor PRESIDENTE: O artigo 94, ¿quere que llo lea?

No punto terceiro di: “Non caberá explicación de voto cando a votación fose secreta ou cando o grupo parlamentario interviñese no debate precedente”.

Nembargantes, se se cambia o voto, si que se pode explicar. Vostede interveu. Esta mañá colleume —como se adoita dicir— en *off side* o señor Trigo, pero... *(Risos.)* ...xa busquei un árbitro para que me *entrenara.* *(Risos.)*

Pasamos ás proposicións non de lei.

PROPOSICIÓN NON DE LEI DO G.P. BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, POR INICIATIVA DE D. BIEITO LOBEIRA DOMÍNGUEZ E D. FRANCISCO TRIGO DURÁN, SOBRE AS TRANSFERENCIAS DO INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA.

O señor PRESIDENTE: Había presentadas unhas emendas que non foron cualificadas pola Mesa ó non consideralas congruentes.

Ten a palabra o señor Lobeira Domínguez.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Señor presidente, señorías.

¡Xa se me acendeu a luz vermella!

O señor PRESIDENTE: Non se preocupe. *(Risos.)*

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Señorías, ninguén cuestiona a necesidade de investigación en materia pesqueira como un complemento necesario ou indispensábel en calquera política pesqueira merecente de tal nome. Sería, de feito, unha aberración, ... *(Murmurios.)* unha auténtica aberración, que un país pesqueiro, ou mesmo no noso caso, que unha potencia pesqueira, non dispuxese por si mesma dun servizo destas características. E, sen embargo, esa aberración existe, ese exemplo existe, ese exemplo somos nós, é o caso de Galiza.

No Bloque Nacionalista Galego vimos defendendo desde sempre un modelo de país vertebrado, un modelo de país que respondese —en canto á súa cobertura política— no apoio necesario á súa base económica, e, nomeadamente, que un país coma o noso, con clara vocación pesqueira, dispuxese de todos os mecanismos de apoio a este sector absolutamente estratéxico da nosa economía.

En consecuencia, reivindicamos para Galiza o dereito que ten a nosa nación de poñer todos os seus recursos, todos os seus medios, en beneficio de si mesma, sen ningún tipo de influencia externa que poida, dalgunha maneira, malograr os nosos obxectivos neste terreo. Trátase de utilizar —en función dos nosos

intereses e dos nosos beneficios— os nosos medios e os nosos recursos.

Mais esta non é unha iniciativa posta en marcha unicamente con base nunha abstracción ideolóxica ou nunha reivindicación de carácter ideoloxista, fundamentalmente é unha necesidade para nós. É unha necesidade para nós, como país pesqueiro. E aínda que non fora así, porque como nacionalistas tamén temos o dereito de reivindicar para o noso país todo tipo de competencias políticas que tendan a encher, primeiramente, o Estatuto de autonomía actualmente en vigor de contido político real, por riba de todo isto —digo—, é unha necesidade para nós, porque a experiencia avala a presentación dunha iniciativa destas características.

Mirando o que temos hoxe en día no noso país, encontrámonos cunha estrutura absolutamente centralizada en Madrid do actual Instituto Español de Oceanografía, ata os máis mínimos detalles. Neste momento é unha auténtica odisea chegar —por poñer un exemplo— a poder adquirir material informático propio para os centros —tanto en Vigo como na Coruña— que forman parte deste Instituto Español de Oceanografía. A posibilidade de solicitar subcarpetas, disquetes, material mínimo administrativo, encóntrase con moitísimas dificultades, e cómpre esperar sempre aos surtidos que veñen desde Madrid, cando en Madrid entenden ou dan o permiso para que Galiza, para que os centros de Vigo e da Coruña do IEO, teñan a venia, efectivamente, de poder chegar a adquirir estes servizos mínimos.

En Madrid é onde radica o centro coordinador do Instituto Español de Oceanografía, é onde existe tamén o persoal investigador, o cal é unha absoluta aberración, tal e como dixo un señor que, desde logo, non é sospeitoso —penso eu— de pertencer ao Bloque Nacionalista Galego. Nada menos que un ex conselleiro de Pesca e Marisqueo do Goberno galego dicía hai dezaseis anos —miren vostedes— o seguinte:

“Constitúe unha verdadeira aberración o feito de que esta central radique en Madrid, xa que este persoal —por moito que se queira ver doutro xeito— ten que estar por forza moi desligado da realidade en todos os sentidos. O propio sentido común di que algo

falla nesta localización, que mesmo podería producir certa hilaridade.”

Isto dicíao o señor López Veiga hai dezaseis anos. Efectivamente, a esta altura, dezaseis anos despois, continuamos no noso país na mesma.

Falei do mínimo, das cuestións que desde o punto de vista financeiro ou administrativo ou burocrático, pero dun xeito absolutamente mínimo, non permiten que no noso país, efectivamente, poidamos chegar a un mínimo de planificación en función dos nosos intereses.

Pero é que, por riba, e desde un punto de vista —se se quere—, máis estratéxico, ¿con que nos encontramos? Cun desentendemento case total da nosa pesca galega, fundamentalmente de altura, ou agora de prospección, dos recursos nos caladoiros afastados nos que opera a nosa flota hoxe en día, ou nos que son susceptibles de operar nun futuro os nosos buques. Existe unha clarísima falta de adaptación ás nosas necesidades, produto —como dixen antes— desa esperpéntica centralización en Madrid.

Nós cremos que non é lóxico que, por exemplo, os chamados plans de acción de pesca experimental, que levan adiante mesmo buques pesqueiros do noso país baixo proxectos —como saben vostedes— cofinanciados pola Unión Europea, non contén co persoal suficiente desde o punto de vista biolóxico e técnico como para realizaren unha serie de prospeccións ou investigacións realmente rigorosas. Ou que os recursos de profundidade nos lugares nos que actualmente opera a nosa flota non contén tampouco con estudos que garantan para o futuro a súa explotación sostíbel. Ou que non existan planos plurianuais con toda flexibilidade, ou susceptibles tamén de seren revisados —se se quere—, pero que poidan dar unha perspectiva mínima de futuro para a actividade comercial e pesqueira da nosa flota. Ou, en definitiva, que estes plans de pesca experimental estean sempre a remolque, detrás da actividade comercial, como o demostra, ou como se constata, polo feito de que sempre é a nosa flota —mesmo materialmente, cos seus buques— a que realiza estes plans experimentais. E de feito é unha constatación histórica o feito de que en boa parte do noso planeta moitos caladoiros moi rendíbeis, moi ri-

cos, foron descubertos por buques pesqueiros galegos sen maior tipo de apoio governamental.

Nós entendemos —e facémonos de feito a seguinte pregunta— que non é exemplo de equilibrio ou de sensatez o seguinte:

¿É lóxico que neste momento a prospección ou investigación pesqueira na Antártida reciba máis cartos, máis persoal investigador, etc., que a que se desenvolve, por exemplo, nos caladoiros básicos para a nosa flota conxeladora, como no Atlántico norte ou sur? Loxicamente, non.

Pero por riba, e ademais diso, o Instituto Español de Oceanografía no noso país representa, un intento de duplicar ou solapar diversas estruturas que existen xa en funcionamento no noso país, baixo a competencia da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, que operan dentro das augas interiores do noso país.

Vemos cómo nos casos da sardiña, do polbo, e demais, persoal do Instituto Español de Oceanografía e destes centros están a poñer en marcha investigacións paralelas, por exemplo, ás que realizan os nosos centros, cousa que xa foi posta de manifesto como preocupación por parte da Consellería de Pesca, que aínda non hai máis dun mes manifestaba publicamente —teño un dossier aquí mesmo— a necesidade de comezar a coordinar —precisamente para evitar duplicidades— os nosos centros baixo competencia propia, baixo competencia da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

¿Que pretendemos nesta proposición non de lei do BNG? Pretendemos fundamentalmente rematar coas contradicións que representa esta centralización aberrante e esperpéntica, ou co feito de que neste momento centros baixo control político diferente —Goberno español e Xunta de Galiza— estean a duplicarse e a solaparse neste momento.

Aspiramos tamén a que con esta proposición non de lei se transfiran estes centros á Coruña e Vigo, cos seus medios, recursos, persoal, etc., para que desde Galiza se poida dar unha resposta única, que o sector pesqueiro galego necesita, fundamentalmente, e non só, pero fundamentalmente, de cara aos caladoiros afastados, aos recursos pesqueiros que aínda non se

coñecen, e tamén a aqueles nos que a nosa flota xa faena.

Que se coordine tamén, e desde logo insisto en que esta non é unha proposta illacionista, senón que nós estamos abertos a que, unha vez tendo a competencia nós, os galegos, destes centros da Coruña e de Vigo, poidamos coordinar e colaborar con outros centros investigadores, comezando polo Consello Superior de Investigacións Científicas do Goberno español en Madrid, continuando pola Unión Europea ou por calquera outro centro do mundo. Iso si, sempre en pé de igualdade, ou baixo o criterio de paridade, de reciprocidade, en canto ao trato, nunca de submisión, desde o noso punto de vista, para os galegos.

E estamos a falar desta cuestión no ano 1998 aínda, a estas alturas, neste Parlamento de Galiza, despois de que Cataluña transferise este servizo no ano 1981, hai dezasete anos; despois de que o Parlamento vasco solicitase e obtivese a transferencia do Instituto Español de Oceanografía en 1982; despois de que, a dezasete anos de termos aprobado o Estatuto de autonomía de Galiza, no seu articulado se fale dunha serie de competencias exclusivas do noso país en materia de pesca en augas interiores, mais tamén de fomento da cultura e da investigación en Galiza, etc.; no momento en que o artigo 28 do Estatuto de autonomía de Galiza fala de que é competencia da Comunidade Autónoma galega a ordenación do sector pesqueiro.

Quero dicir que esta non é unha proposta extravagante nin sideral, senón que se axusta e, de feito, leva como norte encher de contido o Estatuto de autonomía. Cremos que é lóxico encher de contido isto. Cremos que é lóxico satisfacer as aspiracións e as necesidades do noso sector pesqueiro. Cremos que é lóxico dar resposta cumprida a antecedentes políticos neste Parlamento.

Aquí, no ano 1986, foi aprobada unha proposición non de lei por iniciativa dun deputado daquela chamada Coalición Popular, señor Torres Colomer, pedindo isto mesmo. Aprobado, e non se fixo nada.

En 1984, actuando como conselleiro de Pesca o señor Garrido Valenzuela, comprometeuse a que con data do 1 de xullo de 1984 —e aparece aquí, no *Diario de Sesións* desa data— Galicia contaría co

Instituto Español de Oceanografía. E non fixo nada. Catorce anos despois seguimos como estabamos.

Dicía que non é unha medida illacionista, á coordinación estamos abertos, á colaboración estamos abertos, comezando por Madrid, como dixen eu antes, pero sempre en pé de igualdade e sempre defendendo nós os nosos intereses con reciprocidade, con paridade, comezando por defender, loxicamente, os nosos intereses pesqueiros en función de nós mesmos, das nosas necesidades, das necesidades do sector pesqueiro galego.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Lobeira.

¿Grupos que queiran intervir? (*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra o señor Pazos Varela.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señorías, vou empezar por fixa-la posición do noso grupo, non vaia ser que me esqueza e logo o Regulamento me deixe fóra de xogo.

Señor Bieito Lobeira, o Grupo de Esquerda de Galicia non ten dúbida ningunha en apoiar esta proposición non de lei. Ademais é unha proposición xusta, responsable, necesaria; e obedece a súa presentación ó que, hoxe por hoxe, constitúe un despropósito para este país.

É un despropósito que un organismo tan importante para unha actividade económica fundamental en Galicia teña a súa sede central en Madrid; e o que é peor, ter a súa sede central en Madrid leva aparelado un afastamento da realidade, un abandono, un esquecemento dos recursos e dos materiais necesarios para poder desenvolver-lo seu labor no que atinxe á nosa economía.

O día do debate do estado da Autonomía o portavoz de Esquerda de Galicia, señor Anxo Guerreiro, fixo unha proposta para debate-las regras de xogo que debían rexe-lo funcionamento da nosa Autonomía. Propuxo unha primeira etapa, precisamente, na que se trataría de esgota-las potencialidades que permite o

Estatuto de autonomía. Iso leva consigo acada-las máximas competencias posibles, e, dende logo, non hai nada nesta proposición que demostre que o feito de que Galicia acade esta competencia sexa lesivo para ningún suposto interese xeral do Estado ou algo que se nos poña por encima. Non hai nada que impida, daquela, a asunción de competencias neste e noutros temas, pero concretamente me refiro a este, que é fundamental para o desenvolvemento —repito— dun sector económico importante.

E non é despropósito dende o punto de vista da configuración do Estado. Efectivamente, os servicios centrais están en Madrid porque constitúe a capital do Estado. Pero é un despropósito, efectivamente, que os servicios centrais deste Instituto Español de Oceanografía estean en Madrid e, polo tanto, afastados da realidade de Galicia. Así, desa maneira, non atenden as necesidades reais que teñen os centros radicados na nosa nación. Sofren abandono de material, abandono de medios e abandono de persoal, necesarios para levar adiante un labor importantísimo. Polo tanto, é das necesidades máis perentorias que ten a nosa economía neste momento.

Ademais, sinceramente tranquilízame a explicación que deu o señor Lobeira cando falaba de que non é unha medida illacionista, porque no segundo punto... É dicir, o primeiro é demanda-la transferencia destes centros dependentes do Instituto Español de Oceanografía, e o segundo cae de caixón, é unha verdade de perogrullo, a coordinación entre estes centros que se transfiran e os centros que agora mesmo dependen da propia Xunta de Galicia. Pero tamén, efectivamente, fixo referencia a unha coordinación necesaria —para non duplicar ou triplicar esforzos— con outros centros que poidan depender tanto doutras comunidades autónomas do Estado español como do propio Goberno central de países da Unión Europea ou de países de calquera área, porque a coordinación entre centros de investigación e desenvolvemento impide esforzos duplicados, medios tirados ou medios dilapidados, etc.

Tendo en conta isto, de verdade, sinceramente, señores e señoras deputadas do Partido Popular, porque son os que teñen a chave, non porque a min me guste referirme continuamente a vostedes, non atopa este deputado ningunha razón para opoñerse a esta inicia-

tiva. Estase pedindo máis competencias, unhas competencias máis, das moitas que aínda hai que pedir para o noso autogoberno, e que van redundar —qué dúbida cabe— en beneficios para Galicia, porque van redundar en beneficios, en proximidade, en actuacións concretas para un sector fundamental da nosa economía.

Esta proposición non de lei ten, daquela, o noso apoio, e, sinceramente, agardo que teña o apoio unánime da Cámara. Sería hoxe a primeira vez, pero, aínda que iso non constitúa un costume, de vez en cando hai que rachar tamén a dinámica do non polo non, que non deixa de ser outra cousa —xa o dixen varias veces— que o non ó cadrado.

Moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Pazos.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, señorías, é evidente que nun Pleno tan cargado de asuntos acuáticos, marítimos, tan pasado por auga, como temos esta tarde, naufraga o interese dos señores deputados e das señoras deputadas.

Non é menos certo tamén que naufraga, ou cando menos perde o rumbo, un avezado parlamentario como o señor Lobeira, que na primeira parte da súa intervención plantexa algunhas cuestións curiosas. Incluso sorprende, ademais, que nesta iniciativa vostede fale, por un lado, de pedir unha transferencia e, en segundo lugar, como se non fora en certa medida contradictorio, de coordina-los recursos existentes en Galicia, alén desa transferencia.

Fala vostede de que a pesca galega está mergullada no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Mire, afortunadamente a pesca está mergullada nos mares nos que pescan os nosos barcos, mares nos que, por certo, se fai investigación pesqueira. Os mares da Unión Europea, nos que se está a investigar sobre a pesca de pescadas, sardiñas, xurelo e outras especies; os mares das Malvinas, onde se investiga sobre pota e calamar; os mares de África

do sur, onde se investiga sobre cefalópodos; os mares da NAFO, sobre bacalao, etc.

Fala vostede de que hai insuficiencia de recursos ou de que hai un uso desperpéntico —chega a dicir— dos recursos. Evidentemente, os recursos nunca son dabondo. Pero hai que dicir que neste momento catro de cada dez investigadores pesqueiros do Estado español, dos organismos de investigación, están aquí, en Galicia, no momento actual, e que hai plans cuadrienais nos que participan as comunidades autónomas con competencias na materia, e, polo tanto, nos que participa a Xunta de Galicia. E fala vostede tamén de que se están a dilapida-los recursos en investigacións innecesarias na Antártida, por exemplo.

Mire, estanse a facer investigacións cuadrianuais, non na Antártida, que está aló no sur, moi lonxe, senón no Ártico, nas illas Svalbard. Hai todo un mundo de distancia entre un e outro lugar. Non é necesario saber tódolos datos, pero convén, evidentemente, ter algunha precisión xeográfica nestas cuestións. Polo tanto, fai vostede unha primeira parte que é difícil de comprender para falar de que é necesario transferi-lo Instituto Español de Oceanografía. E logo fai unha segunda parte, que é a que verdadeiramente interesa e preocupa a este grupo parlamentario, ó Grupo Socialista, porque, señorías, na segunda parte fálase dun problema fundamental no desenvolvemento económico e social de Galicia, que é o problema da investigación e o desenvolvemento na nosa comunidade, do estado deficitario no que se atopa, do que a investigación pesqueira non é senón unha parte, non sei se grande ou pequena. En todo caso, non é cuestión agora de falar das cifras en cada programa.

¿Cal é a situación hoxe en Galicia en investigación e desenvolvemento? E nunca mellor falar destas cuestións que en vésperas do debate presupostario.

Pois os gastos en investigación e desenvolvemento en Galicia, señorías, son neste momento o 3, 2% do total español. E o persoal investigador que traballa en Galicia en I+D, considerando os tres subsistemas: Administración pública, universidade e institucións sen ánimo de lucro, é o 3,5%.

Fíxense vostedes, estamos por debaixo, evidentemente, das comunidades máis desenvolvidas, faltaría máis, lévannos moita distancia. En gastos estamos a

un tercio do gasto en I+D do País Vasco, por exemplo, que ten menos poboación que Galicia. Pero, o que é peor, estamos por debaixo, en gasto e en persoal investigador, dunha comunidade como Castela-León, que é menos da metade, poboacionalmente, do que é Galicia. Menos da metade, e estamos por baixo. Cómpre, polo tanto, facer un esforzo importante. Galicia significa, en relación cos plans nacionais de investigación, aproximadamente o 4,5%. E soamente consome o 2,5% dos fondos europeos que en España se adican á investigación.

Esta é a radiografía da situación na que nos atopamos, e na que hai que enmarcar calquera debate sobre investigación pesqueira, agroalimentaria, industrial ou do tipo que queiran, nun estado de prostración e de atraso evidente en materia de investigación e desenvolvemento. E non poderá haber desenvolvemento industrial e económico, e acurta-las distancias que nos separan doutras rexións, europeas e mesmo españolas, se non hai un esforzo moi importante nos distintos sectores: no sector público —Administración, universidades— no sector privado e no terceiro sector, o das institucións sen ánimo de lucro, aínda que sexa moi minoritario en termos porcentuais. Polo tanto, é aí onde cómpre que o Goberno galego actúe, e é aí onde o noso grupo presentou unha emenda que foi rexeitada pola Cámara, veredicto que acatamos respectuosamente co Regulamento, para tentar que precisamente houbera unha coordinación dos plans galegos de I+D cos plans estatais e cos plans comunitarios que se organizan.

Non cremos que o obxectivo para Galicia teña que ser construí-lo seu propio sistema de I+D neste estado de subdesenvolvemento tecnolóxico e no que as transferencias de tecnoloxía non van compensa-la investigación básica que está aínda por facer.

Cremos que cómpre sumarse a unha política estatal precisamente nese sentido no que moitas veces se ten falado aquí, e mesmo por parte do Partido Popular, fundamentalmente por parte do seu presidente —que lamento que non estea presente—, no sentido de coordina-los esforzos mediante os mecanismos constitucionais de delegación de competencias e de coordinación da xestión. Aí están perdendo oportunidades, coma sempre, de facer real iso que logo predican da Administración única. Pero, en fin, é a súa res-

ponsabilidade. Están perdendo oportunidades importantes de integrar, xerarquizar e coordinar nun mesmo sistema os centros de investigación da Xunta de Galicia, os catro centros galegos que hai adicados ó mar: os centros de cultivos, de acuicultura, de investigación e de control de calidade; os cinco centros que ten o CSIC en Galicia, e entre eles os dous centros do Instituto Oceanográfico, dos que se fala aquí parcialmente; e os centros que teñen as universidades.

Por certo, se falamos de universidades e de Secretaría Xeral de Investigación de Galicia, é difícil que funcione a Secretaría Xeral, que se limita a asumir e a capta-los recursos que antes tiñan as universidades para este campo. Primeira cuestión.

Segunda cuestión. É difícil —e cónstame que os rectores lles teñen expresado isto ós órganos de goberno da Xunta— concibir hoxe en día unha universidade que estea de costas á investigación. Non hai docencia por un lado e investigación por outro, iso non é unha universidade. Poderemos chamarlle doutro xeito, pero iso non é unha universidade.

En todo caso, a Secretaría Xeral de Investigación, ó día de hoxe, non pasa de ser unha esperanza, unha promesa, porque nas cifras que vostedes remitiron a esta Cámara para o ano 1999 a Secretaría Xeral ten algo así como 3.600 millóns de pesetas de investigación, dos que 2.500 van ir destinados a transferencias a organismos e institucións; 700 van ir a *bolsas* para bolseiros e o resto son partidas menores. Dificilmente, con esas cifras imos acurta-las distancias que temos coas comunidades máis desenvolvidas, e esa é a situación fundamental que temos en Galicia e na que cómpre facer un esforzo de imaxinación.

Non é un esforzo simplemente de plantexar crear *ex novo* un novo sistema de I+D, o que levaría décadas e non hai os recursos suficientes, probablemente, pero sobre todo perderíanse economías de escala importantes. É que hoxe, e a pesca é un bo exemplo, moitos dos equipos investigadores en España e noutros países, e en Galicia, dende logo, forman parte xa de equipos multinacionais; porque, gústenos ou non, os peixes móvense e non respectan as fronteiras administrativas. E, ó mesmo tempo, no momento actual non ten sentido facer fronteiras administrativas ou políticas —se queren vostedes— arredor de cuestións

como a ciencia, que están a superar xa as propias fronteiras estatais.

Este é o desafío, e éste é un tema que o noso grupo plantexou xa na lexislatura pasada infructuosamente, que plantexou xa nesta lexislatura, ó comezo dela, infructuosamente, e que hoxe, ó fío desta petición de transferencia, nos parece importante subliñar.

E remato xa. Ante dúas proposicións tan diferentes por parte do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, o noso grupo votará en contra da primeira, xa que polas razóns expostas non nos parece razoable, señor Lobeira, e en cambio, na segunda, aínda con matices, porque non estamos a dici-lo mesmo no que pon na súa proposición e no que eu teño expresado aquí, votaremos a favor dese segundo punto da súa proposición.

Máis nada, señor presidente, e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Moitas grazas, señor Méndez.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Sotelo Villar.

O señor SOTELO VILLAR: Señor presidente, señorías, subo a esta tribuna para posiciona-lo Grupo Parlamentario do Partido Popular sobre a proposición non de lei presentada polo señor Lobeira, do Grupo Parlamentario do BNG. Espero, señor Méndez, non naufragar.

Proposición non de lei na que pide como propostas de resolución que o Parlamento de Galicia inste o Goberno galego a demandar do Goberno español a transferencia do Instituto Español de Oceanografía, dos centros e recursos na nosa comunidade autónoma, e a elaborar un Plan de coordinación dos diversos medios de investigación pesqueira que operan en Galicia.

Ata aquí, entendo que todo ben. Calquera que non lese detidamente a exposición de motivos de dita proposición non de lei, calquera que non oíra a exposición que vostede fixo aquí, se simplemente tiveramos en conta os puntos que plantexa nas propostas de resolución, evidentemente, tiñamos que votar favorablemente. Pero unha vez máis a súa señoría mestura

—entendo eu— cuestións —entende o Grupo Parlamentario do Partido Popular— nas que calquera parecido coa realidade é pura coincidencia.

Dicir que a pesca galega fica perdida no mapa, dicir que existe falta de adaptación da investigación pesqueira ás necesidades de Galicia, ou que a investigación pesqueira vai por detrás da actividade comercial, cando esta investigación é pioneira no mundo e mesmo serve de modelo para outros países, entendo eu, entende o Grupo Parlamentario do Partido Popular, que o único que busca a súa señoría, o único que busca, como en tantas outras ocasións, é acapara titulares de prensa.

Por iso, ás veces, contestar certas iniciativas como a que vostede presenta hoxe o único que nos produce é rubor. Entendo eu que resulta difícil explicar cómo unha vez tras outra determinados grupos da oposición propoñen que o Parlamento de Galicia inste a Xunta de Galicia a facer cousas que o Goberno galego xa fixo ou que, como neste caso, está facendo *motu proprio*, señorías, dende hai tempo.

A transferencia non só dos centros e recursos do Instituto Español de Oceanografía, senón tamén dos dependentes do Consello Superior de Investigacións Científicas, hai tempo que foi xa demandada pola Xunta de Galicia. Esta cuestión creo que é de dominio público, e así foi posto de manifesto creo que na sesión plenaria do pasado 30 de setembro polo conselleiro da Presidencia, ó contestar a unha pregunta asinada pola súa señoría.

Como vostedes saben —e aquí fixéronse reiteracións tanto por parte do señor Lobeira como por parte do señor Méndez— o Instituto Español de Oceanografía é un organismo público de investigación que ten ámbito estatal, que está adscrito ó MAPA, e que entre as súas funcións fundamentais figura a investigación sobre os recursos vivos mariños nos distintos mares e océanos que sexan de interese para o sector pesqueiro.

En concreto, e no que a Galicia se refire, desde hai anos vénse traballando na investigación, seguimento, avaliación e asesoramento das pesqueiras en augas da Unión Europea: pescada, sardiña, rabada, xurelo, lirio, cabala, cigala; en atún branco e peixe espada en augas oceánicas; na NAFO: bacallao, fletán negro,

platixa; en África: cefalópodos, pescada, gamba; nas Malvinas...

Dado que os stocks entendemos que non coñecen fronteiras políticas, nestes proxectos están xa a traballar conxuntamente expertos dos distintos centros, como Santander, Cádiz, Tenerife e, por suposto, os de Galicia: Vigo e A Coruña. Así pois, o que na súa exposición de motivos vostede chama falta de adaptación da investigación pesqueira ás necesidades de Galicia, creo que, dito todo isto, está lonxe da realidade. Toda a investigación pesqueira, toda, que leva a cabo, o Instituto Español de Oceanografía dende Galicia, ten aplicación directa para os intereses pesqueiros de Galicia.

Cando vostede fala de dependencia subordinada ou estrutura esperpéntica, entendemos nós que se está referindo á coordinación dos centros para favorecer unha relación internacional constante con outros países interesados nas mesmas pesqueiras.

Cando vostede fala de centralismo administrativo temos que dicir que, independentemente da organización económico-administrativa centralizada do Instituto Español de Oceanografía, os equipos de investigación dos distintos centros teñen plena iniciativa para elaborar e presenta-los seus proxectos de investigación. E ogallá tódolos problemas foran as carpetiñas, clips e demais, ogallá foran eses tódolos problemas que teñen os centros dependentes do Instituto Español de Oceanografía.

Segue indicando na exposición de motivos que non existe un plantexamento plurianual a medio prazo de campañas de prospección, o cal é falso, e creo que xa fixo o señor Méndez referencia a iso. Dende 1992 vostede coñece que se veñen desenvolvendo campañas en augas da NAFO, co Cornide Saavedra, e dende 1995 con buques comerciais, con buques conxeladores, tanto en NAFO como en Svalbard.

Tamén di vostede que non é entendible que na actualidade se adique máis tempo e cartos a estudos na Antártida que para recursos explotados pola nosa flota no Atlántico. Teño que dicir que na ctualidade non hai ningún proxecto de estudo na Antártida por parte de ningún centro do Instituto Español de Oceanografía.

En resumidas contas, entende o Grupo Parlamentario do Partido Popular que no primeiro punto está máis que xustificado que o Goberno galego está cumprindo este punto dende hai tempo. Dende hai tempo vén reclamando a transferencia do Instituto Español de Oceanografía e vaina seguir reclamando.

En canto ó punto segundo, téñolle que dicir tamén que o Goberno galego, tamén neste punto, lle leva moito camiño por diante non só en tempo de acción senón mesmo en contidos.

Mire, señor Lobeira, señores da oposición, dende o comezo da presente lexislatura, a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, en estreita colaboración coa Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, vén traballando na coordinación de toda a investigación mariña que se desenvolve en Galicia, proxecto moi avanzado no que participan non só os centros dependentes da Consellería de Pesca, os centros dependentes do Instituto Español de Oceanografía, senón mesmo o centro dependente do Consejo Superior de Investigaciones Científicas, os departamentos correspondentes das universidades galegas e os laboratorios de Anfaco.

E eu podíalle facer referencia aquí ó convenio, un documento no que don Dositeo Rodríguez Rodríguez, conselleiro da Presidencia e Administración Pública e secretario do Consello da Xunta de Galicia, certifica: "O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 30 de xullo de 1998, adoptou, entre outros acordos, o seguinte. Aproba-lo novo texto do convenio-marco de colaboración entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a través do Instituto Español de Oceanografía, e a Xunta de Galicia, para o desenvolvemento da investigación mariña". Polo tanto, creo que tamén neste campo imos por diante da súa proposta.

En definitiva, señorías, e remato xa, o Grupo Parlamentario do Partido Popular entende que esta proposición non de lei, ademais de resultar extemporánea, *rezuma* —entendo eu— a habitual falta de respecto —habitual falta de respecto— de certos grupos ó labor ben feito polo Goberno galego —neste caso, por parte da Consellería de Pesca—, nun tema —ó noso entender— de tanta transcendencia para Galicia

como pode se-lo labor de investigación nun sector prioritario como o da pesca.

Polo tanto, tendo en conta estas premisas e tendo en conta que o que se pide se está cumprindo xa dende hai tempo, o Grupo Parlamentario do Partido Popular vai rexeitar esta proposición non de lei.

Máis nada, señor presidente.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Moitas gracias, señor Sotelo.

Ten a palabra o señor Lobeira Domínguez.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Señor presidente.

Señor Pazos, gracias mil polo seu apoio que, tal e como está o pastel, parece que non vai ser suficiente como para acadar a maioría.

Señor Sotelo, señor Méndez Romeu, non sei se empezar polo primeiro ou polo segundo, se pola transferencia ou pola coordinación.

Coordinación. Non o digo eu, dío o señor Landín en setembro deste mesmo ano, con motivo da modificación da estrutura organizativa da Consellería de Pesca en relación coa investigación mariña, e, en concreto, sobre os centros de experimentación de Couso e Ribadeo e mailo Centro de Investigacións Mariñas de Corón.

Decía o señor conselleiro, textualmente, que "sen embargo, o rendemento destes centros non é o esperado, como consecuencia, fundamentalmente, dunha deficiente estrutura organizativa".

Para a Consellería de Pesca "actualmente falta un equipo de dirección científica que, xunto co illamento dos centros de investigación, provoca certa descoordinación, que dificulta contar con liñas de investigación, etc..".

Non o dicimos nós, dío o señor Landín. É unha necesidade clamorosa contar con coordinación só co que temos agora baixo competencia propia da Consellería de Pesca.

En canto á transferencia do Instituto Español de Oceanografía, señor Sotelo, ou mente vostede, ou mente o señor conselleiro, D. Dositeo Rodríguez, porque vostede di que a Xunta de Galicia demandou e segue a demandar a transferencia do Instituto Español de Oceanografía. O señor Dositeo Rodríguez, no último Pleno, recordarao vostede, dixo: “Non. Non é necesario. Que se está nunha liña de convenios que, efectivamente, ...”.

Non, non, se non ten o papel por aí, búsqueo, pero o que dixo era que non. (*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Efectivamente. ¿De acordo?

Entón, unha de dúas, ou mente o señor conselleiro ou mente o portavoz do Partido Popular, señor Sotelo.

De calquera maneira, aclárolle, señor Sotelo, unha cuestión, porque vostede puxo en dúbida a exposición de motivos, que non a parte dispositiva. Recórdolle que o que imos votar agora vai ser a parte dispositiva, os dous puntinhos dos que vostede dixo que non tiña nada en contra, que os asumía perfectisimamente. Iso é o que imos votar, non a exposición de motivos. Pode estar en contra, é emendábel, é modificábel, é todo o que vostede queira, pero o que imos votar non é a exposición de motivos, é a parte dispositiva. Por tanto, se hai coincidencia, o que dalgunha maneira lle solicito é o voto favorábel.

O señor Méndez Romeu di que existe unha contradición plena entre a transferencia do Instituto Español de Oceanografía e a coordinación. Nós, desde logo, non vemos cal pode ser esa contradición. Todo o contrario. Encaixa perfectisimamente unha perspectiva de que Galicia se dote deses medios e recursos en materia de investigación coa coordinación necesaria entre o que nos veña e o que teñamos nós. A non ser que exista outro tipo de esquemas mentais, dos que unicamente a través da posición do Partido Popular só podemos falar de algo que xa lle dixen no seu día ao señor conselleiro, de involución dexenerativa no plano político-ideolóxico. Algo sobre o que se manifestaban favorábeis hai catorce anos, nestes momentos maniféstanse absolutamente contrarios.

Eu, con esta proposición non de lei, ou nós, desde o BNG, o que non facemos é poñer en dúbida, ou baixo cuestión, a capacitación técnica ou profesional da-

queles traballadores que están situados no Instituto Español de Oceanografía. Do que falamos é dun problema estrutural ao que lle cumpren solucións estruturais, solucións políticas. Porque o que se está a facer neste momento, desde logo, non responde —e insisto— ás necesidades en materia pesqueira do noso país.

Aclárolle ao señor Méndez Romeu e ao señor Sotelo que, efectivamente, se están a facer campañas de investigación na Antártida cun buque pertencente á Armada española baixo o símbolo A-33, denominado Hespérides, co que como vostedes saben, non agora senón desde aí anos, e periodicamente, se realizan as campañas de investigación. O problema é que o Hespérides non ten capacidade para pescar. Ou o Cornide de Saavedra, xa mencionado polo señor Sotelo. Non pode pescar a máis de 800 metros, como é sabido. E nós, que temos unha parte importante da nosa flota, da flota conxeladora, situada en caladoiros afastados, efectivamente necesitamos non só unidades pesqueiras que fagan ese traballo, senón tamén dotacións técnico-biolóxicas e, fundamentalmente, un mapa de prioridades, que non ten a Consellería de Pesca, sobre onde situar a nosa flota ou onde pescar.

Eu poñíalle hai uns días na Comisión de Pesca, a representantes do Goberno galego, o exemplo do que está a facer Nova Celandia, en concreto no caladoiro de Namibia, que a través dun convenio pode, neste momento, investigar e facerse no futuro cunha cota de mercado do *orange roughy* que, efectivamente, ten unha saída comercial moi importante, mentres a nosa flota non. E, entre outras cousas, ¿por que non? Porque como non ten esa capacidade investigadora, non se pode poñer diante dunha mesa negociadora a dicir: existen estes recursos, nós queremos ter cota aquí. Sempre temos que depender do que nos digan outros.

O ano 1999, un ano crucial para a flota galega, no que se está a poñer en discusión o futuro do banco canario-sahariano, no que se pon en cuestión o futuro na Arxentina, en Canadá, etc., resulta que non temos nós mesmos, á hora de poñer enriba da mesa argumentos reais, sólidos, desde o punto de vista científico, ningún tipo de dato para dicirlles: Paros biolóxicos, cando e por qué. Cotas ou Topes Autorizados de Captura, ata que punto. Porque non temos eses datos. É triste

que un país como o noso, que se desenvolve na pesca con obstáculos —por certo, do Goberno galego— a estas alturas aínda siga sendo unha potencia pesqueira.

Non teño máis que dicir, simplemente dicirllas a uns e a outros que nós, no BNG, non temos complexo de inferioridade. E que estamos fartos, señor Sotelo, de que nos veñan dicir de Madrid qué temos que pescar ou qué non temos que pescar; cómo e cándoo temos que pescar. No Bloque Nacionalista Galego fixémoslo sempre, farémolo agora, funcionaremos en función das nosas necesidades como pobo, das nosas necesidades no sector pesqueiro como sector económico.

Moitas gracias.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Lobeira.

Parece que solicitaron que se fixera a votación por puntos, ¿non? *(Asentimento.)*

Se non ten inconveniente o autor da iniciativa, procederemos a votar por puntos a proposición non de lei.

Procedemos a vota-lo punto primeiro.

(Votación.) (Pausa.)

Votos a favor, 29; votos en contra, 35.

Perdón, perdón, perdón, que parece que isto non funciona.

Votos a favor, 29; votos en contra, 35.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto primeiro.

Procedemos a votar...

(O señor Sineiro García pide a palabra.)

¿Señor Sineiro?

O señor SINEIRO GARCÍA: Para os efectos de constancia, pregaria que o meu voto, a pesar desa luz verde, se sinalara como vermello.

O señor PRESIDENTE: ¿Que se fixera constar como positivo?

O señor SINEIRO GARCÍA: Como negativo, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Como negativo.

Imos repeti-la votación, porque me parece que o sistema electrónico hai un pouco fixo algo estraño aí, non sei se terá mal algunha conexión.

Imos repeti-la votación do primeiro punto.

(Votación.) (Pausa.)

Imos ter que prescindir do sistema electrónico e votar á man alzada.

Votámo-lo punto primeiro da proposición non de lei formulada polo Bloque Nacionalista Galego.

¿Votos a favor? *(Pausa.) (Reconto dos votos.)*

Votos a favor, 17.

¿Votos en contra? *(Pausa.) (Reconto dos votos.) (Risos.) (Murmurios.)*

Votos en contra, 47.

O punto primeiro queda rexeitado.

Procedemos a vota-lo punto segundo da proposición non de lei.

(Votación.) (Pausa.)

¿Votos a favor? *(Pausa.) (Reconto dos votos.)*

Votos a favor, 29.

¿Votos en contra? *(Pausa.) (Reconto dos votos.)*

Votos en contra, 36.

O punto segundo tamén queda rexeitado.

Procedemos a segui-lo debate.

PROPOSICIÓN NON DE LEI DO G.P. DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, POR INICIATIVA DE D. FRANCISCO SINEIRO GARCÍA, SOBRE A PRESENTACIÓN E O DEBATE NO PARLAMENTO DUN ESTUDIO E DO CORRESPONDENTE PLAN DE MEDIDAS E PROPOSTAS DA XUNTA DE GALICIA RESPECTO DO IMPACTO DAS PROPOSTAS DE REGULAMENTOS DA COMISIÓN EUROPEA NA AGRICULTURA GALEGA.

O señor PRESIDENTE: Para a defensa desta proposición ten a palabra o señor Sineiro García.

O señor SINEIRO GARCÍA: Señor presidente, señorías, a proposición non de lei que presentamos ten dous obxectivos ben claros. Por unha parte, que se dea conta do que foi o balance da aplicación das medidas contidas na reforma da política agraria común entre os anos 1992 e 1998. E, por outra, que a Xunta presente un estudio de avaliación dos posibles impactos das reformas de regulamento propostas pola Comisión da Unión Europea.

Estes dous puntos, que forman parte da nosa proposición non de lei, consideramos que teñen unha importancia estratéxica cara ó futuro da agricultura e da nosa economía galega.

A pesar da importancia do documento da Axenda 2000, que é un documento estratéxico da Unión Europea sobre o que son as políticas futuras da Unión para o período do ano 2000 ó 2006, sobre as propias medidas de financiamento destas políticas e a preparación tamén —medidas específicas de preparación— para a integración dos países candidatos procedentes do leste europeo, deste documento de xullo do ano pasado, de 1997, un documento de importancia estratéxica para o conxunto da Unión Europea, pero aínda máis importante desde un punto de vista estratéxico e económico para o caso da nosa comunidade —hai que recordar que, no financiamento deste ano, 62.000 millóns de pesetas do presuposto consolidado desta Comunidade Autónoma proveñen de fondos comunitarios, é dicir, aproximadamente un 9% dos orzamentos consolidados para o próximo ano—, o único que tivemos foi un silencio olímpico e solemne por parte da Xunta de Galicia.

Pasou o tempo, e en marzo deste ano, sobre unhas propostas concretas de regulamentos por parte da Unión Europea, propostas nas que se pasaba duns principios xerais a medidas concretas do que ían ser cambios importantes que afectan ás nosas producións agrarias máis importantes, ó mesmo tempo que contiñan as medidas de desenvolvemento rural e o que era a ficha financeira para ese conxunto dos próximos seis anos, por parte da Xunta de Galicia vímollo mesmo silencio, un silencio irresponsable cando se están a debater propostas concretas que afectan á nosa Comunidade Autónoma, ó futuro da nosa Comunidade Autónoma.

Este grupo parlamentario, en Comisión, nunha comparecencia pedida do señor conselleiro de Agricultura, entendeu daquela que había unha postura favorable por parte do señor conselleiro á hora de considera-la elaboración de propostas por parte deste Parlamento. Estabamos a falar dunha comparecencia que se deu en abril pasado. Pasou o tempo, estamos en outubro, non realizamos ese debate a proposta da Xunta de Galicia, e é polo que presentamos esta proposición non de lei o 18 de agosto pasado.

Agora, o Goberno ten a posibilidade de volver pasividade por unha política ou unha posición máis activa. ¿Ou é que o Goberno non ten nada que dicir sobre as propostas concretas de reforma da Unión Europea? E, se ten algo que dicir, ¿non hai unha oportunidade para conformar posturas conxuntas por parte do Parlamento? ¿É que o Goberno considera que ten a única e absoluta representación desta Comunidade Autónoma, non só en relación coas políticas actuais, senón coas políticas futuras, que se van aplicar entre o ano 2000 e o ano 2006? ¿É que o Goberno ten un desprezo democrático sobre este Parlamento? Porque non se van debater propostas que afectan a esta presente lexislatura, senón que se van debater propostas que van afectar a futuras lexislaturas.

Pois ben, seguimos a ter ese silencio e agardamos que non teñamos hoxe unha postura negativa para a toma en consideración desta proposición por parte do grupo que apoia o Goberno.

Pero quixera incidir en dous aspectos máis que reálzan a importancia desta proposición non de lei.

Desde marzo deste ano, hai dous feitos novos importantes cara ó futuro da Axenda 2000. Por unha parte, hai unhas propostas das últimas semanas sobre o que pode se-lo cofinanciamento da futura política agraria común, con propostas concretas. Unha delas, para que o 25% do financiamento destas políticas sexa aportado polos estados membros. E é unha proposta concreta no seo da Unión Europea. Señor conselleiro, invítoo a que logo expoña desde aquí os seus posicionamentos.

Este posicionamento importante rompe a cohesión europea, iso quere dicir que haberá estados membros que con facilidade son capaces de aportar ese 25% de cofinanciamento e haberá estados membros, coma o noso, e coma a nosa Comunidade Autónoma, que teñan verdadeiras imposibilidades para aportar ese cofinanciamento. Iso, dalgunha maneira, quebra ese principio de cohesión, que o noso grupo ten como importante no conxunto do noso Estado e que aínda o ten como máis importante no conxunto da Unión Europea. E quérolle dicir que este portavoz entende que foi unha verdadeira torpeza —unha torpeza que se engade a argumentos deste grupo en contra da reforma do imposto do rendemento das persoas físicas—, neste caso, de falta de oportunidade.

¿Como é posible, cómo é crible, unha postura do Goberno español na que, por unha parte, trata de facer aforros para os impositores e para os contribuíntes coa reforma do IRPF, por importe alomenos de 500.000 millóns de pesetas, e, polo outro, pon a man ante Europa pedindo progresividade na aportación dos distintos estados membros á política da Unión Europea en función do seu produto nacional bruto? É dicir, a progresividade que nós reclamamos na política fiscal dentro do Estado, o Goberno, o ministro Rato, convértea en regresividade á hora da reforma do IRPF. E, en cambio, vai con ese principio de progresividade ó seo da Unión Europea.

Foron argumentos que se lle botaron en cara ó ministro Rato. ¿Como é crible a postura dun Estado na que, por unha parte, renuncia a ingresos actuais dos contribuíntes, está reducindo a presión fiscal sobre determinado grupo de contribuíntes, e, ó mesmo tempo, pide incremento de ingresos e de financiamento por parte da Unión Europea?

Eu quérolle lanzar unha mensaxe ben simple: nós acusaremos no futuro ó Goberno se non ten capacidade financeira para cofinanciar esa política agraria común, no caso de que se leve adiante esa reforma, e se parte dos fondos de financiamento da política agraria e da pesqueira tamén, señor conselleiro, se teñen que facer con fondos estatais ou con fondos da Comunidade Autónoma. É un aviso para navegantes, e é un aviso que non vai en balde.

Pois ben, fronte á importancia estratéxica desta discusión e do debate sobre as políticas de futuro da Unión temos un silencio. ¿É que o Goberno está de acordo coas propostas de regulamento? Se non está de acordo, ¿por que non é capaz de coparticipar co conxunto dos outros grupos parlamentarios á hora de conformar unhas propostas conxuntas?

A postura dun Parlamento, unhas propostas conxuntas dun Parlamento, teñen importancia aquí e en Europa, incluso aínda que non teñan un carácter vinculante. Entre outras cousas, recordemos que o propio dictame do Parlamento Europeo en materia de agricultura non ten máis que un efecto de dictame, non ten un carácter vinculante, e, en cambio, o Parlamento Europeo traballa de maneira intensa sobre propostas e sobre iniciativas de reforma dalgunhas propostas por parte do regulamento.

Eu quixera rematar este tempo que teño para a presentación e defensa desta proposición non de lei tratando de valorar, desde o punto de vista económico, o que poden ser prexuízos negativos para a nosa agricultura no caso de aprobarse as propostas da Comisión Europea tal como foron formuladas en marzo do ano pasado.

Nós entendemos que o prexuízo conxunto anual que se pode derivar se as propostas do regulamento son finalmente aprobadas, alomenos ascendería a 31.500 millóns, e probablemente chegaría ós 42.000 millóns de pesetas por ano. E isto derivaríase da non ampliación, da non consolidación, da produción actual de leite como cota —é unha das tarefas pendentes para a Axenda 2000—, e tamén da non inclusión dun número importante das nosas cabezas de gando vacún, da superficie que dedicamos a cultivos e outras superficies agrarias nas propostas de regulamentos.

Porque, dalgunha maneira, e por poñelo dun modo simple, nas propostas de regulamentos da Comisión preténdese unha baixa ponderada, de arredor dun 20%, nos distintos prezos agrarios, que se trata de compensar —ponderada no sentido de que unhas producións baixan o 15% e outras chegan ata o 30%—, e para o conxunto das nosas producións agrarias, para as nosas, tendo en conta a aportación dos distintos produtos á nosa produción final agraria, significaría unha baixa ponderada equivalente ó 20% da nosa produción final agraria. Para iso necesitaríamos conseguir unha axuda complementaria cifrada nos 53.000 millóns de pesetas. Calquera cantidade de axudas compensatorias que estea por debaixo deses 53.000 millóns de pesetas significaría unha perda de ingreso para os nosos agricultores e, polo tanto, repercutiría de maneira negativa nas súas rendas agrarias.

Ante todo isto, nós, o noso grupo, unha vez máis, oferta ós outros grupos parlamentarios a posibilidade de chegar a posturas conxuntas sobre...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SINEIRO GARCÍA: ... —remato, señor presidente— a posibilidade de conformar propostas conxuntas que non sexan propostas simplemente do Goberno —o Grupo Popular e o propio Goberno terá as súas propostas concretas—, e nós pensamos que esas propostas podían ser complementadas por parte dos outros grupos.

Nós pensamos que esta é a última oportunidade. De feito, a Comisión Europea enceta un ritmo intenso nos debates que pode levar a que unha parte importante destes regulamentos sexan aprobados incluso antes do mes de marzo, incluso antes de que se disolva a actual lexislatura do Parlamento Europeo. Despois será tarde. É o noso último aviso.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Sineiro.

¿Grupos que queiran intervir? *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor López Pérez.

O señor LÓPEZ PÉREZ: Señor presidente, señorías, señor conselleiro, non sei qué pode dicir o

BNG sobre este tema que xa non teña dito. Cómpre recordar que na pasada primavera foi o propio BNG quen trouxo unha interpelación coa conseguinte moción a esta Cámara sobre este tema, e que foi rexeitada.

Señores da oposición, e estoume referindo neste caso ao Partido Popular, porque son os que se opoñen a que haxa acordos conxuntos desta Cámara para afrontar unha situación tan grave como a que se nos aveciña, coa aplicación da chamada Axenda 2000. Foi precisamente o secretario xeral do Partido Popular quen impediu unha moción conxunta desta Cámara e quen impuxo, cando estaba practicamente logrado o acordo, que esa moción non se puidera levar a cabo no momento en que foi presentada polo BNG.

Señores do PSOE, votaremos favorablemente, como non, a esta proposta, sendo coherentes co que nós presentabamos xa na pasada primavera.

Parece, ás veces, ou quere darse a entender, que o Partido Popular non ten posición sobre este tipo de actuacións da Unión Europea, dos tratados de Maastricht, dos acordos da Axenda 2000 e de toda esa serie de santos e requilitorias que aparecen por aí adiante. Pero si ten posición. Como dicía un humorista galego, esa posición é a de estar de xeonllos, é unha posición perfectamente definida.

Aínda o outro día, nunha comparecencia do propio señor conselleiro en Comisión, era capaz de dicirnos que a situación de crise pola que está atravesando, por exemplo, o sector do porcino, no que se están a perder arredor de 6.000 pesetas en porco cebado, podía ser vantaxosísima, e de aí iamos pasar a ter unha hexemonía nese sector. Iamos rexurdir das crises como a ave Fénix. A historia di que, sempre que houbo esa crise nese sector, non aconteceu iso.

Baixada de prezos, perda de mercados, redución de aranceis, aumento de importacións, etc. Coñecemos —e xa o dixemos naquel momento— cáles eran as consecuencias desta Axenda 2000, e a propia consellería empeñábase en dicir que non pasaba nada, seguía de xeonllos.

Vou ler algúns dos parágrafos do que dicíamos naquel momento, para ver que estabamos perfectamente orientados e que sabíamos o que dicíamos.

Se falamos da PAC, se falamos de Maastricht, se falamos do Tratado de Amsterdam, se falamos da ampliación coa incorporación dos países da Europa central e oriental, os chamados PECO, as receitas ou programas son sempre os mesmos: redución das axudas á agricultura, redución do gasto público, liberalización dos prezos e do mercado de capitais, privatización dos sectores públicos.

Fálase claramente nesta mesma Axenda 2000 de limitacións presupostarias. A transferencia dos fondos estruturais e do fondo de cohesión non poderán superar o 0,4% do produto interior bruto, e incluso se lles poñen límites aos propios estados para subvencionar ou para apoiar os seus sectores productivos. E isto xa está acontecendo.

A porcentaxe de poboación das rexións dos quince subvencionables nos obxectivos número 1 e 2 deberá reducirse do 51% ata o 35%. Nas rexións incluídas no obxectivo número 1 que non superen o 75% do PIB da Unión Europea prevese unha redución progresiva das intervencións. As zonas número 2 e 5 B que desexen selo terán unha axuda limitada durante un período transitorio, pero despois desaparecerá. Apartaranse xa, de modo inmediato, 45.000 millóns de ecus para os PECO.

Máis tarde, hai moi poucos días, o propio BNG e o seu portavoz parlamentario dicían algunhas cousas que dan a clave política da situación na que nos atopamos e a posición do propio Goberno do señor Fraga.

O proxecto político da mesma Unión, o proxecto de construción política democrática da Unión Europea leva anos hibernando, metido no conxelador, sen que ninguén o poña dunha vez sobre a mesa. E a nós, galegos, vainos a vida en que o proceso de debate, elaboración e posta en marcha se aborde dunha vez, e se aborde, ademais, a xeito dun auténtico proceso constituínte a escala da Unión Europea, no que todos os pobos coma nós teñamos libremente voz, a palabra, e, chegado o caso, o voto. O BNG sempre apostou por unha estratexia política que actúe primeiro e primordialmente sobre os factores endóxenos ou

internos da patoloxía socioeconómica cultural e política do país.

E poderíamos seguir dando máis datos, pero esta vez non do BNG, para que non se nos acuse de ser os únicos que defendemos determinadas posicións. A todos vostedes lles soa e coñecen perfectamente de quen falo cando me refiro ao señor Juan Colino, que non pensaba así, curiosamente, hai uns anos.

“Preocupación polo abandono das negociacións europeas da carne e do leite. O presidente da Comisión de Agricultura da Unión Europea recoñece que as reformas da Axenda 2000 non nos son favorables.”

“O presidente da Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo, Juan Colino, manifestou onte a súa preocupación por que España comprometese a súa capacidade negociadora coa defensa da oliveira e abandonase negociacións como a da carne e a do leite, que afectan ao futuro agrario de comunidades como Galicia.”

“Colino di que en marzo ou abril de 1999 quedará fixada a proposta de reforma da política agraria común que agora está en estudo.”

“O presidente da Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo sinalou que as propostas de reforma da Axenda 2000 non son moi favorables para España” —e refírese a asuntos como a carne, o leite, os cereais, os herbáceos ou o viño— “polo que é fundamental que España poida participar nas mellores condicións nunha negociación que vai fixar as futuras condicións das actividades agropecuarias do Estado español.” E así sucesivamente.

E hai poucos días xa o tiñamos máis claro. Os únicos que insistiron na conveniencia de que o 25% do gasto da PAC sexa custeado polos estados membros foron Alemaña e Holanda. Suecia apoiou ese recorte, pero con matices. Austria, que ostenta a Presidencia semestral da Unión, preferiu calar, aínda que é sabido tamén que é partidaria de restricións. E Francia, por exemplo, tamén cala, porque se aproveita —e xa o explicamos aquí outra vez— dabondo.

Total, que están todos alí menos nós. Non hai voz. O Goberno segue de xeonllos e, ademais, segue mudo.

Hai cousas tan claras que xa as expoñemos, como que a Comisión de Agricultura europea reconece que o 20% das explotacións comunitarias absorbía o 80% dos fondos de garantía do Feoga. No caso da OCM do leite, entre Alemaña, Francia, Inglaterra e Holanda concentran o 65% dos fondos previstos para as subvencións. A orientación dos regulamentos que se están a elaborar parte doutros lugares, doutros grupos de interese e doutros países.

Hai un exemplo que vou repetir unha vez máis, pero que é patente. Calquera tipo de carnes de vacún para sacrificio que se produza en Europa, carnes de xatos, ¿ten algún tipo de subvención? Empezando polos xatos que son subvencionados en ganderías de leite ao nacer, por sacrificalos ao nacer, a chamada prima de Herodes; seguindo polas carnes brancas dos holandeses; dáse un salto entre os xatos de sete ou de oito a dez meses, e curiosamente, xusto cando tropezan co modelo galego, saltan e aí non hai subvención. E a partir de aí xa volve haber subvención, incluso para os bois cebóns de Irlanda ou doutros países. Mostra ben clara de que non só non somos ninguén en Europa, ¡é que non queremos ser ninguén!

Ao señor Fraga chégalle simplemente con pasear, chégalle cos asuntos protocolarios, chégalle co divertimento. E non cabe dúbida, e iso está recoñecido por moitos agora mesmo, de que vai haber moitas decisións que tomen os ministros, e sería importantísimo, imprescindible, necesario, xusto, que os conselleiros tivesen analizada esa situación. E xa é moi tarde e xa estamos co paso cambiado, pero de todos os xeitos debería aprobarse esta iniciativa e deberían as partes interesadas, os representantes das empresas, dos labregos, etc., tomar medidas.

Señor conselleiro, hai dous escarmentos ben frescos e ben recentes para que os fagan reflexionar a vostedes: o intento de embargo a unha cooperativa da Pastoriza e a propia crise que nos medios de comunicación se di que vive hoxe o sector máis importante —no que se levan investido moitos cartos neste momento neste país— do leite en Galicia. Un grupo clave, estratéxico e imprescindible.

¡E volvemos falar sempre das axudas! Pero é que xa o dixo aquí o outro día o portavoz do BNG: non queremos ser un país subvencionado. A ver cando fan vostedes unha valoración do que perdemos polo non emprego do noso aforro; do que perdemos por non levar unha política fiscal que necesitamos no noso país; do que perdemos polo freazo e a destrución dos nosos sectores productivos. Déixennos vostedes producir e, ademais de produción, teremos mercado; ademais de mercado, pagaremos impostos; e eses impostos reverterán en beneficio público.

Non sigan vostedes como ordes mendicantes. ¡Chéganos co Xacobeo! Non sigan vostedes de pelegríns, que xa hai pelegríns dabondo. Que non faga o Goberno de pelegrín permanente polas capelas da Unión Europea. Que comecemos a ter un Goberno que só faga de pelegrín cando teña que facer de pelegrín; pero que non faga de pelegrín a diario.

E xa, para remate, ...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LÓPEZ PÉREZ: ...—remato xa, señor presidente— nós pensamos que esta agricultura galega, neste momento, precisa tirar para adiante, precisa dun tractor, e ese tractor tiña que ser o Goberno. E posiblemente outras forzas poderían funcionar de apeiros, poderían funcionar de fresadora, de arado, de motocultor, de grade, de moitas cousas. Pero hai algo máis perigoso aínda, e é que o Goberno non só sobe no tractor, non só lle patina, é que nin sequera se lle ocorre poñerlle o bloqueo para evitar que lle patine e facer traballar as dúas traccións ao mesmo tempo, senón que ademais, e polo camiño que imos, vai marcha atrás, na larga e sen freos; e isto, señor conselleiro, pódenos levar ao precipicio. Cando menos, collan vostedes, suban ao tractor e anden.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LÓPEZ PÉREZ: Remato xa.

E por falarlle, señor conselleiro, nalgún idioma que vostedes poidan entender e quen veña contestar aquí seguramente tamén, e por chamar dalgún xeito á reconversión, diríalle aquilo de: “Lázaro, érguete e anda. Deixa as redes do PP, colle o tractor e séguelos”.

Máis nada, moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor López.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Señor presidente, señoras e señores deputados, do documento que coñecemos como Axenda 2000 xa se ten falado nesta Cámara non hai moito tempo. Concretamente no Pleno do 29 de setembro deste ano o señor conselleiro de Economía e Facenda compareceu perante esta Cámara para falar deste asunto. E tamén no Pleno do día 2 de abril, efectivamente, se debateu unha moción referida á aplicación da Axenda 2000.

Como saben as súas señorías, a Axenda 2000 ten a súa orixe no Consejo Europeo de Madrid de decembro de 1995. Naquela xuntanza plantexouse a necesidade dun documento que analizara as solicitudes de adhesión dos países candidatos a incorporarse á Unión Europea, tendo en conta un novo marco financeiro e político a partir do 31 de decembro de 1999.

O dito documento, chamado Axenda 2000, que ve a luz en xullo de 1997, consta de tres partes, que vos tedes, señorías, coñecen perfectamente. A primeira delas, adicada ás políticas da Unión. Políticas internas dos propios estados membros, de cohesión económica e social entre estes membros, das relacións da Unión con terceiros países e, sobre todo, da política agrícola común, asunto este que moito nos interesa ós galegos e ás galegas.

A segunda parte da Axenda plantexa o reto da ampliación, avaliando criterios políticos e económicos, analizando os problemas da ampliación e as estratexias para acadala con garantías para tódolos seus integrantes.

E a terceira parte da Axenda analiza o novo marco financeiro do período 2000 ó 2006, valorando as necesidades de financiamento, analizando os custos estruturais e os custos agrícolas, estudando o sistema futuro de financiamento no horizonte do 2006.

A Axenda 2000, señorías, é un documento importante, porque recolle o que vai se-la Unión no futuro,

unha Unión ampliada ós países PECO, chamados así polas iniciais de Países de Europa Central e Oriental.

Polo tanto, os que nos sentimos profundamente galegos, de nacemento e de sentimento; os que coidamos que o noso sentimento galeguista non é incompatible coa nosa pertenza a unha España variada de matices culturais, lingüísticos e tradicionais; os que pensamos convencidos de que estamos en Europa e de que isto é positivo nun balance global e xeral, temos que darlle, e dámoslle, moita importancia á Axenda 2000, porque nela aparecen asuntos que nos afectan, que nos interesan. Entre outros, a política de mercados agrarios, a política de desenvolvemento rural, a reforma do sector do vacún, dos produtos lácteos, do viño ou da pesca, as políticas medioambientais ou, como non, as políticas de calidade e seguridade dos alimentos.

A posibilidade de que nun horizonte próximo países como Hungría, Polonia, Estonia, República Checa ou Eslovenia, mesmo Chipre, poidan formar parte da Unión, plantexará indubidablemente un *volcado* de fondos e axudas cara a estes países. Así será, ineludiblemente, como noutro momento o foi o plantexamento no que saían beneficiados España, Grecia e Portugal. Por iso é tan importante que Galicia estea na chamada “zona obxectivo un”, que o presidente Fraga, dentro e fóra de Galicia, en España e mesmo en Europa, ten subliñado como fundamental.

A respecto da intervención do señor López, se se me permite a metáfora, a súa intervención, pola súa vivacidade e ímpeto ós que nos ten, obviamente, acostumados nesta Cámara, semella a dun canario fruta, coa diferenza de que as súas notas, os seus trinos, señor López, amosan falta de harmonía e falta de conexión coa realidade. Priman as estridencias sobre o preciso sosego para facer unha análise seria dos temas. (*Interrupcións.*)

Ou estamos, señor López, con tódalas consecuencias, construíndo a Unión e beneficiándonos dela, ou estamos en contra. Pero, neste caso, non podemos reclamar axudas nin apoios nin moratorias nin rexións obxectivo 1 nin farrapos de gaita. ¿Está claro? E a ver se aclaran vostedes dunha vez qué é o que plantexan realmente respecto desta cuestión.

Señor Sineiro, nin olímpico nin silencio nin pasividade, e menos desprezo, dende logo. Eu sei que vostede sabe que a Xunta está atenta a estes temas dos que estamos a falar. Eu sei que vostede sabe que o Goberno de Galicia non é alleo a todas estas cuestións. Falouse xa aquí da OCM do leite, da carne e do viño nalgún determinado momento. Eu sei que vostede sabe, porque tivemos ocasión de falalo, que o conselleiro de Agricultura está atento a esta problemática. Pero vostede sabe perfectamente, coma min, que a Axenda 2000 sae á luz en xullo de 1997, coa cuarta lexislatura deste Parlamento rematada en Galicia.

Ten que facer memoria e lembrar que o 26 de agosto do 1997 o presidente da Xunta dissolveu esta Cámara mediante o oportuno decreto. E sabe vostede que as eleccións se celebraron o 19 de outubro de 1997, co resultado que perfectamente coñecen as súas señorías. Sabe vostede que o Goberno saído das urnas tomou posesión en decembro daquel ano. Logo viñeron os presupostos de 1998 a esta Cámara e non foi posible tratar coa profundidade que se require os temas da Axenda neste foro. Aínda que practicamente tódolos temas importantes pasaron por esta Cámara —importantes para Galicia, dende logo—, todos foron debatidos aquí, iso non quere dicir que o Goberno non estivera preocupado e traballando en aspectos que afectan a Galicia, como a carne, o leite, as axudas estruturais, o viño ou a pesca. E naquelas outras políticas que, pola nosa pertenza á Unión, nos afectan.

Por iso, señor Sineiro, non lle podo admitir, se vostede mo permite, que na súa exposición de motivos diga que a Xunta minimiza nada que teña que ver coa política agraria común. Sabe vostede que non é así. O que vostede escribe na exposición de motivos non é, posiblemente, o que vostede pensa. Estou absolutamente seguro diso.

Eu considéroo a vostede, señor Sineiro, un político responsable. Vostede foi gobernante deste país tamén, e sei que sabe que o Goberno está a traballar arreo para remitir a esta Cámara un documento no que se conteñan os temas máis importantes que, dende a Axenda 2000, afectan a Galicia. Un documento que posiblemente chegará moi pronto a esta Cámara a petición do Goberno, porque esa é a súa responsabilidade diante desta Cámara. Agradecemos no que vale o seu ofrecemento e falaremos no seu momento desas

propostas, que agardamos que sexan o máis consensuadas posible de cara a ofrecer un consenso razoable sobre estas cuestións.

Nun proceso tan dinámico como o da Unión Europea e as súas políticas, aínda nestes mesmos días no cumio de Austria fíxose fincapé na necesidade de seguir na redución do déficit con máis rigor presupostario, e xa se viña falando nestes últimos anos de profundar na política económica común, do estímulo á demanda interna, do control das paridades euro-dólar. Polo tanto, Europa é un proxecto permanente e en construción. Un proxecto que nos afecta, que nos interesa, do que temos que falar, do que seguiremos a falar seguramente, e teñan por seguro de que falaremos en próximas épocas, preto desta data na que estamos debatendo esta cuestión.

Máis nada, señor presidente.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Castro.

Réplica do señor Sineiro García.

O señor SINEIRO GARCÍA: Si, señor presidente.

Señorías, a proposición non de lei que defendín ante o Pleno non facía referencia xa ós temas da Axenda 2000, senón que trataba fundamentalmente de dar unha posición do porqué ou da necesidade dun debate. E quixera, señor Castro, que cando se citan palabras ou liñas se leran no seu contexto.

Di textualmente a proposición non de lei que as medidas propostas de reforma das organizacións de mercado dos principais produtos agrarios e as medidas estruturais e de desenvolvemento rural "corren tamén o risco de ser minimizadas por parte da Xunta", que é moi diferente do que vostede leu —dígo por aclaracións—.

E corren o risco de ser minimizadas se é que, dalgunha maneira, se trata de fuxir dun debate que, eu penso que ten importantes vantaxes. Ten a vantaxe de posiciona-los distintos grupos con relación a un debate que ten moita complexidade, que ten vantaxes e ta-

mén inconvenientes. Dalgunha maneira obríganos a posicionar e a clarifica-la nosa postura diante da opinión pública. Dalgunha maneira tamén serve para informar. Desgraciadamente, nestas propostas da Axenda 2000, que van ser importantes para o futuro, a opinión pública non é informada, non hai iniciativas por parte do Goberno sobre o impacto destas posibles reformas, que se farán xusto dentro duns meses ou dentro duns anos. Precisamente, nós cremos que traer debates importantes, estratéxicos para o conxunto da economía galega, e en particular para a agricultura, é importante. Orientan a opinión pública, permiten un posicionamento dos distintos grupos e, sobre todo, tamén permiten ver se hai vontade de conformar posturas comúns fronte ó exterior.

A nós o seu grupo non nos ten que recordar que estamos en Europa. Nós estamos en Europa de por si e defendemos esa posición. Pero defendemos un debate, defendemos que as propostas que se debatan e se defendan en Europa sexan conformadas antes aquí. No propio debate do estado da Autonomía os distintos grupos, e en particular o noso, pensaba que era importante abrir canles de participación da nosa Comunidade Autónoma á hora de conforma-la postura do conxunto do Estado. E, precisamente, para contribuír a abrir canles de participación da nosa Comunidade Autónoma, é importante tamén abrir esas canles e eses debates no seo do Parlamento.

Nós entendemos que o Grupo Popular non nos pode contestar dunha maneira moi parella a como fixo na comparecencia á que facía referencia, celebrada alá no mes de abril. Diciannos daquela: non se preocupen que o Goberno vai traer un documento de debate e de propostas sobre a Axenda 2000. Iso en abril deste ano. Agora, en outubro deste ano, vólvennos un pouco coa mesma mensaxe. Nós sabemos e sómo-los primeiros en recordar que este Goberno tomou posesión en decembro pasado. Pero hai meses dabondo para que se posicione e se elaboren propostas sobre temas fundamentais. Nós pensámolo e dicímosllo no mellor ton, pero tamén coa maior firmeza: dalgunha maneira, o Goberno trata de furtarlle un debate sobre un tema estratéxico a este Parlamento.

Vostedes van tomar unhas propostas e unhas iniciativas en solitario. Serán responsables para o bo e para o malo, tamén serán responsables de non tratar

de buscar e de conformar acordos co conxunto desta Cámara. Ás veces prométese, por parte do señor presidente da Xunta, a posibilidade de chegar a acordos en temas estratéxicos. ¿É que este non é un tema estratéxico? ¿É que este non é un tema de debate cara ó futuro? ¿É que este non debe ser un deses temas escollidos se de verdade o señor presidente da Xunta estivera a lanzar mensaxes francos e non, dalgunha maneira, a tratar de ensina-la man e de seguida face-lo amago de retirala?

Nós estamos pola vía do debate, do diálogo e de conformar posturas e de aproximalas onde sexa posible, pero para iso hai un requisito fundamental: que o Goberno sexa capaz de presentalas e de debatelas. Se o Goberno nos está facendo promesas e ese documento do Goberno chega despois da aprobación da reforma destes regulamentos, o único que quedará é unha simple promesa.

Nós non vemos que esas promesas e esas actitudes novas que prometía o señor presidente da Xunta neste debate, igual que no do ano pasado, se correspondan despois cos feitos. Se este é un tema estratéxico, débátase; se non, dalgunha maneira, estanse incumprindo as mensaxes que lanza o propio presidente da Xunta en nome do seu Goberno ó conxunto da Cámara nun dos debates máis importantes do ano, como é o debate do estado da Autonomía.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Sineiro.

Imos proceder a votar á man alzada a proposición non de lei. Ocupen os seus escanos, por favor.

Ponse a votación a proposición non de lei.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 34.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición non de lei.

Pasamos ó punto cuarto da orde do día, que é unha interpelación.

INTERPELACIÓN DE D. ANTONIO LOURO GOYANES, DO G.P. DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, SOBRE A VALORACIÓN E OS DATOS DO GOBERNO GALEGO RESPECTO DA EXECUCIÓN DO PLAN GALICIA PARA O MARISQUEO A PÉ.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Louro Goyanes para a defensa da súa interpelación.

O señor LOURO GOYANES: Señor presidente, señorías, hoxe vai bastante de pesca e marisqueo.

Vostede é o responsable do marisqueo, señor conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, e vostede e mais eu podemos compartir que o sector marisqueiro é de grande interese social en Galicia, porque son moitas as localidades costeiras, as localidades ribeiriñas de Galicia, que viven do sector pesqueiro e marisqueiro.

Son milleiros de persoas, son milleiros de familias, que teñen a súa economía con base na actividade pesqueira e marisqueira. É sabido por todos que Galicia ten un importante potencial pesqueiro e marisqueiro, un potencial importante que está sen desenvolver: bancos marisqueiros con baixa produtividade, zonas non explotadas, técnicas de explotación non axeitadas, escaso desenvolvemento tecnolóxico, escasa investigación para desenvolver tecnoloxías aplicadas. Todo isto define, dalgunha maneira, un escenario lamentable para o futuro do sector.

O Grupo Parlamentario Socialista, señor conselleiro de Pesca, considera necesario apostar polas nosas posibilidades productivas, tanto na pesca e no marisqueo como noutras actividades productivas. Ese é o reto: facer do marisqueo un verdadeiro e auténtico sector económico.

A pregunta é se iso é posible. A xuízo do Grupo Parlamentario Socialista, si é posible. ¿Por que? Porque temos recursos, temos un potencial sen desenvolver e porque temos capacidade para poder desenvolverlo, soamente fai falta un goberno que impulse, un goberno que actúe, un goberno que se comprometa seriamente co sector marisqueiro de Galicia.

Ademais temos potencial para desenvolver, pero temos tamén mercados propios. Hai que dicir con ro-

tundidade que o mercado español importa a maior parte do que consome en materia marisqueira.

Polo tanto, a pregunta é qué facer, qué facer desde un goberno, qué facer desde a responsabilidade de quen ten que gobernar un país. E vostede, señor conselleiro de Pesca, señores do Goberno de Galicia, tiñan que telo claro e tiñan que ter un compromiso maior co sector pesqueiro e marisqueiro, desenvolvendo verdadeiros e auténticos programas de desenvolvemento marisqueiro. Só así é posible conquistar e gañar futuro, con base en definir e deseñar actuacións globais sobre o potencial productivo. Pero para iso fan falta dúas cousas: primeiro, saber deseña-los programas; segundo, saber executa-los programas; e terceiro —cuestión engadida— dotar economicamente os programas para poder desenvolvelos; apostar, en definitiva, seriamente, comprometerse seriamente e deixa-la literatura para outros campos.

Hoxe, señorías, interézanos ó Grupo Parlamentario Socialista debater nesta Cámara o marisqueo a pé, o que é a cara máis artesanal do marisqueo, aquilo que consiste na captura de marisco, na extracción de marisco na zona intermareal, actividade a todas luces en Galicia hoxe pouco modernizada, pouco profesionalizada.

O Grupo Parlamentario Socialista considera de interese prioritario, señorías, facer do marisqueo unha actividade productiva, unha actividade profesional, unha actividade económica, un verdadeiro sector económico, profesionalizando o marisqueo. Pero para iso, cómpre tomar medidas, e as medidas ten que tomalas o Goberno de Galicia, que é a institución competente para facelo, e a responsable.

As medidas, señor conselleiro de Pesca, pasan por regulamentar, pasan por introducir sistemas de cultivo, de semicultivo, pasan por introducir tecnoloxía na produción marisqueira, pasan por formar e por especializar, pasan por mellora-la calidade das nosas augas, pasan por controla-las nosas augas e pasan, señorías, por recupera-las zonas improproductivas, os bancos improproductivos. En definitiva, señoras e señores deputados, pasan por poñer sentido común, por poñer coñecemento e investigación ó servizo das explotacións do marisqueo a pé, isto é, por mellorar e optimiza-los sistemas de produción, por impulsa-la transforma-

ción organizativa do sector, con base en criterios empresariais, e pasan por posicionar os nosos produtos no mercado a través de estruturas de comercialización de base empresarial.

Ó noso xuízo, cómpre actuar de acordo con estes tres puntos que acabo de subliñar, xa que o marisqueo a pé esixe hoxe por hoxe actuar máis ca nunca, porque os tempos pasan e as etapas esgótanse. E o marisqueo a pé, señor conselleiro, é de gran importancia social, como dicíamos, no noso litoral, presenta unha baixa rendibilidade; é hoxe unha actividade complementaria desde o punto de vista económico, utiliza técnicas extractivas, estrictamente extractivas. É, en definitiva, un oficio de xentes pouco cualificadas.

Pouco se fixo en Galicia, señorías, para modernizar este sector, e isto é lamentable para un goberno. Para o goberno dun país é lamentable que o balance que hoxe temos enriba da mesa sexa o balance que temos. É unha auténtica barbaridade, señores do Partido Popular, e é unha auténtica deixadez, señores do Goberno do Partido Popular.

Hai que dicir que ata o ano 1995 as actuacións da Xunta de Galicia sobre o marisqueo a pé son actuacións puntuais, son actuacións illadas, carentes de obxectivos, son, en definitiva, accións para saír do paso. Non existía planificación, non existía unha verdadeira acción de goberno.

Hai que dicir que a partir dos anos 1995-1996 a Xunta de Galicia diseña un plan para o marisqueo a pé, o Programa de desenvolvemento da acuicultura de moluscos nas praias de Galicia, o chamado Plan dez, que pasou a se-lo Plan Galicia, como programa de desenvolvemento productivo, económico, profesional e organizativo do marisqueo a pé en Galicia.

Os obxectivos do Plan Galicia que é hoxe o que traemos aquí a debater, son: profesionaliza-lo sector, aumenta-las rendas dos traballadores do sector, mello-ra-la capacidade organizativa do sector, aumenta-la capacidade financeira e a autonomía financeira do sector, introducir melloras tecnolóxicas no proceso productivo, modernizar, en definitiva, as explotacións e xestionar adecuadamente os recursos.

Eses son os obxectivos. A dinámica de cambio en función deses obxectivos e en función das accións in-

troducidas deben conducir a sociedades de explotación colectiva, a semicultivo e á xestión empresarial no sector.

A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura leva xa algún tempo realizando este plan, o Plan dez, o Plan Galicia, nos anos 1996, 1997 e no que vai do 1998. Cómpre, señorías, facer unha primeira avaliación do mesmo e cómpre facelo, ademais, neste Parlamento, observando, dalgún xeito, as fortalezas, as debilidades deste plan, os acertos, os erros, valorando tamén a orientación do plan e observando a rendibilidade económica e social deste plan e os problemas que foron aparecendo; problemas de distinto tipo, tecnolóxicos, organizativos, culturais e de aceptación ou non aceptación do plan.

Iso é o que nós plantexamos, señor conselleiro, plantexamos esa avaliación. A nosa interpelación recolle, en definitiva, unha serie de preguntas concretas para as que quixeramos respostas concretas.

Nós podemos compartí-las obxectivos que se debuxan no Plan Galicia; nós podemos compartir que o sector marisqueiro en Galicia debe camiñar cara a ser un sector profesionalizado, debe camiñar cara a ser un sector económico, auténtico e verdadeiro, pero para iso ten que haber un compromiso do Goberno do que vostede forma parte, señor conselleiro.

É o Goberno quen debe ter máis interese en avali-lo desenvolvemento deste plan; avaliación que nós queremos coñecer, que nós queremos saber, e aí hai preguntas concretas, señor conselleiro. A primeira pregunta refírese á valoración que fai o Goberno da Xunta de Galicia da execución do Plan Galicia para o marisqueo a pé.

A segunda pregunta é referente ó grao de aceptación que esperta no sector marisqueiro e nos distintos lugares onde se vén realizando.

A terceira pregunta fai referencia ós problemas de carácter tecnolóxico que impiden ou dificultan avanzar no proceso de produción en réxime de cultivo.

A cuarta pregunta refírese ós lugares onde se desenvolve este plan.

A quinta pregunta refírese ó investimento global realizado e o investimento parcial en cada caso.

A seguinte pregunta fai referencia ós aumentos de rendibilidade que se observan na produción.

A penúltima pregunta fai referencia ás alternativas organizativas que se están promovendo.

E a última pregunta fai referencia ás fórmulas de comercialización que se están impulsando.

En definitiva, señor conselleiro, tócalle a vostede facer unha avaliación e unha resposta ás preguntas concretas que nós, o Grupo Parlamentario Socialista, lle formulamos.

Máis nada e moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Moitas gracias, señor Louro.

Ten a palabra o señor conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura para dar resposta por parte da Xunta de Galicia.

O señor CONSELLEIRO DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA (Landín Jaráiz): Si, señor presidente, señorías.

Señor Louro, realmente desmarcoume vostede un pouco na súa intervención, porque eu lle ía dicir que, evidentemente, estou aquí, que comparezo aquí, para contestarlle a esta interpelación, pero íalle dicir que realmente está feita esta avaliación do Plan Galicia, e está feita publicamente por este conselleiro, diante dos medios de comunicación, o día... (*Murmurios.*) Si, si, isto eu coñecía e era público. O día 1 de xuño estaba feito como consecuencia dun compromiso público deste conselleiro nada máis tomar posesión do seu cargo, e, efectivamente, en canto a tiver feita, fíxen esa comparecencia pública, pero evidentemente estaba aquí. Desde logo, escoitándoo a vostede, tiver que facer un esforzo para situarme no día de hoxe, porque realmente a súa intervención me parecía máis propia de hai cinco ou seis anos. Se plantexase as cousas nese tempo eu entendería pero...

Despois, dicir que ata o ano 1995 as actuacións que tivo a Consellería de Pesca, ou a Xunta de Galicia, carecían de obxectivos concretos, desde logo

é recoñecer que pouco coñece vostede a evolución que tivo o marisqueo a pé en Galicia. Pero ben, evidentemente está no certo en que no ano 1995-1996 se botou a andar aquilo que era coñecido como Plan dez, e despois, a comezos do ano 1997, botouse a anda-lo Plan Galicia, que era o mesmo Plan dez estendido a unha trintena de zonas, e que agora llas indicarei por menorizadamente.

O programa tiña como obxectivos dúas cuestións fundamentais; por un lado, a paulatina conversión do marisqueo a pé nunha actividade profesional, capaz de incrementa-las rendas percibidas polas persoas adicadas basicamente a esta actividade e o reforzamento da capacidade de organización dos mariscadores, a fin de que acadasen autonomía financeira, técnica e de xestión de recursos.

A consecución destes obxectivos debía e debe aínda conquerirse a través das seguintes accións:

Por un lado, a consellería ten que prestar apoio técnico e material ás organizacións asociativas, para a introducción de técnicas de semicultivo sobreelevado, co obxecto de mellora-la produción de moluscos bivalvos e a realización de programas de formación necesarios para a adaptación dos mariscadores e das súas organizacións ós obxectivos deste plan.

Por parte das organizacións asociativas do sector, deben adicar e debían adicar parte do incremento das súas rendas individuais á creación de fondos propios das organizacións, para dotarse de autonomía financeira e facer fronte ó futuro de xeito adecuado. Por outra banda, debe haber unha adicación dos mariscadores en xornadas de traballo completo ás actividades propias do marisqueo e non de forma parcial e como actividade complementaria. A realización destas accións en procura dos obxectivos sinalados debe conducir a unha dinámica de cambio que teña como resultado tres cousas fundamentalmente: o traballo asociado, a xestión empresarial dos recursos e a aplicación de técnicas de semicultivo nos bancos naturais.

Para te-las maiores garantías de éxito posible nesta ambiciosa actuación, entendeuse como conveniente a celebración dun encontro no que participasen, xunto con representantes sectoriais, todos aqueles técnicos e profesionais que tivesen algo que aportar á evolución e ó desenvolvemento productivo do marisqueo a pé, e

fundamentalmente aqueles que, polo seu traballo, ben directa ou indirectamente, ían te-la súa parte de responsabilidade no desenvolvemento do plan.

Con esa vocación convocáronse as xornadas técnicas sobre o desenvolvemento productivo do marisqueo a pé, que se celebraron aquí, en Santiago, no mes de marzo do ano pasado.

Por outra parte, pero por idéntico motivo, os equipos técnicos da consellería, fixeron un seguimento detallado das distintas agrupacións de mariscadores, coa amplitude suficiente como para comproba-lo estado organizativo de cada unha delas.

Despois de analizar polo miúdo tódolos datos que se foron recompilando, decidiuse que o Plan Galicia podería ser desenvolvido inicialmente coas agrupacións de Ribadeo, Foz, Celeiro, O Vicedo, O Barqueiro, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Mugarbos, Barallobre, Miño, A Coruña, Camariñas, Anllóns, Baldaio, Corcubión, Muros, Palmeira, Cabo de Cruz, Rianxo, Vilaxoán, Vilanova, O Grove, Raxó, Pontevedra, Lourizán, Aldán, Vilaboa, Arcade, Redondela, Moaña e Baiona.

As actuacións en Cedeira e Valdoviño xuntáronse nunha soa, e despois do abandono de Pontevedra e de Lourizán, incorporouse Espasante.

As expectativas xeradas polo proxecto provocaron un masivo desexo das organizacións asociativas do sector por incorporarse ó mesmo, e a consellería, ante unha resposta tan positiva, estendeu o plan a demasiadas confrarías, o que implicou un enorme esforzo de dedicación.

Evidentemente, a primeira conclusión de análise feita foi que hai que ser máis selectivo á hora de decidir a incorporación ó plan de novas confrarías. Por outra parte —aínda que tamén derivado da cuestión anterior—, advertíronse dificultades para o fornecemento de semente, xa que as empresas nacionais non poden garantir sempre a produción necesaria para atende-lo elevado número de confrarías incorporadas ó plan.

Outro dos problemas que se derivan do plan ten a súa orixe nunha errónea interpretación do concepto profesionalización. Detectouse unha concepción do

plan como instrumento dirixido a conseguilo incremento da produción nas zonas nel incluídas, como paso previo para lograr un aumento do número de mariscadoras, ademais de para acadar un nivel mínimo da renda equivalente ó salario mínimo interprofesional.

Obviamente, este enfoque non contempla en profundidade os obxectivos últimos do plan e resulta contradictorio cos criterios que vén mantendo desde o ano 1990 a consellería.

Non se pode situa-lo teito das remuneracións que pola actividade marisqueira se teñan no salario mínimo interprofesional, xa que estaríamos rematando de partida coa ilusión e a expectativa de poder involucrase nunha profesión de futuro, susceptible de xerar e mellora-los beneficios e as rendas que da mesma se derivasen.

É dicir, ten que existi-la posibilidade de obter ingresos susceptibles de incremento e beneficio empresarial, para poder esperar que os mariscadores adopten formas de explotación e comportamentos equiparables a outras actividades profesionais, asumindo os custos de explotación e modernización do seu aparato productivo.

Entre as múltiples vantaxes do Plan Galicia, hai que indicar, en primeiro lugar, que a súa implantación está xerando un cambio de mentalidade no sector que conducirá a reformas importantes na organización dos mariscadores na forma de producir e, a medio prazo, nas rendas percibidas polo sector. Pero ademais implica un espertar á responsabilidade individual e colectiva, xa que o plan pon nas mans dos mariscadores os elementos materiais necesarios para garanti-lo seu futuro e para dotalos de formación axeitada para manejar adecuadamente eses materiais de cultivos.

Polo tanto, débense destacar especialmente os seguintes logros: a creación de infraestruturas para o futuro e a dotación dunha cantidade de material importante con aínda anos por diante de vida e a responsabilidade sobre o proceso productivo. Os colectivos participantes van aumentando o seu sentido da responsabilidade ó asumi-las obrigas inherentes ó desenvolvemento do plan. Deste xeito, reforzouse a opinión de que a responsabilidade directa dos colectivos, a explotación controlada dos bancos naturais mediante

técnicas de semicultivo, a xestión dos recursos e a regulación do acceso á súa explotación mediante os PERMEX e os plans de explotación, a vixilancia, o control, a limpeza e en xeral o mantemento do conxunto da explotación marisqueira, son investimentos e gastos necesarios para a obtención dun beneficio directo individual que necesariamente han de soportalas persoas e as organizacións receptoras das rendas xeradas.

Por último, o reforzamento da organización das entidades asociativas do sector eu entendo que, xunto co esforzo realizado en materia de formación, quere dicir que estamos diante do elemento máis relevante do Plan Galicia. A mellora na organización dos mariscadores ponse de manifesto por algúns feitos, por exemplo, pola a constitución de fondos propios para facer fronte ós gastos de explotación, que hoxe son unha realidade; pola implantación de quendas de vixilancia; pola organización de quendas de traballo e pola organización do control dos cultivos que están a facer estas mulleres.

Esta mellora organizativa poderá canalizarse formalmente no marco previsto no artigo 7.2 do Decreto 79 deste ano, polo que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento das confrarías de pescadores. Así, estase a traballar no desenvolvemento normativo deste artigo, co fin de que no seo da sección de organización da produción, as agrupacións de mariscadores poidan dispoñer dunha axeitada autonomía respecto dos outros sectores productivos integrantes destas corporacións.

Como consecuencia de todo o anterior e dos bos resultados que o Plan Galicia está a dar no sector marisqueiro, chegouse á conclusión da necesidade de manter e de dar continuidade ó esforzo realizado, corrixindo os defectos apuntados e desenvolvendo ó máximo as fortalezas descritas.

Deste xeito, o plan encamiñouse, en primeiro lugar, a constituírse nun proceso aberto que permita a extensión dos seus obxectivos de forma coordinada, co fin de atende-las previsións da Lei de pesca.

En segundo lugar, estanse a establecer liñas de actuación polas que se pretende asegura-lo resultado das actuacións emprendidas a través da incorporación de maquinaria complementaria para o cultivo, a am-

pliación da formación dos mariscadores ou a asignación de persoal técnico.

En terceiro e último lugar, o plan vai dirixido a conseguila asunción do risco empresarial polas propias organizacións acollidas a el. Para iso, o pulo financeiro da Administración debe limitarse á implantación e consolidación dos novos esquemas productivos, xa que o financiamento permanente podería ser interpretado como unha inxerencia inxustificable nos principios comunitarios do libre mercado e da libre competencia.

Polo tanto, o incremento da produción que se deriva do Plan Galicia debe desembocar na autosuficiencia das organizacións como culminación do proceso de profesionalización do marisqueo a pé.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Moitas grazas, señor Landín.

Rolda de grupos parlamentarios para fixar posicións.

¿O Grupo Mixto non desexa intervir? (*Pausa.*)

¿O Bloque Nacionalista Galego? (*Pausa.*)

Ten a palabra o señor Trigo Durán polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente, señorías, en primeiro lugar, vou falar do escenario no que nos atopamos nesta cuestión.

O escenario é que, como moi ben relataba o conselleiro nos proxectos do Plan dez, transformado despois en Plan Galicia nos anos pasados, etc., había un programa que ía custar 1.815 millóns de pesetas, e así estaba plantexado por parte da comunidade.

Ó mesmo tempo, posteriormente, coa creación do Plan Galicia, diversas noticias de prensa, entrando dentro do que o conselleiro dicía hai pouco, dicían que “O Plan Galicia pretende triplicar os ingresos de 12.000 mariscadoras galegas”. Falaba de 12.000, non plantexaba os aumentos que el moi ben criticaba, no sentido de que había unha disfunción —recoñécese por primeira vez aquí nesta Cámara— das previsións

do plan. O plan prevía de máis, vendérase algo que non era posible realizalo. E no equipo da consellería había membros da mesma que están hoxe aquí, na súa responsabilidade, entre eles o señor conselleiro.

Ó mesmo tempo poderíamos falar dos múltiples anuncios: polo 1997, “as mariscadoras do Grove gañaron o ano pasado 233.000 pesetas”. Pareceralles pouco pero isto era un gran logro no seu momento. Ó mesmo tempo aparecían outras noticias doutras agrupacións de mariscadores nas que superaban incluso o salario mínimo interprofesional; anuncios que eu incluso, ás veces, cualifico de perigosos. E incluso penso que o conselleiro concordará comigo cando eu falo de determinadas cuestións sobre por qué cualifico de perigosos determinados anuncios do moito que se gaña en determinada actividade.

Ó mesmo tempo, posteriormente, aparece a creación —no ano pasado— dunha asociación galega de mariscadoras, AGAMAR, que é tamén un escenario onde hai que situarse para falar desta cuestión.

Acusábaseme nunha anterior intervención dunha cuestión, de que eu tiña algo contra a conserva. Eu non teño absolutamente nada contra a conserva. O que pasa é que hai unha cuestión, que é a evolución das cousas para que todos se beneficien.

Unha das boas cousas que houbo no marisqueo nos últimos sete ou oito anos foi que as vedas non se abriron única e exclusivamente o primeiro de outubro. ¿Saben por qué foi bo iso? Porque realmente os mariscadores non pasaron a depender das campañas das fábricas de conservas. Antes só se ía a mariscar cando as fábricas de conservas terminaban coa costeira do peixe e pasaban á costeira doutro tipo de actividades. Ese era un dos problemas graves que tiña o marisqueo. Eliminouse no sentido de que se podía actuar durante todo o ano, ese foi un avance bo. Prexudicou, seguramente, as conserveiras, mais beneficiou por outra parte os prezos e beneficiou a comercialización a outros. A min o que máis me chama a atención é que algúns digan que non beneficiou nada, porque entón o mellor que poden facer é dimitir todos pola equivocación que cometeron; 1.810 millóns de pesetas.

¿Cal é problema principal, señor conselleiro? Vostede sabe que nós temos unha teima especial nesta cuestión. Nós non imos estar en contra nin do Plan

Galiza —nin do Plan dez, anteriormente—, digamos, como plan de culturización no sentido de actividade marisqueira, non imos estar en contra diso. Pero si imos estar en contra de que a iso se lle chame “profesionalización do marisqueo”, claro. En contra de que se chame profesionalización do marisqueo si, porque non é certo, e aos datos me vou remitir.

Si miramos a cuestión da ostra, que foi unha das cousas queridas no Plan dez e no Plan Galiza, calquera de nós que dese unha volta polo *muelle* de Arcade, polo IGafa na Illa de Arousa e polo *muelle* de Ribadeo, diría: “E isto que hai aquí ¿que é? Todo este ferro que hai aquí, ¿que é?” Pois son miles de quilos de ferro que eran para pochóns de cultivo de ostra que valeron millóns de pesetas. En total gastáronse segundo as miñas informacións —ao mellor estou equivocado, o quilo de ferro é caro e ademais Ferros Santa Cruz non é dos que fía— case 200 millóns de pesetas en ferro. Esas son as miñas informacións, ao mellor estou equivocado. Pero desde logo é tristísimo ver que ese plan de ostra de pochóns de cultivo estea alí almacenado. Non lles ensino as fotografías, porque o señor conselleiro coñéceas, non é necesario que llo diga, porque sabe onde está.

Eu estou seguro de que o señor conselleiro considera o tema un fracaso, o que pasa é que non o di. Dalgunha maneira, o señor conselleiro concorda en que é necesario unha revisión do Plan Galiza, creo que niso é no que temos que centrar a cuestión.

É necesario unha revisión do Plan Galiza porque, a pesar do decreto regulador das confrarías, hai un problema principal, non me canso de dicilo. Decía o señor Louro que era unha cuestión intermareal onde se producía a colleita. Pero sobe o mar tamén, señor Louro; nes lugares sobe o mar. E ao subir o mar, se se di que se ganan 900.000 pesetas ou 1.000.000 de pesetas, e que hai cantidade de ameixas, prodúcese un fenómeno que aínda non foi atallado pola Xunta de Galiza, que é o fenómeno do furtivismo, a pesar de que existe un dictame realizado neste Parlamento contra o furtivismo e aprobado o 16 de outubro de 1987 neste Parlamento. E dormen o sono dos xustos as medidas que habería que tomar.

Pero o problema principal é que, aínda sendo intermareal, ¿de quen son as concesións? As conce-

sións, os titulares das mesmas, son as confrarías de pescadores, non ningunha agrupación de mariscadoras. Polo tanto, existe un problema grave, que no me canso de repetilo e non me cansarei de repetilo: se as confrarías de pescadores —calquera confraría de pescadores— deciden que outra agrupación que se constituía —ou a propia confraría— non faene na súa concesión, a titular da concesión é quen permite ou non permite a cuestión.

Por outra parte, existe un problema, señor conselleiro —e vostede sábeo—, ten vostede un problema importante, que llo vou recordar hoxe aquí: que as mariscadoras e os mariscadores, nas confrarías, están actuando mediante un subterfuxio legal para ter personalidade xurídica. Ese subterfuxio legal é a creación de asociacións de mariscadoras ao amparo da Lei de asociacións que se rexistran na Consellería de Xustiza e Interior; o cal, evidentemente, orixina unha serie de problemas.

Por outra parte, hai moitos rendementos, haberá moitos rendementos. Pero ¿como se conseguen os rendementos? Coa implementación, por parte da Consellería de Pesca, de biólogos, material, etc. Pero non só da Consellería de Pesca, senón de deputacións que pagan, digamos, o que sería todo o soporte técnico do funcionamento.

É todo moi bonito o que dixo o conselleiro, e eu estaría de acordo en que se realizara: as quendas de actuación, vixilancia, poñer un fondo, etc. Pero, señor conselleiro, sabe vostede cal é neste momento o grave problema —e díxenllo aquí ao seu antecesor e creo que llo dixen a vostede—. No aumento de mariscadores, ¿cal era o grave problema? ¿Quen ía dicidir que aumentaba o número de mariscadores? ¿Quen ía dicidir en cada confraría quen podía ser mariscador ou non podía ser mariscador? ¿Podía ser mariscador o titular dun PERMEX ou non podía ser?

O problema, señor conselleiro, estoupa. E ¿onde estoupa? Nunha das nenas bonitas do Plan Galicia, do Plan dez: en Vilaxoán. Fíxense vostedes na situación na que se atopa neste intre a consellería —este deputado advertiu que ía producirse iso—, que vai ter que levar a Confraría de Pescadores de Vilaxoán a un contencioso para que seis mariscadores que son titu-

lares de PERMEX se poidan integrar na confraría e poidan actuar.

¿Cal é o problema que se pon aí? Un problema que eu comprendo que é difícil, independentemente doutras cuestións colaterais que poida haber, pero que ao mellor ten que obrigar a reflexionar no sentido de que a fórmula non é a mellor e que a fórmula ten que pasar por que os titulares, as propias confrarías, pasen —se é que se lles quere dar, se a sección económica funciona— a ser realmente explotadoras e que os titulares de PERMEX pertencentes á confraría poidan actuar alí e que se lles saque ou detraia o suficiente para manter despois os gastos de funcionamento. Porque, se non, señor conselleiro, ¿como vai resolver o problema que lle está dicindo a vostede AGAMAR neste intre, que lle está esixindo que esas mariscadoras se incorporen ao grupo de mariscadoras de Vilaxoán? Eu non estou a favor nin dunhas nin doutras, estou vendo un espectáculo increíble. A Consellería de Pesca di que vai levar a confraría aos tribunais por desobedecerlle, porque por un PERMEX dado non se quere integrar nas confrarías unhas persoas.

Pero o difícil é quen vai dicidir quen é mariscador ou non. Nun movemento asembleario decidírase que, por moito PERMEX que teñas, entrarás ou non entrarás na confraría. E ¿quen creou iso? ¿Quen o creou? Vostedes, que non quixeron facer caso do que se lles dicía: que o principal problema non era cultivar, que o principal problema era cómo se aumentaba o número de mariscadores. Porque foron vostedes os que dixeron que se duplicaría o número de mariscadores en Galiza. Eu alégrome de que vostede hoxe aquí diga que iso ao mellor era unha cuestión que non estaba ben pensada e ben meditada.

Acúsano a vostede de que non lle gusta o Plan dez e de que é vostede moi celoso, que lle gustaría ser o home importante da cuestión e non quere que outros fagan o seu labor. Ese é un problema colateral, volvo repetir. Pero os problemas están nas confrarías, señor conselleiro. ¿Cre vostede que deben pasar a explotar? ¿Cre vostede que un PERMEX dá dereito xa a entrar directamente, ou non dá dereito? Porque, se non, teremos que sacar a titulación do PERMEX, a autorización do PERMEX para mariscadoras. Decidirao o movemento asembleario.

Señor conselleiro, sabe vostede que neste tema me gustaría que houbese unha solución para a profesionalización, pero se as solucións para a profesionalización van seguir pasando polas teorías de dona Ana Gallego —que agora está, creo, de directora xeral do SEGAPIHOM—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRIGO DURÁN: ... —remato xa, señor presidente—, se antes había a Asociación de Mulleres Rurais, ou creouse a Asociación de Mulleres Rurais, e agora estamos creando as asociacións de mulleres mariscadoras con dona Ana Gallego á fronte, seguímolas na mesma: baile, aprender a cultivar, pero a profesionalización non existe.

A min, señor conselleiro, gustárame que se definise dunha vez a necesidade de revisión e que se deran aquí as pautas da revisión. Sei que non me ten por que contestar neste intre. Pero xa que vai comparecer vostede a petición propia o día 3 de novembro, poderíanos dar a explicación de cómo se vai revisar o Plan Galiza.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Trigo.

Ten a palabra o señor Louro Goyanes, autor da interpelación, na rolda de réplica.

O señor LOURO GOYANES: Señor presidente, señorías, dicía o señor conselleiro de pesca que esta interpleación carecía de sentido porque o que viñamos facer aquí xa o fixo el no mes de xuño diante dos medios de comunicación. Pois non deixa de ter gracia, señor conselleiro, que vostede afirme iso. ¿Para que este Parlamento? Vostede e os medios de comunicación substitúen perfectamente o que é o Parlamento de Galicia. Pero entra dentro da súa propia práctica e da práctica do Goberno ó que vostede pertence: vostedes falan para os medios de comunicación nunha actitude propagandística, nunha actitude de desfigurala realidade sempre que poden.

Pero vostede sabe que onde hai que falar de política, onde hai que falar do país, é no Parlamento de Galicia. E este deputado, ademais, ten a responsabili-

dade de reclamar de vostede que avalíe no Parlamento de Galicia un programa como é o Plan Galicia, como é un plan que está dotado economicamente con preto de 2.000 millóns de pesetas. Diso hai que dar conta aquí, señor conselleiro.

É certo que vostede fai un relatorio na súa intervención —por certo, coñecía o texto, ou, polo menos, boa parte do texto—que parece máis ben un informe dun xefe de servizo que o dun conselleiro que é un responsable político dun goberno deste país. É dicir, a vostede débelle entrar na cabeza que é o conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura da Xunta de Galicia, do Goberno de Galicia. E aquí hai que vir falar de política e non dun relatorio de historias que non veñen ó caso. Eu aquí veño falar de política porque son un político.

Vostede le o relatorio e leo mal. Leuno con escasa pasión, parece que vén saír do trámite como pode. Non é así, vostede tiña que dar conta clara, avaliar con claridade cál é o resultado do Plan Galicia. E o que nos fai é un cántico ó bo facer da Xunta de Galicia. Non podía ser doutro xeito, é o seu estilo, é o estilo do Goberno ó que vostede pertence; todo perfecto, todo ó estilo do Partido Popular: non existen erros, non existen problemas, non existen dificultades.

Mire, señor conselleiro, vostede sabe, posiblemente mellor ca min, que no Plan Galicia hai moitos problemas, hai moitas dificultades e hai moitos erros. Hai moito que corrixir. O Plan Galicia ten múltiples dificultades tecnolóxicas, organizativas —non se avanzou nese sentido— e comerciais. Non se avanzou nese sentido o máis mínimo. É lóxico que teña dificultades un plan que ten dificultades presupostarias para desenvolverse. Ten escaseza presupostaria e incapacidade de xestión.

Todo iso deriva de que non existe, señor conselleiro, señores do Goberno de Galicia, un verdadeiro compromiso da Xunta de Galicia co sector pesqueiro-marisqueiro. Non existe un verdadeiro compromiso co marisqueo a pé. É a realidade. Faltan recursos, falta rigor, sobra dilapidación.

O portavoz que me precedía no uso da palabra facía referencia a que os que paseamos polos peiraos de Galicia de vez en cando vemos cómo hai montañas de

ferro, e preguntamos ¿que son?, e resulta que son materiais do Plan Galicia que están alí tirados. Ben, pois resulta que iso custa cartos, e hai quen avalía iso en varios centos de millóns de pesetas. ¿Que pasa, señor conselleiro, señor Landín?, ¿que pasa co plan?

Mire, con claridade, o Grupo Parlamentario Socialista entende que este é un sector, o do marisqueo a pé, ou o do marisqueo, que factura máis de 5.000 millóns de pesetas, que precisa un compromiso claro e firme do Goberno de Galicia, e non hai ese compromiso claro e firme, non o hai. Certo que hai que dicir que o crédito dun goberno que lle dedica ó sector pesqueiro e marisqueiro en Galicia o 2% do seu presuposto, cando este sector significa en Galicia o 10% do produto interior bruto e significa o 12% do emprego... Mal o está facendo ese Goberno, señor Landín.

O Goberno de Galicia, con respecto ó sector pesqueiro, e en concreto, con respecto ó sector marisqueiro, fai deixación, non actúa, e o sector mantén posicións de cara á facturación máis en virtude e en función da súa capacidade interna, da súa forza endóxena, que das actuacións do Goberno do que vostede forma parte. Iso é unha realidade.

O señor conselleiro de Pesca e Marisqueo debía responder con concreción ás preguntas concretas que lle formulaba este deputado, ás preguntas concretas que lle formulaba o Grupo Parlamentario Socialista...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOURO GOYANES: ...e debía explicar —remato, señor presidente— con claridade e concreción —e non ler un relatorio preparado para un discurso do director xeral, pero non para un discurso do conselleiro de Agricultura— o da aceptación do plan. ¿Que problemas hai coa aceptación do plan? ¿Hai demanda ou non hai demanda? ¿Hai problemas culturais?, que os hai.

¿Que logros tecnolóxicos, señor Landín, puxemos enriba da mesa que contribuíran a resolver problemas? ¿Cal é o aumento de superficies de explotación?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOURO GOYANES: ¿Que logros nas melloras de produción? ¿Que logros organizativos? ¿O modelo organizativo que temos no sector marisqueiro válenos ou temos que falar doutros modelos organizativos? Porque existen problemas, señor Landín. Vostede é un home do sector, eu non. Pero existen problemas organizativos.

¿O modelo de comercialización que temos hoxe en día válenos ou haberá que posicionarse no mercado a través doutras fórmulas? Pois ben, señor Landín, faltan respostas, faltan, con claridade, unhas respostas e outras son, a todas luces, insatisfactorias.

Remato, señor presidente.

Sinxelamente, quero engadir, señor conselleiro, que, ante a insuficiencia da súa intervención, o Grupo Parlamentario Socialista, de acordo co Regulamento, anuncia unha iniciativa con propostas concretas, con propostas de impulso, pero con propostas de compromiso. Estamos dispostos a comprometermos co Goberno de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate xa, por favor.

O señor LOURO GOYANES: ... para comprometermos co sector pesqueiro e marisqueiro, se este Goberno ten a vocación, se este Goberno ten a disposición política, de impulsar con rigor e con seriedade accións que cambien a situación do sector pesqueiro e marisqueiro.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Louro.

Ten a palabra o señor Landín Jaráiz, conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, na rolda de réplica.

O señor CONSELLEIRO DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA (Landín Jaráiz): Si, señor presidente, señorías, desde logo, non sei se a frase que repetiu vostede ou que dixo vostede ó escomenzar a falar a dixen eu. Eu entendo que non dixen que carecese de sentido a miña comparecencia aquí. Evidentemente, sei absolutamente de sobra que onde hai que falar é aquí. O que dixen é que as preguntas que facía vostede estaban contestadas publicamente

xa e que non tiña ningún inconveniente en repetilas publicamente, como fixen.

Desde logo, se me faltou paixón na miña lectura, ben, non lle digo que non, eu a paixón déixoa para outras cousas... (Risos.) Poden rir, pero podemos botar un campionato, se queren, ó mellor.

O que sinto é que vostede se sentise doído polas miñas verbas, cando dixeran que parecía remontarse a cando fixo a súa exposición catro, cinco ou seis anos antes. Pero é que é así, pero non o dixeran con mala intención en absoluto.

Desde logo, hai que recoñecer que vostede non coñece plenamente o sector. Evidentemente que está facendo esforzos por coñecelo, e eu apláudoo desde aquí. Pero entendo que o señor Trigo si que entendeu a miña intervención, e se vostede a tiña aí diante, como di, ou polo menos en boa parte, non sei cómo non foi capaz de interpreta-la avaliación que fixen do Plan Galicia, porque o señor Trigo entendeu as tres críticas que lle fixen eu e que están publicadas na prensa, ademais; é dicir, que non había que esforzarse demasiado. Porque o tema do sobredimensionamento do plan, o tema da falta de semente e o concepto de profesionalización erróneo, que son os tres grandes erros —imos chamarlles así— que se puideron cometer ou que houbo que corrixir, aí están.

Tema e presupostos. Vou dici-la cantidade: 549 millóns levou o Plan Galicia, e este ano están comprometidos, de aquí a fin de ano —esperemos chegar a el—, 715. É dicir, que estamos —entendo eu— no bo camiño de cumprir, señor Trigo, ese dato global que se daba.

Facía vostede referencia ós anuncios das rendas feitos polas distintas confrarías. A responsabilidade é delas, evidentemente, e eu volvo dicir outra vez máis que estou de acordo con vostede. Creo que pode haber un certo perigo na manifestación pública destes datos polo que poden representar, entre outras cousas, de presión para o aumento dese número de mariscadores. Estamos perfectamente de acordo. Voullo corrixir. A cantidade de mesas e de pochóns ós que vostede se refire non están dedicados exclusivamente á ostra. Non, non é así, non vaíamos falando por aí do que non é. Os cartos están pagados, pero todo o cultivo en sobreelevado que se fai da ameixa faise nesas

mesas e faise nesas pochóns, e iso non ten que ver coa profesionalización. Eu entendo a profesionalización doutra forma. Para min, cando se teñen uns coñecementos, cando se coñecen unhas técnicas, cando un vai a unha organización e se dá de alta na Seguridade Social, para min esa é unha persoa profesional, e listo. Entón, estámo-los dous de acordo e non hai diferenzas.

Tema de implementación. Eu leo as dúas últimas liñas, as tres últimas, con que rematei a miña intervención anterior; polo tanto, o incremento da produción que se deriva do Plan Galicia debe desembocar na autosuficiencia das organizacións como culminación do proceso de profesionalización do marisqueo a pé. Dixemos que nestes momentos a Administración ten que mollarse, ten que implementar e ten que facer que saia o sector adiante. No momento que sexa autosuficiente, evidentemente hai que retirar paulatinamente esas intervencións por parte da Administración, e iso estase producindo xa nalgunha das confrarías.

Desde logo, no tema das agrupacións, nós entendemos que, vía sección de produción, se pode artellar un sistema correcto de funcionamento, con independencia ou con autoxestión dentro da propia confraría, independentemente de que a titularidade a teña a propia confraría.

O tema dos PERMEX de Vilaxoán xa o falaremos a próxima semana.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Suspéndemo-la sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e cinco minutos da tarde.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf: (981) 56 16 00.

Impresión: La Voz de Galicia, S.A.

Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735